

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA DEZAOITO DE XULLO DE 2013.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **dezaeito de xullo de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 20 de xuño de 2013.**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2013.**
- 3. Aprobación inicial da modificación núm. 1 da ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería.**
- 4. Modificación das bases do orzamento do ano 2013.**
- 5. Modificación orzamentaria do orzamento de 2013.**
- 6. Proposición do BNG para a creación de axudas de material escolar destinadas ás familias que máis o precisen.**
- 7. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 8. Dar conta de Resolucións da Alcaldía, relativas á designación de secretario xeral do Pleno e á delegación de competencias relativas ao exercicio de potestade sancionadora.**
- 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 10. Rogos e preguntas.**
- 11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Inclúese antes de entrar no estudo dos asuntos da orde do día o seguinte asunto:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN DEFENSA DO POBO SAHARAUI

Intervén ao inicio o Sr. Alcalde, indicando que previo acordo da Xunta de voceiros decidiuse trasladar a sesión ordinaria do Pleno ao día de hoxe.

Don Francisco Reyes sinala que con respecto á convocatoria deste pleno existe un informe do Secretario que plantexa dúas cuestións, e a primeira é que queda fóra de toda

dúbida que no caso que nos ocupa non se cumpriu o prazo esixido pola lei para a convocatoria dunha sesión plenaria que non reviste o carácter de urxente. En segundo lugar, o informe fai unha cualificación dunha irregularidade con respecto á convocatoria do pleno. O día 16 de xullo houbo unha reunión da xunta de voceiros que non presidiu o sr. Alcalde, e por tanto non houbo oportunidade de coñecer cal foi o motivo para esta irregularidade á que se refire o señor secretario no seu informe.

Opón o Sr. Alcalde que xa se deu conta na xunta de voceiros das razóns que levaron a asinar tarde a convocatoria, por tanto opina que non hai que dar ningunha outra explicación.

Don Francisco Reyes, en referencia ao informe de secretaría, indica que as resolucións dun órgano colexiado que non se teña convocado legalmente poderían considerarse como actos nulos, de conformidade co que dispón o artigo 62 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, polo tanto a convocatoria si que podería supoñer un problema de cara á seguridade xurídica dos veciños. Por tanto, quere coñecer porque non se lles dou unha explicación exacta do motivo da irregularidade.

Pregunta o Sr. Alcalde se o Sr. Reyes espuxo a situación na xunta de voceiros, e diante da súa resposta afirmativa, o Sr. Currás di que non hai lugar a debate, e pregúntame a mín, secretario, se na xunta de voceiros o portavoz do partido socialista manifestou a súa conformidade a que o pleno tivera lugar no día de hoxe.

Interveño eu, Secretario, e indico que o resumo da reunión da xunta de voceiros foi o seguinte:

“Aberta a sesión pola señora Pardo Valdés, concelleira delegada do grupo municipal do Partido Popular, explícase que o obxecto da sesión é tratar de convalidar a convocatoria da sesión plenaria prevista para o día 18 de xullo de 2013, toda vez que a notificación da mesma foi realizada fóra de prazo. O señor Reyes Santiás, concelleiro-voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE comenta que a dúbida se suscita porque ao abeiro do disposto no artigo 62 da Lei 30/92, os acordos serían nulos de pleno dereito. Polo secretario coméntase que os feitos son os que acaba de expoñer o señor voceiro, e á vista destes feitos, polo señor secretario infórmase que ao seu xuízo quedaría automaticamente salvada se todos os concelleiros e concelleiras se dan por notificados e non alegan indefensión para examinar a documentación que obra no expediente, comprometéndose a realizar unha defensa xurídica vía ditame destas consideracións. Acórdase por unanimidade, encargar ao señor secretario un ditame sobre o particular, para que o mesmo forme parte do expediente da sesión a todos os efectos. De feito, indico que o citado ditame, do que os voceiros teñen copia, forma parte do expediente da sesión.

A seguir, o Sr. Alcalde pregúntame sobre a diferenza entre a convocatoria regular e irregular do pleno, e eu explico que a convocatoria foi asinada o lúns as dúas da tarde, enviada via correo electrónico as 2:19 por min, e notificada á primeira hora do martes día 16 pola mañán.

Di o Sr. Alcalde que estamos a falar dun lapso de tempo moi breve, e o que están a pretender os grupos da oposición é entorpecer a celebración dun pleno despois dunha xunta de voceiros na que os voceiros do Bloque e do PSOE manifestaron o seu acordo de celebrar a sesión.

Unha vez rematado o debate sobre esta cuestión, indica o Sr. Currás que hai unha declaración institucional conxunta dos tres grupos municipais, o popular, o socialista e o BNG, á que dou lectura, e que o Pleno da Corporación, antes de entrar no estudo dos asuntos que figuran na convocatoria da orde do día da sesión, aproba por unanimidade, co seguinte contido:

“Os grupo municipais do PP, PSOE e do BNG do Concello de Santiago de Compostela elevan ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Que o concello de Santiago de Compostela se adhira á “Declaración de Compostela”, aprobada o pasado 12 de xuño no Parlamento de Galicia, sendo consciente da responsabilidade histórica, legal e política que o Estado español ten coa situación no Sáhara Occidental e comprometido co respecto polos Dereitos Humanos.

Declaración de Compostela

O Parlamento de Galicia, consciente da responsabilidade histórica, legal e política que o Estado español ten coa situación no Sáhara Occidental (descolonización non culminada), realiza un chamamento ao Goberno do Estado español para que:

- Outorgue un status diplomático á Representación da Fronte Polisaria en España, como única e lexítima representante do pobo saharauí, así recoñecido pola ONU, como paso previo ao recoñecemento da RASD.
- Promova as iniciativas políticas necesarias dirixidas a acadar unha solución xusta e definitiva, en defensa do lexítimo dereito do pobo saharauí á súa autodeterminación, mediante un referendo libre e regular, onde se contemplan todas as opcións, como paso final ao proceso de descolonización inacabado.

- Esixa ao Reino de Marrocos o escrupuloso respecto polos Dereitos Humanos no territorio ocupado do Sáhara Occidental e o cesamento das vulneracións de dereitos que sofre a poboación saharauí.
- Traballe activamente, dentro da Unión Europea, para que a MINURSO vexa ampliadas as súas funcións tamén á vixilancia do cumprimento dos dereitos humanos no Sahara Occidental.
- Intensifique a cooperación humanitaria coa poboación saharauí, tanto nos campamentos de refuxiados coma nos territorios ocupados.

Do mesmo modo, e coa máxima esixencia, o Parlamento de Galicia acorda:

- Esixir ao Reino de Marrocos a inmediata liberación dos presos políticos e de conciencia saharauís, así como a anulación dos xuízos levados a cabo polos seus tribunais contra os e as saharauís.
- Esixir ao Reino de Marrocos que poña fin ao expolio de recursos naturais no Sáhara Occidental.
- Esixir o desmantelamento do “muro da vergoña” construído no Sáhara Occidental e o cesamento da utilización de minas anti-persoas.
- Instar a Nacións Unidas a axilizar a solución xusta e duradeira do conflito do Sáhara Occidental, solución que pasa por levar á práctica o dereito de autodeterminación do pobo saharauí. E a que dote a Minurso da potestade para a salvagarda dos dereitos humanos da poboación saharauí no territorio ocupado. E esixir aos países do Consello de Seguridade que non obstaculicen a resolución do conflito.
- Facer unha especial mención á situación dramática de soidade e desarraigo das mulleres saharauís das zonas ocupadas -non coñecida de forma suficiente pola cidadanía e a comunidade internacional-, vítimas da violación dos dereitos humanos. En particular, as desaparecidas nos ditos territorios.
- Instar o conxunto de institucións públicas de España a continuar o apoio solidario e humanitario, reforzando a cooperación, tanto á poboación refuxiada nos campamentos de Tinduf como aos habitantes saharauís dos territorios ocupados.
- Instar a Unión Europea a colaborar na procura da solución antes apuntada e a facer efectiva a cláusula de respecto polos dereitos humanos establecida no Acordo Preferencial co Reino de Marrocos.

- Invitamos os medios de comunicación a que traten o conflito do Sáhara Occidental coa mesma importancia e relevancia que lle confire á sociedade española. E animamos a tantas persoas solidarias a que a través das redes sociais se difunda e denuncie a situación do Sáhara ocupado.

- Establecemos como prioridade para a acción dos Intergrupos neste ano 2013 o apoio á poboación saharauí dos territorios ocupados a través do envío de misións de observación.

Esta Declaración remitirase á representante do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, ao Goberno de España, ao Intergrupo sobre o Sáhara Occidental do Congreso dos Deputados, ao Intergrupo do Parlamento Europeo, á Comisión Europea, á Delegación da Fronte Polisaria en España e ao Goberno de Marrocos.

Así mesmo, enviarase copia ás organizacións saharauís de DD.HH. nos territorios ocupados e á Asociación de Dereitos Humanos marroquí.

Por último, a Corporación de Santiago de Compostela por unanimidade declara que se seguirá colaborando coa Asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharui apoiando as súas actividades tales como caravanas, vacacións en paz etc...)"

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xuño de 2013 (acta núm. 9/2013).

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2013.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2013 (acta núm. 10/2013).

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN NÚM. 1 DA ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA.

A proposta da concelleira-delegada de desenvolvemento urbano e sostible en relación co presente asunto, que leva data do día 10 deste mes, xustifica a conveniencia e oportunidade da modificación nos seguintes termos:

“PROPOSTA DE REFORMA DA ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade hostaleira é unha parte esencial da actividade económica dunha cidade que, como é o caso de Santiago de Compostela, ten no turismo unha das súas máis importantes fontes de riqueza e de xeración de emprego.

Dende sempre os negocios de hostalería completan os seus servizos coa instalación de terrazas para aproveitar o bo tempo e, no caso da cidade histórica, a beleza do entorno, o cal non é de ningún xeito un fenómeno exclusivo de Compostela, senón que é algo habitual en caseque toda-las cidades de Europa.

Por outra banda, a prohibición de fumar en lugares pechados provocou o curioso fenómeno de extender o uso da terraza a todo o ano, incluso nos meses de inverno, para o cal comenzaron a instalarse aparatos calefactores.

Non obstante, antes da aprobación da vixente ordenanza reguladora de terrazas a regulación deste tipo de actividades hostaleiras neste concello era moi deficiente. A norma reguladora limitábase a uns poucos artigos na ordenanza de uso da vía pública que non resolvían os moitos problemas que orixina o uso da vía pública cunha terraza de hostalería; así, por exemplo, non regulaba o caso das terrazas sitas nos solos privados; non preveía a posibilidade de instalar peches estables (algo frecuente noutras cidades ben próximas a Compostela e que constituía unha discriminación para os hostaleiros de Santiago con respecto aos de outras cidades españolas); non preveía a instalación de aparatos de calefacción, algo necesario e moi xeneralizado a causa do uso das terrazas para fumar en inverno; non se preveían medidas de uniformización e mellora do mobiliario das terrazas, algo fundamental nunha cidade co extraordinario conxunto histórico-artístico da cidade vella de Compostela, declarada Patrimonio da Humanidade; e non se contemplaba a posibilidade de instalar quioscos de hostalería en espazos ou parques públicos, e elo a pesar de que durante os últimos vinte anos se instalaron quioscos de hostalería na Granxa do Sexto ou no parque Eugenio Granell. Así mesmo, a disciplina de terrazas tamén estaba regulada de xeito moi deficiente.

Para resolver todos os problemas citados, e outros existentes nesta materia, o Pleno do Concello de Santiago aprobou na súa sesión ordinaria do 26 de abril de 2012 a nova ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería. Esta norma, actualmente vixente, tratou de resolver as deficiencias da anterior normativa e dar resposta as vellas demandas dos empresarios de hostalería pero sen esquecer a mellora das medidas de disciplina ou a estética destas instalacións de xeito que se atopen á altura que existe unha cidade histórica como é Santiago de Compostela.

Durante o ano de vixencia da nova ordenanza logrouse que as terrazas presenten un aspecto máis ordeado, unha mellora na estética de moitas delas (se ben hai que ter en conta as prórrogas concedidas para a substitución do vello mobiliario por outro acorde coa norma), unha mellora na delimitación do espazo ocupado polas terrazas e novas instalacións de quioscos, como a cafetería do parque da Alameda, xa adxudicada. Non obstante, durante este primeiro ano observáronse igualmente algúns aspectos que era preciso mellorar na regulación das terrazas, aspectos que foron obxecto de diversos decretos dictados al amparo da competencia que a disposición adicional terceira concede á Alcaldía (ou, no seu caso, ao concelleiro no que aquela delegue) para dictar disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da ordenanza.

Polo tanto, cando se cumpre o primeiro ano de vixencia da ordenanza, entendemos que é hora de acometer os pequenos axustes que a experiencia da súa aplicación aconsellan introducir no texto para mellorar a regulación dun sector de actividade tan importante para a cidade, e moito máis en tempo de crise e de aumento do desemprego, como é o das terrazas e quioscos de hostalería, para o cal proponse a reforma dos seguintes artigos, que quedarán redactados como segue:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 2. Tipos de instalacións autorizables

Para os efectos desta ordenanza, as instalacións autorizables defínense da seguinte forma:

1. Terrazas: son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais, ou de forma accesoria a un quiosco permanente. Estas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado.

Así mesmo poderán instalarse terrazas como actividade accesoria aos establecementos hoteleiros mesmo se non contan cunha licenza específica de establecemento de hostalería. Nos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados de edificios exclusivos de uso terciario, tales como hoteis, centros comerciais, centros culturais, etc, tamén poderán situarse nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores. En todos os casos só se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

2. Terrazas con pechamento estable: son terrazas pechadas no seu perímetro e cubertas mediante elementos desmontables que se encontran en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores, que desenvolvan a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais. Só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

Tamén poderán instalarse esta clase de terrazas nos establecementos aos que fai referencia o segundo párrafo do apartado primeiro deste artigo.

3. Quioscos permanentes: son os establecementos de carácter permanente de hostalería e restauración construídos con elementos arquitectónicos de natureza perdurable sobre solo de titularidade e uso público, podendo dispoñer da súa propia terraza. Poderán expenderse, tanto no seu interior como na súa terraza, bebidas e comidas nas mesmas condicións que nos establecementos de hostalería e restauración, previa obtención da preceptiva licenza municipal de apertura, que se tramitará a maiores da concesión pública.

Artigo 4. Autorizacións

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. O documento de autorización, o seu plano de detalle e as homologacións dos elementos instalados, ou unha fotocopia destas, deberán encontrarse a disposición dos funcionarios municipais e efectivos da Policía Municipal.

2. Esta autorización incluírá a licenza demanial de ocupación de terreos, cando sexan obxecto de ocupación terreos de titularidade pública, e a licenza urbanística no suposto de terrazas con pechamentos estables. Ademais dos anteriores será mester tramitar a licenza de apertura pertinente para os quioscos.

3. A autorización aprobada por órgano competente emitírase en modelo oficial, que deberá incluír, polo menos, as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa situación, o período de ocupación (de tempada ou anual), e o número total de mesas e cadeiras autorizadas. Nas terrazas con pechamento estable indicaranse ademais as súas características. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base á súa concesión, debidamente selado e rubricado polo técnico que realizou a proposta favorable e as homologacións dos elementos instalados.

4. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outra, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan as ditas circunstancias, sen que se xere dereito a indemnización ningunha. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

5. As autorizacións quedarán condicionadas á utilización ou reparación das bocas de rego, tapas e rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

6. As autorizacións concedidas outórganse sen prexuízo de terceiros e mantendo a salvo o dereito de propiedade.

7. As autorizacións habilitan aos titulares dos quioscos permanentes para a instalación e explotación directa, sen que poidan ser obxecto de arrendamento ou calquera forma de cesión a terceiros.

Artigo 6. Horarios

1. O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1 da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2 da madrugada os sábados (noites do venres ao sábado) e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será ás 2 e media da madrugada todos os días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 11.30 da noite entre semana e ata as 12.30 en sábados (noites do venres ao sábado) e domingos (noites do sábado ao domingo), podendo prorrogarse en época de festas.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo de tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual as que van desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.

2. O horario de funcionamento das terrazas con pechamentos estables será o mesmo fixado no apartado anterior.

3. Os quioscos permanentes terán o mesmo horario de funcionamento que os locais do grupo I do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais.

4. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante decreto da Alcaldía.

5. O horario recollido neste artigo refírese ao tempo de funcionamento das terrazas que se atopan ao aire libre ou dentro de pechamentos estables ubicados na vía pública, pero non se aplica ás mesas e cadeiras ubicadas no interior dos locais, en espazos abertos comunicados coas terrazas, e que terán o mesmo horario de apertura que teña o establecemento.

Artigo 9. Homologacións-publicidade

1. No ámbito de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, homolégase o mobiliario fabricado cos seguintes materiais: madeira, vimbia, ferro forxado e materiais que imiten aos anteriores cunha calidade acordo co entorno, prohibíndose materiais plásticos, aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais ou acabados metalizados brillantes.

Valoraranse proxectos individualizados, que pola singularidade e valor de conxunto que presenten, empreguen outros materiais que os recollidos no parágrafo anterior.

No que se refire ás cores, homológanse as cores orixinais dos materiais, así como o negro, o branco, o castaño, o marrón nas súas diferentes tonalidades, o verde compostela e o gris nas súas diferentes tonalidades.

As formas do mobiliario serán acordes co entorno.

2. Fóra do ámbito de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, admítense os anteriores materiais, engadíndose outros novedosos que pola súa singularidade aporten valor ao proxecto presentado, sempre que estes teñan unha calidade adecuada co entorno, prohibíndose aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais ou acabados metalizados brillantes.

Valoraranse proxectos individualizados, que pola singularidade e valor de conxunto que presenten, empreguen outros materiais que os recollidos no parágrafo anterior.

Con respecto ás cores, evítanse as tonalidades excesivamente rechamantes.

3. Prohíbese a publicidade visible desde o exterior da terraza nos elementos de mobiliario instalados nelas ou nos seus elementos fixos, permitíndose a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos e antucas. Pode colocarse publicidade que só sexa visible desde o interior da terraza nos seus elementos ou en pantallas de televisión.

4. No caso dos quioscos permanentes poderanse instalar rótulos nas condicións establecidas para a súa instalación nas fachadas de establecementos, na normativa de aplicación.

Artigo 10. Condicións de uso das instalacións

1. Os titulares das autorizacións ou concesións deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para este fin, estarán obrigados a dispor dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos.

2. Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou amorear produtos, materiais ou residuos propios da actividade xunto ás terrazas nin fóra da instalación dos pechamentos estables de terrazas, nin dos quioscos permanentes.

3. O espacio autorizado á terraza deberá estar sempre ben delimitado, tanto por paredes ou outros elementos arquitectónicos xa existentes, como por pechamentos móbiles que cumpran esta función. Darase preferencia ao emprego de xardineiras e elementos vexetais para a delimitación das terrazas, para o cal poderanse empregar xardineiras de materiais plásticos e lixeiros, se ben coidarase a estética e o deseño destes elementos de mobiliario. Tamén se poderán empregar peches de madeira con forma de balaustrada, tanto cando as mesas e cadeiras se atopen sobre o chan como nos casos nos que se atopen sobre unha tarima.

Artigo 13. Fianza

1. Nos casos nos que os técnicos do Concello o estimen necesario para responder de posibles danos en bens e servizos público, será precisa a constitución dunha garantía para responder das posibles deterioracións que se poidan causar ao dominio público e ás súas instalacións.

2. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do solo ocupado.

TÍTULO I Terrazas

Capítulo 1

Condicions técnicas para a instalación

Artigo 14. Restricións pola actividade á que se adscriba

1. Concederáse autorización para a instalación de terrazas cando sexan accesorias a un establecemento principal dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais, ou a un quiosco permanente.

2. Así mesmo poderán instalarse terrazas como actividade accesoria aos establecementos hoteleiros mesmo se non contan cunha licenza específica de establecemento de hostalería, así como en edificios exclusivos de uso terciario como centros comerciais, centros culturais, etc. Aos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados en edificios exclusivos de uso terciario poderáselles autorizar igualmente a instalación de terraza tanto nos espazos libres de parcela de titularidade privada como nos patios interiores privados.

Artigo 15. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza

1. As terrazas que pretendan instalarse en solo de titularidade e uso público deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Con carácter xeral, a largura libre de paso non poderá ser inferior a un metro oitenta, respectándose un itinerario de forma continua, evitando quebras ao longo dunha liña de quinceiro.

b) Algunha das fachadas do establecemento deberá dar fronte ao espazo proxectado para a instalación da terraza excepto no ámbito do Plan Especial 1 ou en espazos peonís.

2. Cando o grao de inclinación da rúa o aconselle instaláranse tarimas sobre as que se ha situar o mobiliario da terraza. Estas tarimas serán de madeira tratada para ser instalada no exterior e axustaranse aos modelos homologados polo Concello. En ningún punto presentarán un desnivel con respecto á rúa que supere os 50 centímetros de alto polo que, se a inclinación da rúa obriga a iso, poderán ser graduais. Os biombos e elementos de seguridade estarán ancorados á tarima.

3. Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza, esta poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, aínda que soamente sexa en determinadas horas.

4. Cando a concentración de terrazas sobre unha praza ou espazo determinado poida supor a alteración do seu destino natural ou xerar un grave impacto medioambiental, as solicitudes de novas instalacións o as renovacións serán resoltas conxuntamente con anterioridade ao inicio do ano natural, establecéndose as condicións o restricións que se estimen adecuadas.

5. Non se autorizará a colocación nas terrazas de elementos fixos cando poidan obstaculizar o paso dos vehículos de emerxencias pola excesiva estreiteza da rúa.

Artigo 16. Modalidades de ocupación

A ocupación de solo de titularidade e uso público con terrazas axustarase ás seguintes modalidades e condicións:

1. Se a terraza se situase xunto á fachada do edificio, a súa lonxitude non poderá rebordar a porción desta ocupada polo establecemento.

2. Se a terraza se situase na liña de bordo da beirarrúa, a súa lonxitude poderá alcanzar a da fronte de fachada do edificio propio e dos lindantes.

3. Permitirase a implantación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña de bordo no mesmo tramo de beirarrúa sempre que se deixe un paso cunha largura dous metros como mínimo, que poderá ser ampliado se así o consideran conveniente os técnicos municipais.

4. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza, cada un poderá ocupar a lonxitude da fronte da súa fachada, repartíndose o resto da lonxitude da fachada propia e a dos dous lindeiros a partes iguais. Neste caso, manterase entre elas unha separación mínima de 0,50 metros, que se repartirá entre as dúas terrazas.

No caso de que se abra un novo establecemento de hostalería e que a súa fachada estea ocupada, en todo ou en parte, por unha terraza autorizada anteriormente a outro establecemento lindante, ambos establecementos deberán suxeitarse ao previsto no parágrafo anterior cando se proceda á renovación do permiso de terraza xa autorizada.

A distancia dos elementos de mobiliario urbano ao bordo da beirarrúa será, como mínimo, de 0,50 metros, distancia que se poderá reducir ou eliminar cando haxa unha barreira de protección.

5. A terraza poderá situarse acaroadada á fachada do establecemento ou estar separada desta ata un máximo de vinte metros. No primeiro caso, a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta con autorización dos

propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza. Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poida verse afectada a visibilidade ou o acceso a un local comercial. Non se requerirá a autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.

6. O largo das terrazas obterase de acordo co artigo 15. Se os establecementos se encontraran enfrontados, o largo ocupado por ambas non superará os valores indicados no citado artigo.

7. Cando a terraza esté separada do establecemento poderá colocarse unha instalación de apoio. Este elemento de apoio ten carácter de instalación auxiliar para facilitar o desenvolvemento da actividade. Servirá exclusivamente de soporte aos elementos de enxoval e aos produtos destinados ao consumo na terraza. Non poderá utilizarse como barra de servizo, para realizar funcións de cociñado, elaboración ou manipulación de alimentos, nin dedicarse a ningún outro uso que desvirtúe o seu carácter estritamente auxiliar. A instalación será empregada unicamente por camareiros e persoal da terraza e non se permitirá atender desde ela ao público en xeral. En calquer caso, poderase prohibir a instalación deste elemento de apoio por razón estéticas ou se pode entorpecer a circulación.

As dimensións máximas da instalación serán de 2,50 metros de longo por 0,50 metros de largo, non podendo superarse en ningún punto 1 metro de altura; admitirase a instalación de teito cunha cota máxima respecto ao solo de 2,50 metros e sen pechamentos laterais por encima da súa altura máxima.

Non se autorizará en ningún caso a colocación de equipos de son nin de elementos ornamentais de calquera índole.

Non poderá dispor de equipos de lavado mecánico, vertedoiro con sistema de acción non manual, billas para a dispensación de bebidas e equipos de conservación de produtos.

Queda prohibida a almacenaxe de elementos fóra da instalación de apoio.

8. As terrazas poderán instalarse en zonas da calzada da vía pública sempre que se cumpran os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns.

En caso de colocación de terraza en zonas de estacionamento situadas a distinto nivel da beirarrúa, e salvo que circunstancias obxectivas de calquera índole o impidan,

colocarase unha tarima debidamente sinalizada e que cumpra requisitos de accesibilidade.

En todo caso haberá que preservar as zonas de paso de peóns.

Procederase a denegar o permiso de instalación da terraza nos casos nos que as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen.

Artigo 17. Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario

Os elementos de mobiliario urbano que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:

1. Non poderán colocarse en solo de titularidade e uso público mobiliario elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

2. O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de $1,60 \times 1,60$ metros.

3. Autorizaranse tamén os seguintes módulos:

A) Unha mesa e dúas cadeiras de $1,60 \times 0,80$ metros, que pode reducirse a $1,60 \times 0,60$ cando a estreitura do espazo o aconselle sempre que se deixe libre o paso mínimo para peóns de 1,80 metros.

B) Un módulo de $1,20 \times 1,80$ cunha mesa rectangular e catro cadeiras, con dous cadeiras a cada lado longo da mesa.

C) Unha mesa alta con catro banquetas, de $1,20 \times 1,20$ metros cadrados. Poderá substituírse a mesa alta por un barril tradicional de madeira e aros de forxa.

D) Unha mesa alta con dous banquetas, de $1,20 \times 0,60$.

4. As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso dos camareiros ás mesas. Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

5. No ámbito do Plan especial 1, de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1) instalaranse os toldos de acordo co previsto neste plan. Fóra do ámbito do PE-1, os toldos serán de material téxtil, lisos e de cores acordes coa contorna urbana e terán sempre posibilidade de seren recollidos mediante fácil manobra. Queda prohibido o pechamento das superficies verticais do seu perímetro. En todo caso, os toldos deberán cumprir o disposto no artigo 126. 7 do PXOM.

6. Admítese a colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as faldras de toldos e antucas.

7. Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais dos predios nin dificultar as manobras de entrada ou saída nas pasaxes permanentes. Cando a terraza se coloque acaroadada á fachada deberán deixarse libres, cando menos, 0,50 metros desde as couzoeiras das portas. Nestes espazos non poderá colocarse tampouco mobiliario accesorio.

Non obstante, pode non deixarse esta distancia de 0,50 metros sempre que a comunidade de propietarios afectada autorice que non se deixe esta distancia ata o seu portal.

8. Cando se dispoña de instalación eléctrica de alumeado para a terraza, esta deberá reunir as condicións que o Regulamento electrotécnico de baixa tensión establece para instalacións en locais mollados. Os condutos quedarán fóra do alcance de calquera persoa e non poderán discorrer polas beirarrúas nin utilizar as árbores ou o mobiliario urbano como soporte. En ningún caso os focos poderán cegar ou producir outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade.

9. Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de características análogas. Tampouco se instalarán barras fixas na fachada dos establecementos.

10. A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fose preciso, os seguintes elementos:

a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.

b) As pasaxes de vehículos quedarán libres en todo o seu largo.

c) As saídas de emerxencia en todo o seu largo.

d) Respectarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de alumado que garanta a súa función e que permita os labores de mantemento.

11. Deberá garantirse o acceso a todos os servizos e equipamentos municipais e de compañías de servizos as vinte e catro horas do día.

12. O mobiliario deberá ser retirado da vía pública ao finalizar o horario de funcionamento do establecemento, agás o toldo e a tarima cando estean autorizados. En calquera caso, a tarima deberá ser retirada cando finalice o período de vixencia da autorización se esta é de tempada.

Durante o tempo comprendido entre a finalización do horario da terraza e o de funcionamento do establecemento, o titular da autorización deberá optar entre a retirada do mobiliario da vía pública ou a colocación en cada una das mesas autorizadas dun letreiro indicativo e visible, no que se especificará que a terraza non se atopa en servizo.

No caso de que o titular da autorización teña autorizado unha tarima, permitirase que o mobiliario permaneza na mesma ao finalizar o horario de funcionamento sempre que se atope debidamente amarrado para evitar actos de vandalismo. Durante o tempo comprendido entre a finalización do horario da terraza e o de funcionamento do establecemento, o titular da autorización deberá optar entre a retirada do mobiliario da vía pública ou a colocación en cada una das mesas autorizadas dun letreiro indicativo e visible, no que se especificará que a terraza non se atopa en servizo.

13. Cumprirase todo o indicado na normativa en materia de promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Artigo 18. Prohibición de equipos de son e actuacións amplificadas en directo

Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 00,00 horas da noite de maio a setembro, e ata as 23,00 horas durante o resto do ano. Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos ou a emisión de son nos espazos e instalacións da terraza.

Capítulo 2

Condições específicas para a instalación de terrazas con pechamentos estables

Artigo 20. Modalidades de ocupación

1. Condicións xerais dos pechamentos estables: só se permitirá un pechamento estable por local ou establecemento mais admitirase a implantación simultánea dunha terraza sen pechamento e doutra cun pechamento estable para un mesmo establecemento. A altura exterior máxima da estrutura será de 3 metros. No interior do pechamento a altura mínima será de 2,50 metros. Os pechamentos estables contarán cun cartel indicativo do aforo máximo.

2. Pechamentos estables acaroados á fachada: con carácter xeral, o pechamento instalarase acaroado a fachada principal do establecemento, en cuxo caso só poderá ocupar a lonxitude desta, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a distancia entre a parte inferior dos ocos da planta primeira e o pechamento non sexa inferior a 1,50 metros sempre que na planta primeira se sitúe unha vivenda allea ao titular do establecemento que instala a terraza.

b) Que as condicións de seguridade, tanto do inmovible como do contorno, non se vexan afectadas pola presenza da instalación.

c) A súa colocación no deberá dificultar a evacuación dos edificios ou locais onde se instale.

A disposición dos pechamentos será homoxénea ao longo de todo o tramo de beirarrúa.

3. Pechamentos estables separados das fachadas:

3.1. Pechamentos estables en beirarrúas: a lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza con pechamento estable nunha beirarrúa, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho da fronte da súa fachada repartíndose o resto do espazo de forma equitativa.

3.2. Pechamentos estables en espazos ou prazas peonís: en espazos ou prazas peonís, con carácter xeral, os pechamentos estables poderán manter unha separación máxima de dez metros con respecto á fachada do establecemento. A lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. O largo das instalacións obterase de acordo co exposto no artigo seguinte. A disposición dos pechamentos nos espazos peonís deberá ser homoxénea.

4. Os establecementos situados nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores tamén poderán instalar pechamentos estables. No ámbito do Plan especial 1 só poderán autorizarse aqueles pechamentos que autorice a Comisión Asesora do Patrimonio Histórico, que poderá denegar o permiso por razóns estéticas ou de cumprimento da normativa específica deste ámbito.

Artigo 23. Prohibición de equipos de son e actuacións amplificadas en directo.

As actuacións nestas terrazas serán ata as 00,00 horas da noite entre os meses de maio a setembro, e ata as 23,00 o resto do ano. Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos ou a emisión de son no interior do pechamento estable.

Capítulo 3 Autorizacións

Sección primeira.- Disposicións xerais

Artigo 27. Vixencia e renovación das autorizacións

1. A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.
2. As autorizacións que se concederan para instalacións de terrazas renovaranse automaticamente se non se produce modificación ningunha e se ningunha das partes, Administración municipal ou titular, comunica, a súa vontade contraria á renovación.
3. A Administración municipal manifestará a súa vontade contraria á renovación nos seguintes supostos:
 - a) De se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria posteriores á entrada en vigor da presente Ordenanza.
 - b) De se apreciar un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.
 - c) Nos casos de falta de pagamento da taxa correspondente.
 - d) Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.

e) Cando a terraza poida supor molestia para os usuarios da vía pública ou para os servizos públicos.

4. Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia de dez anos. Finalizado o período de vixencia, poderá solicitarse unha nova autorización. No entanto, poderá ser revocada antes da finalización deste período por razóns de interese público e sen dereito a indemnización.

5. Dado que as autorizacións de ocupación de solo público con terrazas concédense en precario, poidendo ser revocadas en calquer intre, e non xeneran dereito a súa renovación automática sempre que razóns de interese público desaconsellan dita renovación, as terrazas de hostalería non constitúen unha ampliación dos locais de hostalería aos efectos do disposto no Decreto de Zonas Saturadas, polo que poderán autorizarse novas terrazas para locais ubicados en “zonas saturadas”.

Se prexuízo de anterior, e de conformidade con disposto neste artigo, deberá terse en conta o carácter especialmente sensible das “zonas saturadas” aos efectos de revogación das autorizacións no caso de que se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.

Igualmente, poderase fixar un horario distinto do establecido no artigo 6 desta Ordenanza para o funcionamento das terrazas ubicadas nas “zonas saturadas” cando así o aconselle o interese público ou a evitación de molestias.

Sección segunda.- Procedemento

Artigo 29. Documentación

1. As solicitudes de autorización que se presenten para a nova instalación dunha terraza ou para a modificación dunha xa concedida irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia da licenza de apertura do establecemento ou referencia ao seu expediente de concesión ou transmisión.

b) Plano de situación da terraza no que se reflecta a superficie a ocupar, largo de beirarrúa, distancia ás paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, quioscos, así como os elementos de mobiliario urbano existentes.

c) Plano de detalle con indicación de todos os elementos de mobiliario, así como a súa clase, número, dimensións, total de superficie a ocupar e colocación destes consonte determina o artigo 17.

d) Autoliquidación da taxa correspondente.

2. No caso de terrazas situadas en solo de titularidade privada incluírse, ademais, como documentación específica:

a) Acreditación da propiedade ou título xurídico que habilite para a utilización privativa do espazo.

b) Autoliquidación da taxa correspondente.

3. Nas terrazas con pechamentos estables ou con elementos permanentes, como tarimas, mamparas, peches, etc, incluírse, ademais, como documentación específica:

a) Memoria técnica detallando:

- As características das súas instalacións.
- Superficie que se vai ocupar e elementos instalados no interior do pechamento.
- Planos nos que se indiquen de forma inequívoca as dimensións, seccións, andares, alzados laterais, frontal e posterior.
- Sistemas de ancoraxe dos elementos ao pavimento.

b) Certificación do técnico facultativo habilitado legalmente, visada polo colexio profesional correspondente, acerca da suficiencia da súa estabilidade estrutural e da adecuación das súas condicións de prevención e extinción de incendios, evacuación, estabilidade e reacción ao lume.

d) Documento acreditativo da constitución dunha garantía para a reposición do pavimento público ao estado anterior á instalación do pechamento. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do espazo ocupado.

e) Orzamento de instalación.

f) Contrato de mantemento e revisión dos extintores e do alumeado de emerxencia e sinalización con empresa autorizada.

4. Nas solicitudes de renovación das autorizacións concedidas no período de funcionamento precedente que impliquen modificacións puntuais soamente será preciso presentar a documentación que describa a modificación.

TÍTULO II

Quioscos permanentes

Capítulo 1. Disposicións xerais

Artigo 31. Posibilidade de creación de quioscos permanentes.

O Concello poderá aprobar a instalación dun quiosco permanente cando pretenda dinamizar un espazo público.

TÍTULO III

Réxime disciplinario e sancionador

Capítulo 2

Infraccións e sancións

Artigo 42. Clasificación das infraccións

As infraccións desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

- a) A falta de ornato ou limpeza da instalación ou da súa contorna.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de 1 hora.
- c) Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- e) O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

- a) A comisión de tres faltas leves ao cabo de 1 ano cando así se declarase por resolución firme.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora.
- c) A instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.

- d) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento e en menos do 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- e) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- f) A carencia do seguro obrigatorio.
- g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas ou fóra do horario ao que se limitaran nos quioscos que os teñan autorizados.
- h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.
- i) A non presentación do documento de autorización e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- l) O incumprimento da obriga de retirar ou recoller e amontoar o mobiliario da terraza ao finalizar o seu horario de funcionamento de acordo co establecido nesta ordenanza.

3. Son infraccións moi graves:

- a) A instalación de terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado.
- b) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75 por cento.
- c) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
- d) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
- e) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

DISPOSICIÓN FINAL

Publicación, entrada en vigor e comunicación

Esta ordenanza entrará en vigor aos quince días seguintes á data da publicación no BOP, unha vez aprobada definitivamente.”

A proposta transcrita foi obxecto dos seguintes informes:

- Do xefe do servizo da Oficina do Casco Histórico, do día 9 de xullo de 2013.
- Do Sr. Interventor de fondos municipais, do día 10 de xullo de 2012, que indica a necesidade de engadir un apartado terceiro ó artigo 13, coa indicación de que as fianzas se constituirán na Caixa da Corporación.
- Da secretaría xeral do Pleno-Dirección da asesoría xurídica, tamén do día 10 de xullo, sobre o procedemento para a aprobación da modificación proposta.

Figura no expediente o acordo adoptado pola Xunta de Goberno con data do 11 de xullo, aprobatorio do proxecto de modificación.

Na sesión da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, celebrada o día 15 deste mes, ditaminouse a modificación proposta introducindo un cambio que afecta ó artigo 6, que se propón manter na súa redacción inicial, sen a alteración que figuraba inicialmente na proposta da concelleira.

Dona María Pardo Valdés inicia o debate deste punto, e sinala que cando se cumpre o primeiro ano de vixencia da ordenanza é hora de atacar uns pequenos axustes que a experiencia da súa aplicación aconsella introducir no texto, para mellorar a regulación dun sector de actividade tan importante para a cidade, e moito máis en tempo de crise e de aumento do desemprego, como é o das terrazas e quioscos de hostalería, para o cal se propón a reforma dos seguintes artigos que quedarán redactados como segue:

“Artigo 2. Tipos de instalacións autorizables.

Poderán autorizarse terrazas como actividade accesoria aos establecementos hoteleiros, incluso se non contan cunha licenza específica de establecemento de hostalería.

Artigo 4. Autorizacións.

Simplifícase a documentación que se precisa para obter un permiso de terraza, en concreto, se suprime a esixencia de planos a escala, e se permite que o seguro de responsabilidade civil se aporte unha vez obtida a autorización e non previamente.

Artigo 9. Homologacións e publicidade.

Inclúense no texto da ordenanza os materiais que se homologan e as cores, prohibíndose materiais plásticos, aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais, ou acabados metalizados brillantes na zona vella, na que se permiten as seguintes cores: as cores orixinarias dos materiais, así como o negro, blanco, castaño, marrón nas súas diferentes tonalidades, o verde Compostela e o gris nas súas diferentes tonalidades. No resto de zonas da cidade tamén se prohibe o acero inoxidable e o aluminio, aínda que se permiten máis cores e deseños modernos e outros materiais.

Artigo 10. Condicións de uso das instalacións.

No seu punto 3 establece que con respecto á delimitación das terrazas serán utilizados elementos como xardineiras de materiais plásticos e lixeiros, se ben se coidará a estética e o deseño destes elementos do mobiliario. Tamén se poderán empregar peches de madeira con forma de balaustrada.

Artigo 15. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza.

Se dan máis facilidades para a instalación das terrazas, que poden estar separadas ata 20 metros da fachada de local e que poderán superar a fachada do mesmo. O permiso dun propietario dun local comercial veciño é preciso só cando poida verse afectado, pero non se precisa permiso das comunidades de veciños ou propietarios de edificios residenciais.

Artigo 17. Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario.

No punto 3 modifícanse e amplíanse os módulos autorizados para adaptarse mellor ás vías estreitas, e así quedan unha mesa e dúas sillas de 1.60 x 0.80, que poden reducirse a 1.60 x 0.60 cando a estreiteza do espazo o aconselle, sempre que se deixe libre o paso mínimo para peóns de 1.80 metros. Tamén pode consistir nun módulo de 1.20 x 1.80 cunha mesa rectangular e catro cadeiras, con dúas cadeiras a cada lado da mesa, ou unha mesa alta con catro banquetas de 1.20 x 1.20 metros cadrados, mesa alta que poderá substituírse por un barril tradicional de madeira e aros de forxa, e por último, pode consistir en mesa alta con dúas banquetas de 1.20 x 0.60.

Artigo 15. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza.

Pode non deixarse a distancia de 0.50 metros ás portas de vivendas sempre que o autoricen os veciños, e o mobiliario da terraza poderá permanecer nela cando finalice o horario de terraza e ata que peche o establecemento, momento no cal deberá gardarse no mesmo.

Artigo 16. Modalidades de ocupación.

A distancia entre a planta inferior dos ocos da planta primeira e o cerramento só terá que ser superior a 1.50 metros sempre que na planta primeira se sitúe unha vivenda allea ao titular do establecemento que instale a terraza.

Engádesse por outra banda un novo parágrafo ao artigo 27, que establece que as terrazas non constitúen unha ampliación dos locais de hostalería, aos efectos do disposto no Decreto de zonas saturadas, polo que poderán autorizarse novas terrazas para locais ubicados en zonas saturadas sen prexuízo da posibilidade de denegar o permiso cando existan antecedentes por ruídos ou molestias, e de revogalos nas mesmas circunstancias.

Neste sentido, hai que ter en conta que as autorizacións de ocupación de solo público con terrazas se conceden en precario, poden ser revogadas en calquera momento e non xeran dereito a súa renovación, tendo un horario inferior ao do local, pois sería inxusto consideralas como ampliación da actividade a estes efectos.

Don Rubén Cela, que intervén agora, avanza que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra desta modificación da ordenanza por dous motivos: en primeiro lugar, polo procedemento seguido na súa tramitación, e en segundo, polo seu contido global e das súas modificacións.

Con respecto á tramitación, indica que a ordenanza vixente xa nacera mal no seu día, e o BNG xa denunciaba con ocasión da súa aprobación non só o feito de que non se tentara contar coa opinión dos grupos da oposición para a confección da mesma, senón tamén que se tramitara pola vía da urxencia, e que fora practicamente en moitos aspectos un calco doutras lexislacións que pouco tiñan que ver coa realidade de Compostela. Lamentablemente, o tempo e os feitos lle teñen dado a razón en moitos dos aspectos que advertía o seu grupo fai hoxe algo máis dun ano.

Pregunta o concelleiro qué aconteceu con aquela ordenanza que aprobou o grupo popular á presa e correndo, sen o consenso dos grupos políticos, nin do sector, varrendo coa súa maioría absoluta aportacións totalmente xustificadas como as plantexadas polo colexio de arquitectos, e a resposta é que hoxe, quince meses despois da súa aprobación, non vale nin ó goberno municipal.

Hoxe se presenta para a súa aprobación unha modificación da ordenanza que ven precedida nada máis e nada menos que de dez decretos modificativos en pouco máis dun ano de vixencia da mesma, decretos que en moitos casos non son precisamente interpretativos, senón claramente modificativos do espírito e das prescricións da ordenanza.

O goberno, se non o fixo ben coa aprobación da primeira ordenanza, segue sen facelo con toda esa morea de decretos, e hoxe volve a cometer os mesmos erros coa proposta que se somete á consideración do Pleno.

O BNG, di o concelleiro, marcou catro grandes liñas que debería cumprir a regulación das terrazas en Compostela:

En primeiro lugar, cómpre ter presente que a través dunha ordenanza deste tipo, o concello regula maioritariamente o uso de espazos públicos, e públicos significa que se está a definir o uso de espazos que pertencen ao conxunto dos veciños e veciñas de Santiago e non a ningunha empresa privada.

En segundo lugar, débese preservar o coidado estético da cidade, e a conservación do seu patrimonio, porque é a obriga moral da corporación a de coidar e pór en valor o rico legado que ten Santiago, e polo que é recoñecida non só como patrimonio da humanidade, senón tamén como unha referencia inexcusable a nivel internacional á hora de falar de protección e posta en valor do seu patrimonio, que por outra banda tamén é unha das principais fontes de riqueza desta cidade.

En terceiro lugar, tamén cómpre preservar o dereito dos veciños e das veciñas a descansar.

E, en cuarto lugar, e como comentaba a señora Pardo, non se deben crear novas dificultades a un sector como o da hostalería, que hoxe non atravesa o seu mellor momento, cun peso especialmente relevante na economía local, que ocupa a milleiros de persoas de xeito directo, e que ten un importante efecto de arrastre sobre outros sectores.

De todo o anterior, está claro que o único criterio ao que se lle fixo caso foi ao das demandas da hostalería, e para aseverar esta afirmación cómpre unha análise dos decretos aprobados que se incorporaron maioritariamente nesta nova ordenanza.

Explica así o Sr. Cela que o 2 de xullo de 2012 o goberno aproba un decreto para ampliar a gama de cores autorizados no mobiliario do ámbito do Plan Especial 1, para admitir tamén as cores grises nas súas diferentes tonalidades e o verde Compostela, ademais do que xa estaba contemplado, é dicir, o negro, branco, castaño e marrón nas súas diferentes modalidades.

Vinte días despois, o día 26 de xullo, o goberno aproba un novo decreto que contén unha ordenación diferente das terrazas na rúa da Raíña, na Praza de Fonseca, na Praciña do Franco e na Praciña da Travesa. No caso particular do Franco, reducindo o módulo tipo, a separación mínima de terrazas, e tamén a distancia ás portas das fachadas.

O 21 de agosto ve a luz un novo decreto a respecto de que cando os técnicos municipais entendan que non é posible a colocación de peches vexetais como xardiñeiras ou outro tipo de peches de madeira e non existan outros elementos que o delimiten como paredes ou muros, o concello colocaría uns fitos que deberían costear os propios interesados.

Menos dun mes despois, o 31 de outubro, nace un novo decreto sobre o horario das terrazas que non se atopan ao aire libre, e que terán o mesmo horario que o propio establecemento.

En marzo deste ano 2013 sacan un novo decreto, unha nova modificación sobre o tamaño dos módulos en rúas que non chegan a 2.5 metros de anchura, e inclúese a posibilidade de redución de 0.5 metros dende as couceiras das portas dos inmobles, sempre que a comunidade de propietarios afectada o autorice por escrito.

En abril deste ano xurden catro novos decretos, o primeiro para prorrogar o período de tempo para substituír o mobiliario co que contan os establecementos por outro homologado, o que xa fora solicitado polo BNG fai cousa dun ano; outro decreto máis sobre a retirada de mobiliario da vía pública ao finalizar o horario do funcionamento do establecemento, ou a colocación dun letreiro de terraza fóra de servizo; outro sobre os horarios se peche, que se amplían os sábados de abril, maio, xuño e setembro de dúas da madrugada as dúas e media, (debera clarexar a concelleira se é para o 2013 ou con carácter indefinido); outro decreto para aclarar a que se refire a expresión “propietarios extremeiros”, cando se facía referencia no artigo 16 da ordenanza a que cando se tratara de rúas e espazos peonís a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta coa autorización dos propietarios extremeiros. Comenta o Sr. Cela que neste caso se fixo unha interpretación máis que discutible, que é a de que faría falta autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros que poden verse afectados pola presenza diante do seu establecemento das mesas e cadeiras, pero non se require autorización das comunidades de propietarios de vivendas e fincas. Ademais disto, nese mesmo decreto establecíase unha vez máis un novo módulo de 1.60 x 1.60.

Por se non foran poucos estes catro decretos do mes de abril, o goberno volve á carga con outros dous no mes de maio.

O primeiro deles é referido aos criterios de homologación do mobiliario de terrazas, engadindo aínda maior arbitrariedade, en concreto ó falar no ámbito do casco histórico de que se valorarán proxectos individualizados que pola súa singularidade e valor conxunto empreguen outros materiais distintos dos establecidos, e fóra do ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da zona histórica admitindo os materiais desa zona histórica, máis outros novidosos que pola súa singularidade aporten valor ao proxecto presentado.

O segundo é un novo decreto para clarificar se os hoteis poden montar terrazas simplemente coa licenza do hotel ou non, para o que o goberno municipal decide fixar como criterio que os hoteis poderán dispor de terraza sempre que se atopen nun edificio exclusivo de uso terciario.

Despois de toda esta lista de decretos, calquera se podería facer unha pregunta, con toda a razón, de cómo están reguladas as terrazas en Santiago, porque as persoas interesadas non teñen acceso a estes decretos que o concelleiro acaba de comentar. Pregúntase o Sr. Cela como podían as persoas interesadas saber que a ordenanza aprobada, publicada e accesible na web municipal fora modificada ata en dez ocasións se tal aspecto non se facía constar a carón da mesma. Se algún valor ten a modificación que agora se propón é que a cidadanía poida coñecer a regulación a través dun único documento.

En definitiva, a ordenanza de terrazas aprobábase de xeito definitivo o 26 de abril de 2012, é dicir, fai quince meses, e neses quince meses o goberno aprobou dez decretos modificativos da mesma, o que pon de manifesto que a regulación inicial foi unha chapuza, e que se foi tomando nota das apreciacións dunha parte dos sectores implicados, o da hostalería, relativos á ampliación de horarios, modificación da tipoloxía dos módulos, das superficies de ocupación, á necesidade de planos, a cambios nos seguros de responsabilidade civil, etc.

En resumo, a ordenanza de terrazas, tal e como se denunciaba no seu día, foi unha chapuza que non garantía un uso correcto dos espazos públicos, nin tiña en conta as peculiaridades de Santiago de Compostela como cidade patrimonio da humanidade.

Unha situación dese tipo non se remedia con remendos chapuceiros en forma de decreto, nin cunha nova ordenanza que non corrixe as eivas da anterior, e que pola contra as acentúa.

Todos os cambios efectuados van nunha única dirección, que é a que marcan os hostaleiros, que lexítimamente aspiran a máis, pero a labor do goberno debe ser a de ponderar o interese xeral, o interese dos veciños directamente afectados e o dos hosteleiros, e regular pensando no mellor para o conxunto. O que non debemos perder nunca de vista é que os espazos públicos son dos cidadáns, non de ningunha empresa privada que lexítimamente queira explotalos, e aí é onde é fundamental o papel do concello para velar polo equilibrio entre os intereses xerais e os privados.

Esta ordenanza, máis que regular e ordenar, no que se centra é en liberalizar aínda máis o uso dos espazos públicos, e dá a impresión de que o fai á carta, e que aínda vai ser máis arbitraria e discrecional que a anterior, ate o punto de permitirlle ao goberno ir facendo o que lle pete en cada caso.

Engade o concelleiro ao anterior que imos contar cun documento de moi difícil supervisión, e que a ordenanza abre as portas á discrecionalidade na medida en que as denuncias de particulares poden suspender unha autorización.

A modo de conclusión, indica o concelleiro que de todos é sabido que foi tremendamente difícil chegar ao modelo de cidade que temos, e en moitos aspectos moi mellorable, sobre todo nos últimos tempos, pero no seu conxunto, dunha altísima calidade de vida, e niso tivo moito que ver o xeito de abordar o tratamento dos espazos públicos, das zonas verdes, do noso casco histórico ou da humanización de multitude de rúas. Hoxe resulta evidente que pode ser moi doado desandar o andado, como se veu coa nova regulación de publicidade, ou con esta segunda versión da ordenanza de terrazas, e ogallá non se teña que ver na modificación do Plan Especial da cidade histórica.

Dona Mercedes Rosón toma o uso da palabra, e lembra que o grupo municipal socialista votou en contra da aprobación da ordenanza que hoxe se modifica por estar en desacordo coa forma e co fondo da mesma. Entendían que si era necesaria, porque é unha ferramenta que os técnicos necesitaban para delimitar e poder outorgar correctamente sen ningún tipo de dúbidas, nin técnicas, nin xurídicas, as licenzas, pero o texto que entón se presentaba suscitaba moitísimos interrogantes, e un ano despois quedan claramente confirmados, no tocante fundamentalmente á protección do interese público para evitar que esas instalacións poidan xerar molestias ou inconvenientes á veciñanza. Cómpre protexer o noso non só dende o punto de vista urbanístico ou do interese histórico-patrimonial, senón tamén dende o punto de vista ambiental, porque tal e como está plantexada esta norma, en vez de ordenar, o que serve dalgunha maneira é para liberalizar e flexibilizar o uso do espazo público e privado.

As discrepancias do seu grupo coa ordenanza viñan porque lonxe de ordear, desordena, xa que a norma non garante o uso correcto do espazo público, e porque lonxe de atenuar a arbitrariedade e a inseguridade, dá moito marxe á discrecionalidade. Isto vese tamén moi claramente nesta modificación que hoxe se presenta, porque está concebida para outro tipo de escala de cidade. Como xa se aseverou con ocasión da aprobación inicial, repite a concelleira que esta ordenanza está copiada case integramente da de Madrid, pero sen ter en conta todas as particularidades de Santiago de Compostela, e o que non se pode facer é trasladar un documento a unha realidade que non é a mesma. As escalas non son as mesmas, as cidades non son as mesmas, o número de habitantes non é o mesmo, nin a paisaxe, nin o espazo urbano son equiparables. A ordenanza non respecta as singularidades dunha cidade patrimonio da humanidade, e isto tamén o reflicte a actual modificación, porque se abre a mán nos horarios para que estean en funcionamento ata as dúas e media, malia que o grupo popular leva anos falando do ruído e dos basureiros acústicos da cidade histórica. Lembra a sra. Rosón que no

documento inicial aprobado en xaneiro do ano 2012 reducíase o horario, pero despois casualmente unha das alegacións que se aceptaron no trámite de exposición pública foi a presentada pola asociación de hostalería para flexibilizar os horarios tal e como quedan agora. Á Sra. Rosón lle resulta moi revelador que no seu momento foran rexeitadas todas as outras alegacións que intentaban dalgunha maneira protexer e respectar o espazo e o interese público, alegacións do colexio de arquitectos de Galicia e doutros particulares.

Engade que ademais esta norma esixe a supervisión do seu cumprimento, o que non se está a levar a cabo, porque precisa de máis efectivos, e sobre de todo, de máis interese. Con esta ordenanza, o privado invade claramente o público, parcelando abusivamente os magníficos espazos públicos da nosa cidade. E hoxe, un ano despois da súa aprobación definitiva, que tivo lugar o 26 de abril de 2012, propónse esta modificación cun novo documento que recolle os dez decretos que ao longo deste tempo asinou a concelleira delegada para ir resolvendo temas varios.

Dende aquel día de abril, se asina unha semana despois, o 3 de maio de 2012, un decreto para a homologación do mobiliario; o 26 de xullo dese mesmo ano, un decreto sobre a ordenación de todo o ámbito entre o Franco e a Raíña; o 21 de agosto, tamén de 2012, un decreto para a delimitación das terrazas, o 30 de outubro, unha modificación do artigo 6 en tema de horarios, o 5 de marzo, xa de 2013, un decreto que modifica os tamaños das mesas, o 5 de abril, tal e como dicía o Sr. Rubén Cela, hai tres decretos asinados pola concelleira de urbanismo, ún que ten que ver outra vez cos horarios, outro coa prórroga para substitución do mobiliario, que é algo que xa pedira o grupo socialista con ocasión da aprobación definitiva da ordenanza, e o último relativo á retirada do mobiliario. O 25 de abril de 2013 dítase outro decreto con modificacións das medidas das mesas, e o 25 de maio, o último, ocúpase unha resolución das terrazas en hoteis en edificios de uso exclusivo terciario. Pensa a concelleira que é tremendamente difícil entender como se está a xestionar todo en xeral, e este tema en particular, nunha cidade na que os cidadáns estaban tentando cinxirse ao que estaba publicado, descoñecendo por completo o contido destes dez decretos.

Para a Sra. Rosón, esta modificación pon de manifesto que se teñen aprobado por decreto contidos propios da ordenanza, algo que é competencia clara do pleno, por ser aquela unha norma de carácter xeral, e pensa que estes decretos son ilegais, a pesar do que diga a Sra. Pardo.

Dende o primeiro momento, o Partido Socialista opúxose á maneira de facer as cousas que ten o Partido Popular, e neste tema das terrazas o goberno municipal ten deixado de lado todos os procesos garantistas, para facer arbitrariamente o que lle peta en cada momento e en cada sitio, e iso non é o xeito de gobernar. O Partido Socialista ten outro modo de entender os usos que hai que dar ao espazo público, aínda entendendo que

nalgúns lugares hai que ampliar os espazos públicos, especialmente despois da entrada en vigor da lei antitabaco, que malia o seu éxito, ten creado ao mesmo tempo a necesidade de máis espazo aberto para os locais.

O que non pode ser isto é a xustificación da arbitrariedade e do contínuo regateo entre hostaleiros e Concello. O Concello ten a responsabilidade de establecer criterios xerais negociados cos hostaleiros, que atendan ás necesidades deles, e que ao mesmo tempo preserven o uso público dos espazos. O Partido Popular, en vez de facer isto, aplica a máxima de Groucho Marx que di: “aquí teño os meus principios pero se non serven teño outros”, dictando decretos cun contido que axiña se muda polo contrario, e así ata case unha dúcia. O grupo popular ten instaurada a forma máis esperpéntica de xestión que ningún concello en Galicia ten realizado, neste tema e noutros. Para a concelleira, estes dez decretos demostran a fragilidade da normativa e o pouco pensada e negociada que estaba, e deixan claro que o grupo socialista non erraba no seu día cando criticaba que esa nova ordenanza tiña enormes carencias.

Non se pode gobernar un Concello a base de decretos específicos para cada caso, pois os decretos son o mellor instrumento para os chanchullos, e a mellor forma que teñen algúns de escapar das normas xerais, e o seu uso abusivo, como neste caso, debilita enormemente a democracia municipal.

Os cidadáns teñen dereito a disfrutar das terrazas, os hostaleiros necesitan de todo o apoio que o concello poida darlles, pero o concello ten a obriga de transmitirles aos cidadáns, a seguridade xurídica e a igualdade ante a norma, pois non pode ser que fagamos un decreto para cada problema.

Por todo o dito, o voto do grupo municipal socialista é desfavorable á modificación da ordenanza.

Intervén a seguir Dona María Pardo Valdés, que di que non se pode negar a enorme importancia das terrazas de hostalería, pois en Santiago hai tantos establecementos como en Vigo e a Coruña xuntas, como consecuencia de que Compostela é o motor turístico de Galicia, a súa cidade máis coñecida e o seu símbolo no mundo, unha cidade declarada patrimonio da humanidade e meta do Camiño de Santiago.

En Santiago non é errado afirmar que o sector turístico é o motor económico da cidade, que move miles de postos de traballo, e tamén é unha importante fonte de ingresos para este concello. Por todo iso, chama a atención que no goberno bipartito do PSOE e o Bloque toda a regulación das terrazas quedase reducida a uns poucos artigos que non respondían ós pedimentos dos hostaleiros, nin á necesidade de regular estas actividades, que afectaban á estética urbana e ao tráfico das vías públicas. Isto non era Pontevedra, gobernada polo Bloque, pois Santiago estaba cheo de terrazas que invadían as vías

públicas, que estéticamente non gardaban ningunha relación coa característica de cidade patrimonio da humanidade. Ademais, estes poucos artigos non resolvían os moitos problemas que orixinaba o uso da vía pública cunha terraza de hostalería, así non se regulaba o caso das terrazas situadas en solos privados, non se prevía a instalación de aparatos de calefacción, algo necesario e moi xeralizado noutras cidades, nin se contemplaban medidas de uniformización e mellora do mobiliario, nin a posibilidade de instalar quioscos en espazos ou parques públicos, a pesar de que durante os últimos vinte anos se instalaran na Granxa do Sexto, ou no famoso parque Eugenio Granell, que o goberno anterior deixou sen servizo.

Di a concelleira que esta era a forma de actuar do grupo socialista e do Bloque Nacionalista Galego, e o mesmo pasaba coa ordenanza de rotulación e publicidade, que o goberno anterior non vía necesaria, o que daba lugar a rotulacións como as que vemos no Polígono do Tambre, totalmente fóra de ordenación e ilegais.

Así mesmo, a disciplina de terrazas estaba regulada de forma moi deficiente, e era frecuente atopar terrazas que invadían espazos de tránsito, mesas e sillas inadecuadas na zona vella, con total arbitrariedade no que se refería ás dimensións dos módulos, o que dou lugar a denuncias ante o Valedor do Pobo de moitos veciños. Non se contemplaba tampouco a posibilidade de colocar elementos de delimitación das terrazas, co cal a desorde xeral era evidente.

Para resolver todos estes problemas, no pleno do 26 de abril de 2012 se aproba a ordenanza reguladora de terrazas e quioscos de hostalería. Esta ordenanza, actualmente vixente, trata de resolver as deficiencias da anterior normativa e dá resposta ás vellas demandas dos empresarios, sen esquecer a mellora das medidas de disciplina, ou as técnicas estéticas das instalacións, de modo que se atopa á altura do que existe unha cidade histórica como é Santiago de Compostela. Lembra a concelleira que a ordenanza foi copiada en moitos pobos dos arredores e en cidades como Coruña.

Prosegue a súa intervención indicando que durante o ano de vixencia da nova ordenanza logrouse que as terrazas presenten un aspecto máis ordenado, unha mellora na estética de moitas delas, e a pesar das prorrogas concedidas para o cambio de mobiliario os hostaleiros están encantados de facelo e do resultado final acadado. Tamén trouxo consigo a regulación unha mellora na delimitación do espazo ocupado, e novas instalacións de quioscos, como a futura cafetería do Parque da Alameda. Agora hai máis terrazas que antes e dotadas dun mobiliario de cores máis agradables, sen tanto aluminio. Incluso existen solicitudes para facer terrazas cubertas como as que se poden ver en Oviedo ou na Coruña, e todo iso a pesar das dificultades da crise que teñen os hostaleiros para investir no custo que requiren estas instalacións.

Non obstante, durante o primeiro ano observáronse algúns aspectos que era preciso mellorar na regulación de terrazas. Así, púxose en marcha a nova normativa, e aprobáronse unha serie de decretos que xurden como consecuencia de escoitar aos cidadáns, cousa que non facía o goberno anterior, e así temos o resultado de que a depuradora siga na Silvouta a pesar da total oposición dos veciños. A ordenanza púxose en marcha, modificouse no necesario porque o pediron os veciños, e é moito máis restritiva en canto a horario que a regulación anterior.

Don Rubén Cela intervéñ de novo, e indica que é moi significativo que nun período de quince meses pasen por este pleno dúas propostas de ordenanza, unha regulación que se aprobou pola vía de urxencia a presa e correndo, sen diálogo coa oposición, sen dialogo co sector, pasando o rodillo no período de alegacións, a determinadas alegacións, novamente do sector da hostalería. É evidente que as cousas non se fixeron ben fai quince meses.

A concelleira fixo na súa intervención referencia a que non existía regulación específica, pero iso non quere dicir, nin moito menos, que non estiveran reguladas as terrazas en Santiago de Compostela. Ninguén nega o papel da hostalería en Santiago, que hoxe representa entorno ao 25-30% do produto interior bruto da nosa cidade, que en función das épocas aglutina incluso máis de 3000 postos de traballo, que ten un elemento de arrastre noutros sectores da actividade importantísimo, e ninguén discute que o sector da hostalería é un sector importante, e que nun contexto de crise, o último que habería que facer é pór paus nas rodas a un sector que xa non está ben nestes momentos. Sen embargo, outra cousa é sacar dez decretos e unha ordenanza que o único que recolle son aspectos para mellorar as condicións dese sector en detrimento doutros implicados, como son o conxunto dos veciños.

Polo aumento dos horarios evidentemente quen estará contento será o propio sector da hostalería, pois agora se volve a subir eses sábados de non temporada alta de dúas da madrugada a dúas e media da madrugada.

No tocante á tipoloxía de módulos, sucede o mesmo, pois se contempla maior superficie de ocupación en determinados sitios, e maior flexibilidade nos requirimentos para a solicitude.

A Sra. Pardo, dí o concelleiro, tamén facía referencia a cuestións que hoxe se regulan e anteriormente non, pero é que evidentemente hai determinados aspectos que o BNG entende que son un paso atrás, como por exemplo o modelo de pechamentos estables, que existen noutras cidades e que precisamente non son o modelo a seguir.

Tamén facía referencia a concelleira ao cambio de mobiliario, pero todos os hosteleiros cos que ten falado o Sr. Cela non están precisamente satisfeitos nin coa aplicación da

ordenanza, nin precisamente cos prazos, absolutamente insuficientes, como xa se puxo de manifesto no seu día a través das oportunas alegacións.

Para rematar, di o concelleiro que á marxe de como se levou a tramitación da norma, e á marxe de coincidir co comentado pola Sra. Rosón sobre a competencia para a aprobación de determinadas modificacións, que debera residenciarse no Pleno, a nota máis importante desta reforma é que vai dar pé a unha ordenanza aínda máis arbitraria e máis discrecional, resultando tocadas a seguridade xurídica e a igualdade de condicións para o conxunto dos veciños e veciñas e para os usuarios das terrazas.

Novamente fala Dona Mercedes Rosón, que di que o seu grupo é plenamente consciente do importantísimo valor e do gran atractivo que teñen para todas as cidades as terrazas, dende o punto de vista turístico, de ocio, e social, pois son espazos de encontro e relación. Tamén son sabedores e defenden incansablemente o importantísimo peso que ten para a nosa cidade o sector da hostalería, que sen dúbida algunha é nestes momentos ún dos maiores motores económicos de Santiago de Compostela. Coa entrada en vigor da lei antitabaco fai escasamente dous anos e medio, había que elaborar un regulamento que permitira ordear todo o tema das terrazas e quioscos e elementos nos espazos públicos. Lembra a concelleira que nestes últimos cinco ou seis anos fíxose un esforzo enorme por intervir en diferentes ámbitos da nosa cidade para humanizala e reurbanizala, tanto no ensanche como no casco histórico, cunha vontade clarísima de conquistar un espazo público para disfrute de todos os cidadáns, que agora o goberno municipal, con esta ordenanza e as súas modificacións, axuda clara e abusivamente a privatizar. Na actualidade, o nivel de desorde na cidade histórica é alarmante dende a perspectiva da ocupación de espazos públicos a través das terrazas, como do control e xestión da ordenanza de publicidade. Indica seguidamente a concelleira que por suposto que con anterioridade estaba regulado o uso da vía pública, a través do Plan Especial e da ordenanza de ocupación da vía pública.

Invita a Sra. Rosón a pasear pola travesía do Franco, que coas novas dimensións que se permiten ós elementos das terrazas, tense convertido, entre o nivel de ocupación das mesas e as cadeiras da mesma e o fluxo constante de xente, en insoportable. En todo caso, di que o problema non se reduce a un tema estético, senon a unha cuestión de orde e de equilibrio, pois os espazos públicos dunha cidade de traza medieval como a nosa, existen un nivel de ocupación que non pode ser o actual.

Para a concelleira, a ordenanza supón un paso atrás, e representa un elemento que en vez de axudar a dar seguridade xurídica aos técnicos, lla quita. Espera que alomenos se de algo serve a modificación sexa para que estea todo escrito e todo xunto, porque nin siquiera á hora de transmitir polo goberno a relación dos decretos que a sra. Rosón pediu o outro día, foron quen de poñelos por orde.

En todo caso, polos motivos expostos con anterioridade, anuncia a concelleira que o voto do seu grupo vai ser desfavorable.

Para rematar o debate, intervén o Sr. Alcalde, que di que sempre pensou que o decreto era un instrumento legal para aclarar e para desenvolver a normativa, e acaba de anotar agora unha frase da señora Rosón que di textualmente: “que o decreto é o mellor instrumento para levar a cabo os chanchullos”, entón, á vista do número de decretos elaborados nos anos de goberno socialista, debéronse cometer moitos chanchullos.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de desenvolvemento urbano e sostible, vistos os informes aos que se fixo mención, e tendo en conta o ditame da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e 12 votos en contra dos concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, aprobar inicialmente a modificación puntual da ordenanza municipal reguladora das terrazas e quioscos de hostalería, que se someterá á información pública durante o prazo de trinta días soltos, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello, para que os interesados poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, entenderase definitivamente adoptado o acordo.

O texto da modificación da ordenanza, inicialmente aprobado, é o seguinte:

“Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería.

TÍTULO PRELIMINAR Disposicións xerais

Artigo 2. Tipos de instalacións autorizables

Para os efectos desta ordenanza, as instalacións autorizables defínense da seguinte forma:

1. Terrazas: son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de rúidos, vibracións e condicións de locais, ou de forma accesoria a un quiosco permanente. Estas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado.

Así mesmo poderán instalarse terrazas como actividade accesoria aos establecementos hoteleiros mesmo se non contan cunha licenza específica de establecemento de

hostalería. Nos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados de edificios exclusivos de uso terciario, tales como hoteis, centros comerciais, centros culturais, etc, tamén poderán situarse nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores. En todos os casos só se poderá realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

2. Terrazas con pechamento estable: son terrazas pechadas no seu perímetro e cubertas mediante elementos desmontables que se encontran en terreos de titularidade e uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores, que desenvolvan a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais. Só poderán realizar a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

Tamén poderán instalarse esta clase de terrazas nos establecementos aos que fai referencia o segundo párrafo do apartado primeiro deste artigo.

3. Quioscos permanentes: son os establecementos de carácter permanente de hostalería e restauración construídos con elementos arquitectónicos de natureza perdurable sobre solo de titularidade e uso público, podendo dispoñer da súa propia terraza. Poderán expenderse, tanto no seu interior como na súa terraza, bebidas e comidas nas mesmas condicións que nos establecementos de hostalería e restauración, previa obtención da preceptiva licenza municipal de apertura, que se tramitará a maiores da concesión pública.

Artigo 4. Autorizacións

1. A implantación destas instalacións require a previa obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. O documento de autorización, o seu plano de detalle e as homologacións dos elementos instalados, ou unha fotocopia destas, deberán encontrarse a disposición dos funcionarios municipais e efectivos da Policía Municipal.

2. Esta autorización incluírá a licenza demanial de ocupación de terreos, cando sexan obxecto de ocupación terreos de titularidade pública, e a licenza urbanística no suposto de terrazas con pechamentos estables. Ademais dos anteriores será mester tramitar a licenza de apertura pertinente para os quioscos.

3. A autorización aprobada por órgano competente emitírase en modelo oficial, que deberá incluír, polo menos, as dimensións do espazo sobre o que se autoriza, a súa

situación, o período de ocupación (de tempada ou anual), e o número total de mesas e cadeiras autorizadas. Nas terrazas con pechamento estable indicaranse ademais as súas características. En todo caso, xunto coa autorización deberá figurar copia do plano de detalle da instalación que serviu de base á súa concesión, debidamente selado e rubricado polo técnico que realizou a proposta favorable e as homologacións dos elementos instalados.

4. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización do solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outra, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan as ditas circunstancias, sen que se xere dereito a indemnización ningunha. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

5. As autorizacións quedarán condicionadas á utilización ou reparación das bocas de rego, tapas e rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

6. As autorizacións concedidas outórganse sen prexuízo de terceiros e mantendo a salvo o dereito de propiedade.

7. As autorizacións habilitan aos titulares dos quioscos permanentes para a instalación e explotación directa, sen que poidan ser obxecto de arrendamento ou calquera forma de cesión a terceiros.

Artigo 6. Horarios

1. O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como o das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1 da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2 da madrugada os sábados (noites do venres ao sábado) e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será ás 2 e media da madrugada todos os días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 11.30 da noite entre semana e ata as 12.30 en sábados (noites do venres ao sábado) e domingos (noites do sábado ao domingo), podendo prorrogarse en época de festas.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo de tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual as que van desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.

2. O horario de funcionamento das terrazas con pechamentos estables será o mesmo fixado no apartado anterior.

3. Os quioscos permanentes terán o mesmo horario de funcionamento que os locais do grupo I do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais.

4. Os horarios establecidos neste artigo poderán ser modificados, por circunstancias xustificadas, mediante decreto da Alcaldía.

5. O horario recollido neste artigo refírese ao tempo de funcionamento das terrazas que se atopan ao aire libre ou dentro de pechamentos estables ubicados na vía pública, pero non se aplica ás mesas e cadeiras ubicadas no interior dos locais, en espazos abertos comunicados coas terrazas, e que terán o mesmo horario de apertura que teña o establecemento.

Artigo 9. Homologacións-publicidade

1. No ámbito de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, homologábase o mobiliario fabricado cos seguintes materiais: madeira, vimbia, ferro forxado e materiais que imiten aos anteriores cunha calidade acordo co entorno, prohibíndose materiais plásticos, aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais ou acabados metalizados brillantes.

Valoraranse proxectos individualizados, que pola singularidade e valor de conxunto que presenten, empreguen outros materiais que os recollidos no parágrafo anterior.

No que se refire ás cores, homologábase as cores orixinais dos materiais, así como o negro, o branco, o castaño, o marrón nas súas diferentes tonalidades, o verde compostela e o gris nas súas diferentes tonalidades.

As formas do mobiliario serán acordes co entorno.

2. Fóra do ámbito de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, admítense os anteriores materiais, engadíndose outros novedosos que pola súa singularidade aporten valor ao proxecto presentado, sempre que estes teñan unha calidade adecuada co entorno, prohibíndose aceiro inoxidable e aluminio nas súas cores naturais ou acabados metalizados brillantes.

Valoraranse proxectos individualizados, que pola singularidade e valor de conxunto que presenten, empreguen outros materiais que os recollidos no parágrafo anterior.

Con respecto ás cores, evítaranse as tonalidades excesivamente rechamantes.

3. Prohíbese a publicidade visible desde o exterior da terraza nos elementos de mobiliario instalados nelas ou nos seus elementos fixos, permitíndose a colocación do nome do establecemento ou do seu logotipo en toldos e antucas. Pode colocarse publicidade que só sexa visible desde o interior da terraza nos seus elementos ou en pantallas de televisión.

4. No caso dos quioscos permanentes poderanse instalar rótulos nas condicións establecidas para a súa instalación nas fachadas de establecementos, na normativa de aplicación.

Artigo 10. Condicións de uso das instalacións

1. Os titulares das autorizacións ou concesións deberán manter as instalacións e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para este fin, estarán obrigados a dispor dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos.

2. Por razóns de estética e hixiene non se permitirá almacenar ou amorear produtos, materiais ou residuos propios da actividade xunto ás terrazas nin fóra da instalación dos pechamentos estables de terrazas, nin dos quioscos permanentes.

3. O espacio autorizado á terraza deberá estar sempre ben delimitado, tanto por paredes ou outros elementos arquitectónicos xa existentes, como por pechamentos móbiles que cumpran esta función. Darase preferencia ao emprego de xardineiras e elementos vexetais para a delimitación das terrazas, para o cal poderanse empregar xardineiras de materiais plásticos e lixeiros, se ben coidarase a estética e o deseño destes elementos de mobiliario. Tamén se poderán empregar peches de madeira con forma de balaustrada, tanto cando as mesas e cadeiras se atopen sobre o chan como nos casos nos que se atopen sobre unha tarima.

Artigo 13. Fianza

1. Nos casos nos que os técnicos do Concello o estimen necesario para responder de posibles danos en bens e servizos público, será precisa a constitución dunha garantía para responder das posibles deterioracións que se poidan causar ao dominio público e ás súas instalacións.

2. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do solo ocupado.

TÍTULO I Terrazas

Capítulo 1 Condicions técnicas para a instalación

Artigo 14. Restricións pola actividade á que se adscriba

1. Concederáse autorización para a instalación de terrazas cando sexan accesorias a un establecemento principal dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións de locais, ou a un quiosco permanente.

2. Así mesmo poderán instalarse terrazas como actividade accesoria aos establecementos hoteleiros mesmo se non contan cunha licenza específica de establecemento de hostalería, así como en edificios exclusivos de uso terciario como centros comerciais, centros culturais, etc. Aos bares e restaurantes que teñan a consideración de usos asociados en edificios exclusivos de uso terciario poderáselles autorizar igualmente a instalación de terraza tanto nos espazos libres de parcela de titularidade privada como nos patios interiores privados.

Artigo 15. Condicións do espazo no que se pretenda situar a terraza

1. As terrazas que pretendan instalarse en solo de titularidade e uso público deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Con carácter xeral, a largura libre de paso non poderá ser inferior a un metro oitenta, respectándose un itinerario de forma continua, evitando quebras ao longo dunha liña de quinceiro.

b) Algunha das fachadas do establecemento deberá dar fronte ao espazo proxectado para a instalación da terraza excepto no ámbito do Plan Especial 1 ou en espazos peonís.

2. Cando o grao de inclinación da rúa o aconselle instalárense tarimas sobre as que se ha situar o mobiliario da terraza. Estas tarimas serán de madeira tratada para ser instalada no exterior e axustaranse aos modelos homologados polo Concello. En ningún punto presentarán un desnivel con respecto á rúa que supere os 50 centímetros de alto polo que, se a inclinación da rúa obriga a iso, poderán ser graduais. Os biombos e elementos de seguridade estarán ancorados á tarima.

3. Aínda cando un espazo reúna todos os requisitos para a colocación dunha terraza, esta poderá non autorizarse ou autorizarse con dimensións inferiores ás solicitadas se a súa instalación dificultara o tránsito peonil, aínda que soamente sexa en determinadas horas.

4. Cando a concentración de terrazas sobre unha praza ou espazo determinado poida supor a alteración do seu destino natural ou xerar un grave impacto medioambiental, as solicitudes de novas instalacións o as renovacións serán resoltas conxuntamente con anterioridade ao inicio do ano natural, establecéndose as condicións o restricións que se estimen adecuadas.

5. Non se autorizará a colocación nas terrazas de elementos fixos cando poidan obstaculizar o paso dos vehículos de emerxencias pola excesiva estreiteza da rúa.

Artigo 16. Modalidades de ocupación

A ocupación de solo de titularidade e uso público con terrazas axustarase ás seguintes modalidades e condicións:

1. Se a terraza se situase xunto á fachada do edificio, a súa lonxitude non poderá rebordar a porción desta ocupada polo establecemento.

2. Se a terraza se situase na liña de bordo da beirarrúa, a súa lonxitude poderá alcanzar a da fronte de fachada do edificio propio e dos lindantes.

3. Permitirase a implantación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña de bordo no mesmo tramo de beirarrúa sempre que se deixe un paso cunha largura dous metros como mínimo, que poderá ser ampliado se así o consideran conveniente os técnicos municipais.

4. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza, cada un poderá ocupar a lonxitude da fronte da súa fachada, repartíndose o resto da lonxitude da fachada propia e a dos dous lindeiros a partes iguais. Neste caso, manterase entre elas unha separación mínima de 0,50 metros, que se repartirá entre as dúas terrazas.

No caso de que se abra un novo establecemento de hostalería e que a súa fachada estea ocupada, en todo ou en parte, por unha terraza autorizada anteriormente a outro establecemento lindante, ambos establecementos deberán suxeitarse ao previsto no parágrafo anterior cando se proceda á renovación do permiso de terraza xa autorizada.

A distancia dos elementos de mobiliario urbano ao bordo da beirarrúa será, como mínimo, de 0,50 metros, distancia que se poderá reducir ou eliminar cando haxa unha barreira de protección.

5. A terraza poderá situarse acaroadada á fachada do establecemento ou estar separada desta ata un máximo de vinte metros. No primeiro caso, a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta con autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza. Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poida verse afectada a visibilidade ou o acceso a un local comercial. Non se requerirá a autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.

6. O largo das terrazas obterase de acordo co artigo 15. Se os establecementos se encontraran enfrontados, o largo ocupado por ambas non superará os valores indicados no citado artigo.

7. Cando a terraza esté separada do establecemento poderá colocarse unha instalación de apoio. Este elemento de apoio ten carácter de instalación auxiliar para facilitar o desenvolvemento da actividade. Servirá exclusivamente de soporte aos elementos de enxoval e aos produtos destinados ao consumo na terraza. Non poderá utilizarse como barra de servizo, para realizar funcións de cociñado, elaboración ou manipulación de alimentos, nin dedicarse a ningún outro uso que desvirtúe o seu carácter estritamente auxiliar. A instalación será empregada unicamente por camareiros e persoal da terraza e non se permitirá atender desde ela ao público en xeral. En calquer caso, poderase prohibir a instalación deste elemento de apoio por razón estéticas ou se pode entorpecer a circulación.

As dimensións máximas da instalación serán de 2,50 metros de longo por 0,50 metros de largo, non podendo superarse en ningún punto 1 metro de altura; admitirase a instalación de teito cunha cota máxima respecto ao solo de 2,50 metros e sen pechamentos laterais por encima da súa altura máxima.

Non se autorizará en ningún caso a colocación de equipos de son nin de elementos ornamentais de calquera índole.

Non poderá dispor de equipos de lavado mecánico, vertedoiro con sistema de acción non manual, billas para a dispensación de bebidas e equipos de conservación de produtos.

Queda prohibida a almacenaxe de elementos fóra da instalación de apoio.

8. As terrazas poderán instalarse en zonas da calzada da vía pública sempre que cumpran os requisitos de seguridade esixibles e que non afecten á circulación rodada ou ao tráfico de peóns.

En caso de colocación de terraza en zonas de estacionamento situadas a distinto nivel da beirarrúa, e salvo que circunstancias obxectivas de calquera índole o impidan, colocarse unha tarima debidamente sinalizada e que cumpra requisitos de accesibilidade.

En todo caso haberá que preservar as zonas de paso de peóns.

Procederáse a denegar o permiso de instalación da terraza nos casos nos que as características da rúa, do tráfico ou razóns de seguridade o aconsellen.

Artigo 17. Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario

Os elementos de mobiliario urbano que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:

1. Non poderán colocarse en solo de titularidade e uso público mobiliario elementos decorativos ou revestimentos de chan que non estean incluídos expresamente na autorización.

2. O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 1,60 × 1,60 metros.

3. Autorizaranse tamén os seguintes módulos:

A) Unha mesa e dúas cadeiras de 1,60 x 0,80 metros, que pode reducirse a 1,60 x 0,60 cando a estreitura do espazo o aconselle sempre que se deixe libre o paso mínimo para peóns de 1,80 metros.

B) Un módulo de 1,20 x 1,80 cunha mesa rectangular e catro cadeiras, con dous cadeiras a cada lado longo da mesa.

C) Unha mesa alta con catro banquetas, de 1,20 x 1,20 metros cadrados. Poderá substituírse a mesa alta por un barril tradicional de madeira e aros de forxa.

D) Unha mesa alta con dous banquetas, de 1,20 x 0,60.

4. As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso dos camareiros ás mesas. Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0,50 metros. A superficie ocupada

polo corredor contabilizárase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

5. No ámbito do Plan especial 1, de protección e rehabilitación da cidade histórica de Santiago de Compostela (PE-1) instalaranse os toldos de acordo co previsto neste plan. Fóra do ámbito do PE-1, os toldos serán de material téxtil, lisos e de cores acordes coa contorna urbana e terán sempre posibilidade de seren recollidos mediante fácil manobra. Queda prohibido o pechamento das superficies verticais do seu perímetro. En todo caso, os toldos deberán cumprir o disposto no artigo 126. 7 do PXOM.

6. Admítese a colocación do nome do establecemento e do seu logotipo sobre as faldras de toldos e antucas.

7. Non poderá obstaculizarse o acceso á calzada desde os portais dos predios nin dificultar as manobras de entrada ou saída nas pasaxes permanentes. Cando a terraza se coloque acaroadá á fachada deberán deixarse libres, cando menos, 0,50 metros desde as couzoeiras das portas. Nestes espazos non poderá colocarse tampouco mobiliario accesorio.

Non obstante, pode non deixarse esta distancia de 0,50 metros sempre que a comunidade de propietarios afectada autorice que non se deixe esta distancia ata o seu portal.

8. Cando se dispoña de instalación eléctrica de alumeadado para a terraza, esta deberá reunir as condicións que o Regulamento electrotécnico de baixa tensión establece para instalacións en locais mollados. Os condutos quedarán fóra do alcance de calquera persoa e non poderán discorrer polas beirarrúas nin utilizar as árbores ou o mobiliario urbano como soporte. En ningún caso os focos poderán cegar ou producir outras molestias á veciñanza, viandantes ou vehículos. Esta instalación deberá ser revisada anualmente por un instalador autorizado que emitirá o correspondente boletín de conformidade.

9. Queda prohibida a instalación de máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de características análogas. Tampouco se instalarán barras fixas na fachada dos establecementos.

10. A utilización dos servizos públicos non se verá obstaculizada, debendo deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fose preciso, os seguintes elementos:

- a) As paradas de transporte público regularmente establecidas e os pasos de peóns en toda a súa lonxitude.
- b) As pasaxes de vehículos quedarán libres en todo o seu largo.
- c) As saídas de emerxencia en todo o seu largo.
- d) Respetarase unha distancia suficiente aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de alumeadado que garanta a súa función e que permita os labores de mantemento.

11. Deberá garantirse o acceso a todos os servizos e equipamentos municipais e de compañías de servizos as vinte e catro horas do día.

12. O mobiliario deberá ser retirado da vía pública ao finalizar o horario de funcionamento do establecemento, agás o toldo e a tarima cando estean autorizados. En calquera caso, a tarima deberá ser retirada cando finalice o período de vixencia da autorización se esta é de tempada.

Durante o tempo comprendido entre a finalización do horario da terraza e o de funcionamento do establecemento, o titular da autorización deberá optar entre a retirada do mobiliario da vía pública ou a colocación en cada una das mesas autorizadas dun letreiro indicativo e visible, no que se especificará que a terraza non se atopa en servizo.

No caso de que o titular da autorización teña autorizado unha tarima, permitirase que o mobiliario permaneza na mesma ao finalizar o horario de funcionamento sempre que se atope debidamente amarrado para evitar actos de vandalismo. Durante o tempo comprendido entre a finalización do horario da terraza e o de funcionamento do establecemento, o titular da autorización deberá optar entre a retirada do mobiliario da vía pública ou a colocación en cada una das mesas autorizadas dun letreiro indicativo e visible, no que se especificará que a terraza non se atopa en servizo.

13. Cumprirase todo o indicado na normativa en materia de promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Artigo 18. Prohibición de equipos de son e actuacións amplificadas en directo

Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 00,00 horas da noite de maio a setembro, e ata as 23,00 horas durante o resto do ano. Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos ou a emisión de son nos espazos e instalacións da terraza.

Capítulo 2

Condições específicas para a instalación de terrazas con pechamentos estables

Artigo 20. Modalidades de ocupación

1. Condições xerais dos pechamentos estables: só se permitirá un pechamento estable por local ou establecemento mais admitirase a implantación simultánea dunha terraza sen pechamento e doutra cun pechamento estable para un mesmo establecemento. A altura exterior máxima da estrutura será de 3 metros. No interior do pechamento a altura mínima será de 2,50 metros. Os pechamentos estables contarán cun cartel indicativo do aforo máximo.

2. Pechamentos estables acaroados á fachada: con carácter xeral, o pechamento instalarase acaroadado a fachada principal do establecemento, en cuxo caso só poderá ocupar a lonxitude desta, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a distancia entre a parte inferior dos ocos da planta primeira e o pechamento non sexa inferior a 1,50 metros sempre que na planta primeira se sitúe unha vivenda allea ao titular do establecemento que instala a terraza.

b) Que as condicións de seguridade, tanto do inmovible como do contorno, non se vexan afectadas pola presenza da instalación.

c) A súa colocación no deberá dificultar a evacuación dos edificios ou locais onde se instale.

A disposición dos pechamentos será homoxénea ao longo de todo o tramo de beirarrúa.

3. Pechamentos estables separados das fachadas:

3.1. Pechamentos estables en beirarrúas: a lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o establecemento principal. Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza con pechamento estable nunha beirarrúa, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho da fronte da súa fachada repartíndose o resto do espazo de forma equitativa.

3.2. Pechamentos estables en espazos ou prazas peonís: en espazos ou prazas peonís, con carácter xeral, os pechamentos estables poderán manter unha separación máxima de dez metros con respecto á fachada do establecemento. A lonxitude de ocupación do pechamento será como máximo a da fachada do edificio onde se encontre o

establecemento principal. O largo das instalacións obterase de acordo co exposto no artigo seguinte. A disposición dos pechamentos nos espazos peonís deberá ser homoxénea.

4. Os establecementos situados nos espazos libres de parcela de titularidade privada e nos respectivos patios interiores tamén poderán instalar pechamentos estables. No ámbito do Plan especial 1 só poderán autorizarse aqueles pechamentos que autorice a Comisión Asesora do Patrimonio Histórico, que poderá denegar o permiso por razóns estéticas ou de cumprimento da normativa específica deste ámbito.

Artigo 23. Prohibición de equipos de son e actuacións amplificadas en directo.

As actuacións nestas terrazas serán ata as 00,00 horas da noite entre os meses de maio a setembro, e ata as 23,00 o resto do ano. Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos ou a emisión de son no interior do pechamento estable.

Capítulo 3 Autorizacións

Sección primeira.- Disposicións xerais

Artigo 27. Vixencia e renovación das autorizacións

1. A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.
2. As autorizacións que se concederan para instalacións de terrazas renovaranse automaticamente se non se produce modificación ningunha e se ningunha das partes, Administración municipal ou titular, comunica, a súa vontade contraria á renovación.
3. A Administración municipal manifestará a súa vontade contraria á renovación nos seguintes supostos:
 - a) De se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria posteriores á entrada en vigor da presente Ordenanza.
 - b) De se apreciar un incumprimento das condicións da autorización ou da mesma ordenanza.
 - c) Nos casos de falta de pagamento da taxa correspondente.

d) Cando no período autorizado estea prevista a execución de actuacións públicas que modifiquen a realidade física existente no momento do outorgamento da autorización.

e) Cando a terraza poida supor molestia para os usuarios da vía pública ou para os servizos públicos.

4. Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia de dez anos. Finalizado o período de vixencia, poderá solicitarse unha nova autorización. No entanto, poderá ser revocada antes da finalización deste período por razóns de interese público e sen dereito a indemnización.

5. Dado que as autorizacións de ocupación de solo público con terrazas concédense en precario, poidendo ser revocadas en calquer intre, e non xeneran dereito a súa renovación automática sempre que razóns de interese público desaconsellan dita renovación, as terrazas de hostalería non constitúen unha ampliación dos locais de hostalería aos efectos do disposto no Decreto de Zonas Saturadas, polo que poderán autorizarse novas terrazas para locais ubicados en “zonas saturadas”.

Se prexuízo de anterior, e de conformidade con disposto neste artigo, deberá terse en conta o carácter especialmente sensible das “zonas saturadas” aos efectos de revogación das autorizacións no caso de que se iniciaren procedementos dos que se desprenda a existencia de molestias ou prexuízos derivados do funcionamento da actividade principal ou accesoria.

Igualmente, poderase fixar un horario distinto do establecido no artigo 6 desta Ordenanza para o funcionamento das terrazas ubicadas nas “zonas saturadas” cando asó o aconselle o interese público ou a evitación de molestias.

Sección segunda.- Procedemento

Artigo 29. Documentación

1. As solicitudes de autorización que se presenten para a nova instalación dunha terraza ou para a modificación dunha xa concedida irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia da licenza de apertura do establecemento ou referencia ao seu expediente de concesión ou transmisión.

b) Plano de situación da terraza no que se reflecta a superficie a ocupar, largo de beirarrúa, distancia ás paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, quioscos, así como os elementos de mobiliario urbano existentes.

c) Plano de detalle con indicación de todos os elementos de mobiliario, así como a súa clase, número, dimensións, total de superficie a ocupar e colocación destes consonte determina o artigo 17.

d) Autoliquidación da taxa correspondente.

2. No caso de terrazas situadas en solo de titularidade privada incluírase, ademais, como documentación específica:

a) Acreditación da propiedade ou título xurídico que habilite para a utilización privativa do espazo.

b) Autoliquidación da taxa correspondente.

3. Nas terrazas con pechamentos estables ou con elementos permanentes, como tarimas, mamparas, peches, etc, incluírase, ademais, como documentación específica:

a) Memoria técnica detallando:

- As características das súas instalacións.
- Superficie que se vai ocupar e elementos instalados no interior do pechamento.
- Planos nos que se indiquen de forma inequívoca as dimensións, seccións, andares, alzados laterais, frontal e posterior.
- Sistemas de ancoraxe dos elementos ao pavimento.

b) Certificación do técnico facultativo habilitado legalmente, visada polo colexio profesional correspondente, acerca da suficiencia da súa estabilidade estrutural e da adecuación das súas condicións de prevención e extinción de incendios, evacuación, estabilidade e reacción ao lume.

d) Documento acreditativo da constitución dunha garantía para a reposición do pavimento público ao estado anterior á instalación do pechamento. O importe desta garantía determinarase en función do custo de reposición do espazo ocupado.

e) Orzamento de instalación.

f) Contrato de mantemento e revisión dos extintores e do alumeado de emerxencia e sinalización con empresa autorizada.

4. Nas solicitudes de renovación das autorizacións concedidas no período de funcionamento precedente que impliquen modificacións puntuais soamente será preciso presentar a documentación que describa a modificación.

TÍTULO II **Quioscos permanentes**

Capítulo 1. Disposicións xerais

Artigo 31. Posibilidade de creación de quioscos permanentes.

O Concello poderá aprobar a instalación dun quiosco permanente cando pretenda dinamizar un espazo público.

TÍTULO III **Réxime disciplinario e sancionador**

Capítulo 2 **Infraccións e sancións**

Artigo 42. Clasificación das infraccións

As infraccións desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

- a) A falta de ornato ou limpeza da instalación ou da súa contorna.
- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en menos de 1 hora.
- c) Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- e) O incumprimento de calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

2. Son infraccións graves:

- a) A comisión de tres faltas leves ao cabo de 1 ano cando así se declarase por resolución firme.

- b) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora.
- c) A instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.
- d) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento e en menos do 75 por cento ou o incumprimento doutras condicións da delimitación.
- e) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- f) A carencia do seguro obrigatorio.
- g) A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outras instalacións non autorizadas ou fóra do horario ao que se limitaran nos quioscos que os teñan autorizados.
- h) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentados para a obtención da correspondente autorización.
- i) A non presentación do documento de autorización e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.
- l) O incumprimento da obriga de retirar ou recoller e amontoar o mobiliario da terraza ao finalizar o seu horario de funcionamento de acordo co establecido nesta ordenanza.

3. Son infraccións moi graves:

- a) A instalación de terrazas sen autorización ou fóra do período autorizado.
- b) A ocupación dunha superficie maior á autorizada en máis do 75 por cento.
- c) O incumprimento da orde de suspensión inmediata da instalación cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou dificulte o uso ou funcionamento dun servizo público ou supoña unha deterioración grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións de servizos públicos, espazos públicos ou calquera das súas instalacións.
- d) A celebración de espectáculos ou actuacións non autorizadas de forma expresa.
- e) O incumprimento do horario de inicio ou de peche en máis de 1 hora, cando disto derive unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave,

inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas.

DISPOSICIÓN FINAL

Publicación, entrada en vigor e comunicación

Esta ordenanza entrará en vigor aos quince días seguintes á data da publicación no BOP, unha vez aprobada definitivamente.”

4. MODIFICACIÓN DAS BASES DO ORZAMENTO DO ANO 2013.

A modificación proposta afecta á base número 15 do vixente orzamento, e ten por obxecto permitir a licitación dun contrato para reforzar as tarefas relativas ao exercicio da potestade sancionadora en materia de medio ambiente, sanidade, xestión de residuos e convivencia cívica, incluíndo para iso unha nova aplicación orzamentaria como ampliable.

Neste senso, a proposta da concelleira-delegada de desenvolvemento urbano e sostible, do día 3 deste mes, indica:

“Modificación das bases do orzamento:

PRIMEIRO:

O art. 15 das Bases establece:

"Artigo 15. Ampliacións de crédito.

Terán natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, consonte o disposto no artigo 39.1 do Real Decreto 500/1990.

1.- CONCELLO

As aplicacións do Orzamento do Concello que a continuación se relacionan teñen a consideración de ampliables con cargo ós conceptos de ingresos que se sinalan; no caso do concepto 391.00 vincúlase os ingresos derivados da externalización do servizo coa partida de gastos sinalada; no caso dos conceptos 392.00 e 392.11 vincúlase os ingresos derivados do Convenio asinado coa Deputación Provincial para levar a cabo a recadación executiva das multas coa partida de gastos correspondente.

Aplicación orzamentaria	Descripción	Concepto de ingresos	Descripción
050/33800/ 22698	Festas. Actividades	344.00	Ingresos de taquillas.
130/15900 /22695	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares	399.02	Actuacións urbanísticas a cargo de particulares
030/93200/22707	Administración financeira. Servizo recadación sancións tributarias	391.10	Sancións tributarias
130/15900/227xx	Urbanismo. Servizo xestión e recadación sancións urbanísticas	391.00	Sancións urbanísticas
030/93200/22709	Administración financeira. Servizo recadación multas deputación	392.00 392.11	Recargo declaración extemporánea Recargo prema
030/93200/ 22706	Admon. financeira. Xestión multas	391.20	Multas tráfico
090/13300/22707	Traballos realizados por outras empresas. Grúa e ORA	326.00	Taxa por retirada de vehículos
		330.00	Taxa por estacionamento de vehículos

Propónse a modificación da devandita base para incluír unha nova aplicación orzamentaria como ampliable:

070 17200 22710	MEDIO AMBIENTE. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS.	399.02	Medio Ambiente. Servizo xestión e recadación sancións medioambientais
-----------------	--	--------	---

O Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales establece que:

Artículo 165 Contenido de los presupuestos integrantes del presupuesto general

1. El presupuesto general atenderá al cumplimiento del principio de estabilidad en los términos previstos en la Ley 18/2001, General de Estabilidad Presupuestaria, y contendrá para cada uno de los presupuestos que en él se integren:

a) Los estados de gastos, en los que se incluirán, con la debida especificación, los créditos necesarios para atender al cumplimiento de las obligaciones.

b) Los estados de ingresos, en los que figurarán las estimaciones de los distintos recursos económicos a liquidar durante el ejercicio.

Asimismo, incluirá las bases de ejecución, que contendrán la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia entidad, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, sin que puedan modificar lo legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieran legalmente procedimiento y solemnidades específicas distintas de lo previsto para el presupuesto.

A modificación que se pretende introducir ten por obxecto permitir a licitación dun contrato para reforzar as tarefas relativas ao exercicio da potestade sancionadora en materia de medio ambiente, sanidade, xestión de residuos, e convivencia cívica.

As limitacións legais que impiden a contratación de novos funcionarios deben suplirse con fórmulas de colaboración público–privada que permitan á administración cumprir coas súas obrigacións sen que iso supoña aumentar o persoal de funcionarios ou o gasto corrente.

A diminución de persoal, derivada das baixas non cubertas por esixencias da “taxa de reposición” e do plan de axuste do Concello, ten que compensarse por fórmulas que, sen supoñer un custo adicional, permitan ao Concello cumprir coas súas obrigas legais e de servizo público de cara aos cidadáns.

Ao establecerse como ampliable a aplicación orzamentaria, a retribución ao contratista vaise establecer como unha porcentaxe sobre as multas de medio ambiente recaudadas, polo que xustifícase establecer un vínculo entre concepto de ingresos e a imputación de gastos.

Polo exposto, PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO:

- Modificar as bases do orzamento de 2013, co obxecto de incluír unha nova aplicación orzamentaria configurándoa como ampliable:

070 17200 22709	MEDIO AMBIENTE. ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS”	391.90	MULTAS MEDIO AMBIENTE
-----------------	---	--------	--------------------------

A proposta transcrita foi obxecto dos informes favorables da dirección da área de Urbanismo, do día 8 de xullo, e do Sr. Interventor de Fondos Municipais, que leva data do 9 seguinte.

Don Rubén Cela formula unha cuestión de orde a respecto deste punto e do seguinte en base ao que dispón o artigo 83 do Regulamento do Pleno, que establece que as propostas deben vir ditaminadas pola comisión correspondente, pois dende o BNG se entende que o ditame da Comisión de Facenda neste punto non é válido, dado que se emitiu sen que existisen dous documentos básicos, segundo as bases 12 e 13 de execución dos orzamentos, como son o conforme da intervención xeral e a aprobación pola Xunta de Goberno. Como é ben sabido, presentouse a proposta na comisión sen que fose previamente ratificada a súa urxencia, e sen que os seus membros dispuxesen da documentación necesaria. Unha vez convocado o pleno e cando os grupos municipais tiveron acceso á documentación, a relativa aos puntos 4 e 5 da orde do día non estaba na súa totalidade a disposición dos grupos, e polo tanto opina o concelleiro que sería conveniente retirar este punto e o seguinte da orde do día.

Explico eu, secretario, o procedemento a seguir, e indico que unha vez que foi sometido á consideración da Xunta de Goberno no día de hoxe, e posto que figura na orde do día, o que procede sería que o pleno ratificara a súa inclusión, dado que non contaba co ditame correspondente da comisión informativa.

Don Bernardino Rama indica que de acordo co artigo 67 do Regulamento, a información debería estar a disposición dos concelleiros no momento da convocatoria, e engade que aínda que a Xunta de Goberno aprobara esta mañá o proxecto, os grupos da oposición non tiveron acceso á información.

Opoño eu, secretario, que o que vai a Xunta de Goberno é unha ratificación do proxecto, e que a documentación si que estaba a disposición dos concelleiros dende a convocatoria do pleno, así que o que procede agora é ratificar a inclusión dos dous asuntos na orde do día.

Deste xeito, procédese seguidamente á votación, e o Pleno da Corporación por trece votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e doce en contra, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, ratifica a urxencia da inclusión na orde do día da sesión do asunto que leva o número 4 da convocatoria da presente sesión.

Dona María Pardo inicia o debate do asunto, e indica en canto á modificación de bases do orzamento que o seu obxecto é permitir a licitación dun contrato para reforzar as tarefas relativas ao exercicio da potestade sancionadora en materia de medio ambiente, sanidade, xestión de resíduos e convivencia cívica.

As limitacións legais que impiden a contratación de novos funcionarios deben suplirse con fórmulas de colaboración público-privadas que permitan á administración cumprir cos seus deberes legais e de servizo público, sen que iso supoña aumentar o persoal funcionario, ou o gasto corrente, permitindo ademais unha asignación dos recursos públicos, sempre escasos e limitados, máis flexible e adecuada á demanda real.

A retribución do contratista vaise establecer cunha porcentaxe sobre as multas recadadas en concepto de medio ambiente, polo que se xustifica establecer un vínculo entre o concepto de ingresos e a imputación de gastos. No futuro contrato, a empresa porá a disposición dos cidadáns e do servizo que preste, un local de atención ao público, e percibirá a cambio unha porcentaxe dos ingresos derivados das sancións impostas, polo que o servizo non suporá un custe adicional para o concello, habida conta da escasa recadación actual, permitindo alixeirar o traballo dos funcionarios.

Neste sentido, foi o persoal do servizo de medio ambiente quen manifestou que debido a xubilacións e baixas se atopan saturados de traballo administrativo, e o que se pretende é cumprir as súas peticións e dar un bo servizo aos cidadáns, ao marxe de velar pola limpeza e estética da cidade, sendo este un servizo que xa se desenvolve con éxito nos servizos de urbanismo e tráfico.

Don Rubén Cela, pola súa banda, indica que o grupo municipal do BNG evidentemente vai votar en contra deste punto, entroutros motivos pola cuestión xa debatida de que o asunto non estaba completo á hora de ser dictaminado pola comisión informativa, chegando incluso a que o seu grupo recibira no día de hoxe, catro horas antes da celebración da sesión, un informe do sr. interventor sobre ún dos asuntos, o que -opinanon é modo de traballar dun xeito transparente e de facilitar a función de control dos grupos da oposición.

Con respecto ao caso concreto deste punto, o que o goberno propón é incluír unha nova aplicación orzamentaria como ampliable, no departamento de medio ambiente, no servizo de xestión e recadación de sancións medio ambientais, e o fai de cara a permitir a licitación dun contrato para reforzar as tarefas relativas ao exercicio da potestade sancionadora en materia de medio ambiente, sanidade, xestión de residuos e convivencia cívica.

A xustificación que alega o goberno, reiterada pola Sra. Concelleira de urbanismo hai un intre, é que as limitacións legais impiden a contratación de novos funcionarios ou funcionarias, e que iso se debe suplir con colaboración público-privada. Faise referencia, e é unha referencia correcta, pero non deixa de ser curiosa, á diminución de persoal derivada das baixas que non se poden cubrir polas esixencias da taxa de reposición de efectivos, e tamén ás consecuencias da aplicación do plan de axuste deste concello. Sobre este último aspecto o concelleiro indica que cando se legisla sobre

elementos tan sensibles como a taxa de reposición de efectivos dunha administración pública, e cando se aproban documentos tan sensibles, e tan a medio e longo prazo como o plan de axuste que se aprobou aquí, iso sempre ten consecuencias, e as consecuencias que pode ter só poden ser dúas. Unha é a de perder ou precarizar determinado tipo de servizos públicos, e a segunda a de privatizalos, en maior ou menor medida, chámese externalización ou chámese colaboración público-privada, pero ao final é unha función que viñan desempeñando traballadores e traballadoras públicos/as e que pasa a prestarse a través dunha empresa privada, que o tempo ven demostrando que nin é necesariamente un medio máis barato, nin máis eficiente, nin que presta o mellor servizo á cidadanía.

Por último, discute o concelleiro a afirmación da Sra. Pardo de que con esta modificación se vai poder cubrir un espazo que non está cuberto por traballadores públicos a través dunha colaboración público-privada, pero que esa colaboración público-privada non lle vai supoñer custe a este concello, porque a remuneración desa empresa que vai xestionar ese servizo vai vir dada dunha porcentaxe da recadación das sancións que xestione esa propia empresa. Entón certamente, nun aspecto formal non ten un custe engadido para o concello, pero o que é evidente é que iso implica unha diminución dos ingresos previsibles, co que vai haber unha parte dos ingresos que se recadarían por este tipo de sancións que non repercutirán nas arcas públicas do concello para outro tipo de actuación, senón que irán destinados ó pagamento a esa empresa. Polo tanto, non hai un aumento de gasto, por dicilo dalgún xeito, pero si unha minoración de ingresos.

Don Fransico Reyes Santiás, pola súa banda, indica que estamos a debater agora un punto que foi levado pola vía de urxencia á Comisión informativa de facenda que tivo lugar o día 15 de xullo, e que foi ditaminado sen ter diante os papeis.

É certo o que di o señor secretario, pois o punto 1 do artigo 83, no segundo parágrafo, di que efectivamente por razóns de urxencia debidamente motivada, o presidente ou presidenta do Pleno, a iniciativa propia ou a proposta dalgún dos portavoces, poderá incluír na orde do día asuntos que non fosen previamente ditaminados pola correspondente comisión, e o pleno adoptar acordo, pero en tal suposto será precisa a previa ratificación, que é o que temos feito. Sen embargo, a verdade é que ninguén espuxo a motivación da urxencia que o artigo esixe.

O problema estriba en que estamos dunha maneira case sistemática a convalidar erros que se teñen cometido, o que provoca un ambiente de inseguridade xurídica para esta corporación e os seus gobernantes, e dende logo para a veciñanza, que é o máis importante.

Di a seguir o concelleiro que a primeira páxina do boletín oficial da provincia do xoves 27 de xuño de 2013 publicaba o anuncio de aprobación definitiva do orzamento de 2013, un orzamento que de conformidade co que dispón a lei de facendas locais, tiña que estar debatido en outubro de 2012, pero que foi aprobado en xuño do 2013, nunha corporación que conta para iso cunha concelleira de facenda, tres interventores, dous tesoureiros, e un director da área económica.

Cando aínda non fai un mes que se aprobaron os orzamentos, estamos aquí de novo para falar da modificación das súas bases, o que evidencia un xeito de facer as cousas problemático para o goberno municipal, para a corporación, e en definitiva para a cidade. Di o concelleiro que do único do que se alegra é precisamente do recoñecemento que a concelleira fai na proposta sobre a existencia de limitacións legais impostas en parte pola lexislación do Estado, pero en parte tamén polo plan de axuste, que foi aprobado en marzo de 2012, e que esixe que as súas restriccións se suplan con fórmulas de colaboración público-privada, porque a diminución de persoal derivada dese plan de axuste ten que compensarse con este tipo de fórmulas. Por fin hai un documento asinado polo goberno municipal que reconece que o plan de axuste é unha porta que abre a situación para a privatización da prestación de servizos.

Con estas premisas, e esta maneira tan pouco rigorosa de abordar os problemas e o desenvolvemento da actividade deste concello, o voto do grupo socialista -adianta o concelleiro- vai ser forzosamente negativo.

Dona María Pardo Valdés opón que o único que lle importa son a cidade e os seus cidadáns, e engade que a función á que se refiriu na súa anterior intervención non viña sendo desempeñada polos funcionarios públicos, xa que había unha deixazón dende fai moitísimos anos en cuestións menores, pero non por ilo menos importantes, como son os temas de limpeza de fincas, a limpeza de mobiliario, farolas, que estamos acostumados a ver cheas de pegatinas, ou o tema de cans soltos nos parques. Estes temas asegura que preocupan enormemente aos cidadáns de Santiago, por iso o goberno municipal non vai deixar de poñer remedio, como facía o bipartito, pois a convivencia cívica, á parte de regularse, tamén hai que aplicala, pois de nada serve regular se non se aplica.

Opón igualmente que o servizo non se está privatizando, a non ser que privatizar tamén sexa o modo de xestión actual dos servizos de recollida de lixo, de mantemento do alumeadado público, ou dos parques e xardíns, ou o cobro das multas de tráfico, “privatizacións” todas elas levadas a cabo polo goberno anterior, que non merecen tal calificativo, senon o de externalización de servizos, pois non se pode ter unha dobre vara de medir, e dicir que cando o fai o Partido Popular é privatizar e cando o fai o partido socialista, ou o de progreso nacional-socialista, é externalizar.

Don Rubén Cela intervén de novo, e manifesta que a broma de “nacional-socialista” non é a primeira vez que é utilizada a sra. Pardo, que debe retirala, porque a concelleira sabe perfectamente o que é o nacional-socialismo, e o BNG síntese profundamente ofendido polas súas palabras, que non son de recibo nun debate mínimamente serio.

Por outra banda, é moi positivo que á concelleira só lle importen a cidade e os cidadáns, pero a cuestión estriba en que dentro desa preocupación, a actuación debe rexerse polas normas aplicables, e o BNG entende que este asunto que hoxe se trae non cumpre tódolos requisitos legais e amosa unha actuación de abuso permanente, que dende logo non vai na liña de facilitar o traballo que teñen que facer, encomendados polos cidadáns,

Don Francisco Reyes Santiás dí que é a primeira vez que escoita a dona María Pardo facer ese comentario, pero non é a primeira que escoita ese comentario, verquido públicamente nunha emisora de radio, a un concelleiro do goberno do Partido Popular. Solicita pois do Sr. Alcalde que lle dea a oportunidade á sra. Pardo de retirar o dito, porque dicir a un partido socialdemócratico como o socialista que o goberno anterior foi un goberno nacionalsocialista, é dicir, un goberno nazi, é unha auténtica tropelía. Lembra o concelleiro que no ano 1933 Hitler chegou ó poder cos votos e co apoio de partidos da dereita que se dicían democráticos, e mentres que eses partidos da dereita que se dician democráticos estaban en carteiras ministeriais no primeiro goberno presidido por Adolfo Hitler, os deputados e os militantes do partido socialdemocrata alemán estaban en campos de concentración, polo tanto agradecería á Sra. Pardo que non fixera ese tipo de bromas, e tamén que se lle dera a oportunidade de retirar o que ten dito.

Á marxe do anterior, indica o concelleiro que a proposta sinala que a diminución de persoal derivada do plan de axuste do Concello ten que compensarse por fórmulas de colaboración público-privada. Xa no seu momento se lle dixo ó goberno municipal que o problema que tiña o plan de axuste era que o seu custo non podía descansar sobre os empregados municipais, pois non se podía evitar prestar servizos públicos aos cidadáns, e o que habería que facer era buscar unha fórmula, que se pasa pola contratación de empresas moitas veces ten maior custe que se fora con medios propios.

O grupo socialista -di o concelleiro-, non pode seguir convalidando unha maneira pouco rigurosa de facer as cousas, e non pode estar de acordo con este proceso, que como xa se comentou no seu momento, ia dar lugar á apertura de novas privatizacións, razón que os leva a votar en contra, non sen solicitar novamente que o Sr. Alcalde dea a oportunidade á Sra. Pardo de retirar o seu comentario de que o goberno anterior xa non era un goberno bipartito, senón un goberno nazi.

O Sr. Alcalde indica que lonxe de falar do contido da proposición, o Sr. Reyes utilizou o seu turno para falar dunha doutrina política, o que demostra que o concelleiro non ten

tempo para preparar as proposicións e as mocións, pois posiblemente lle ocupe moito tempo estar en Vigo.

Di o Sr. Currás que a privatización neste concello non se dá dende fai dous anos nin dende fai un ano, pois naceu cando estaba no poder o goberno anterior. En calquera caso, se houbo necesidade de elaborar un plan de axuste, foi debido ao desaxuste previo e á situación de quiebra técnica na que o goberno anterior deixou o Concello, por unha xestión arbitraria e rutinaria durante moitos anos, que levou consigo débedas insoportables e insostibles para o novo goberno. Por esta razón elaborouse un plan de axuste e unha ordenanza de teito de gasto, e houbo que axustarse a unha lei de equilibrio orzamentario, pero de todos estes termos o goberno anterior non pode falar, porque non é o mellor exemplo para facelo, xa que levou a cabo unha xestión lamentable en materia orzamentaria.

De conformidade coa proposta da concelleira-delegada de desenvolvemento urbano e sostible, os informes emitidos e o ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Pleno da Corporación acorda por por 13 votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e 12 votos en contra dos concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, modificar a base número 15 das do orzamento do Concello para o ano 2013, incluíndo no seu apartado 1 unha nova aplicación orzamentaria como ampliable, do seguinte xeito:

070 17200 22709	MEDIO AMBIENTE, ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	391.90	MULTAS MEDIO AMBIENTE
-----------------	---	--------	-----------------------

5. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DO ORZAMENTO DE 2013.

A proposta da concelleira-delegada de desenvolvemento urbano sostible, do pasado día 11, en relación co presente asunto, ten o seguinte contido:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: ORZAMENTO 2013

Dona María Pardo Valdés, Concelleira delegada de desenvolvemento urbano sostible
PROPOÑO:

PRIMEIRO:

Coa finalidade de poder realizar toda unha serie de actuacións de extraordinaria importancia e urxencia, e dado que non existe aplicación orzamentaria específica no orzamento do 2013, aprobado en Pleno extraordinario de 19-6-2013, para a realización destes traballos, é necesario habilitar crédito nunha serie de aplicacións orzamentarias, ben como consecuencia da previsión de novas actuacións (crédito extraordinario), ou

ben por suplementar previsións xa existentes, por ser insuficientes as previstas en relación ó crédito preciso (suplemento de crédito).

As actuacións que se describen a continuación teñen carácter urxente porque supoñen intervencións no espazo público que se atopa deteriorado, e teñen por obxeto poder prestar coa debida inmediatez un servizo público esencial para os cidadáns. Polo exposto, non poden demorarse ata o seguinte exercicio.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone”.

Como recurso que financia o incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 determina que “Dicho aumento se financiará (...) y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio”.

En consecuencia, sinálanse de seguido, por unha banda, a aplicación orzamentaria a minorar co obxecto de financiar as modificacións orzamentarias propostas, e as partidas cuxa habilitación ou aumento se propón:

1.- PARTIDA A MINORAR:

130. 93301. 68100 URB. GASTOS EN INVERSIÓN DE BENS PATRIMONIAIS,
TERREOS E BENS NATURAIS

CONTÍA TOTAL A MINORAR 1.194.446,69 EUROS

A minoración desta partida obedece á imposibilidade de executar a obra de urbanización no SUNP 11 de acordo coa estimación presupostaria realizada para o presente exercicio, debido á demora na aprobación do orzamento que imposibilita a contratación da obra, tendo en conta que, precisamente pola falta de aprobación daquel, non foi posible iniciar o procedemento para a licitación da mesma. Este procedemento de adxudicación e inicio das obras pode demorarse non menos de 3 meses desde a entrada en vigor do orzamento, o que supoñería que no presente exercicio só podería executarse, no mellor dos casos, un máximo do 25% da obra

A financiación do SUNP 11 conleva unha contía de 1712580,64 euros de recursos propios. Isto supón que a contía máxima que poderase executar este ano é de 428145,16 euros. Polo tanto, hai un total de 1284435,48 euros previstos orzamentariamente e financiados con recursos propios que non se poderán executar.

As consignacións que se dan de baixa non afectarían ao normal funcionamento dos servizos dado que é absolutamente imposible executar a obra do SUNP 11 na contía inicialmente orzamentada.

Os créditos que se dan de baixa son os que, no Anexo de inversións, prevíanse financiar con cargo a recursos propios.

2.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Débese, neste caso, á necesidade de acometer actuacións non previstas no orzamento e para as que non existe crédito orzamentario axeitado e suficiente no orzamento vixente. Procede, de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2005, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais :

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito ..., el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario (...)”.

PARTIDAS A CREAR:

I.1.- PROXECTOS E INVESTIMENTOS EN OBRAS DE REHABILITACIÓN DE PRAZAS E ESPAZOS PUBLICOS

IMPORTE: 230.873,12 euros

DEPARTAMENTO: URBANISMO

APLICACIÓN: 130 15100 61900

Esta partida tería por obxecto financiar proxectos e obras (execución material, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde), e desglosaríase nos seguintes proxectos de gasto:

I.1.1.- 2013 2 ESPUB 13 “REHABILITACIÓN DE PRAZAS E ESPAZOS PÚBLICOS”, Importe: 55.000,00 euros.

-Proxecto de tratamento de talud na Rúa de Betanzos: 55.000 euros

I.1.2.-2013 2 BELVI 13 “REHABILITACIÓN PRAZA DO MATADOIRO E ACCESO AO PARQUE DE BELVÍS E SEGUNDA FASE DO PARQUE” Importe: 18.000 €

- Comézase neste exercicio por dotar o crédito para a redacción do proxecto de rehabilitación da praza do matadoiro e acceso ao parte de Belvís, así como segunda fase do parque, que se estima nun custe de 18.000,00 euros.

I.1.3.- 2013 2 RAXOI 13 “REURBANIZACIÓN RÚA RAXOI” Importe: 137.873,12 euros.

-Reurbanización Rúa Raxoi 130.390,78 €Control arqueolóxico 7482,34 euros

I.1.4.- 2013 2 CONCA 13 “REMODELACIÓN RÚAS CARRETAS E CONCHEIROS” Importe: 20.000,00 euros.

-Redacción de proxecto de remodelación da rúa Carretas 10.000 euros

-Redacción de proxecto de remodelación da rúa Concheiros 10.000 euros

I.2.- ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA. XUROS A PARTICULARES.

IMPORTE: 15.573,57€

DEPARTAMENTO: URBANISMO

APLICACIÓN: 030 93400 35900

Proxecto de expropiación para ou saneamento dá conca do Río Aríns. Parcela 279
Execución de sentenza 7188//2011do TSXG P.Ou.11410/2007. Condena a pagar
15.573,57€en concepto de xuros

I.3.- PROXECTO DE SUSTITUCIÓN DE PORTALÓNS NON PARQUE DE BOMBEIROS

IMPORTE: 31.000 EUROS

DEPARTAMENTO: OBRAS E INFRAESTURCTURAS

PROXECTO: 2013 2 BOMB 2

APLICACIÓN: 090 13500 63200

Proxecto, obra, coordinación de seguridade e saúde e substitución das portas que dan acceso aos vehículos e persoal do SPEIS ao interior de todas as dependencias do parque de bombeiros, a parte de polo seu mal funcionamento actual, polo risco en materia de seguridade que conleva o mantelos no seu actual e precario estado de funcionamento.

I.5. PROXECTOS E INVESTIMENTOS EN PARQUES INFANTIS. HOMOLOGACIÓN E OU REHABILITACIÓN DE PARQUES EXISTENTES

IMPORTE: 125.000

DEPARTAMENTO: MEDIO AMBIENTE, OBRAS E INFRAESTRUCT, SANIDADE, PARQUES E XARDÍNS

PROXECTO: 2013 2 PARQE 13

APLICACIÓN: 070 17100 61900

- Homologación dos parques existentes: actuacións de remodelación e fornezo de materiais necesario para obter certificados homologados do cumprimento da normativa en materia de parques infantís. 125000 euros.

I.6. PROXECTOS E INVESTIMENTOS EN PARQUES INFANTIS. CREACIÓN DE ESPAZOS BIOSALUDABLES NAS PARROQUIAS DE SANTIAGO

IMPORTE: 50.000

DEPARTAMENTO: MEDIO AMBIENTE, OBRAS E INFRAESTRUCT, SANIDADE, PARQUES E XARDÍNS

PROXECTO: 2013 2 BIOSA 13

APLICACIÓN: 070 17100 60900

- "Creación dunha rede de espazos biosaludables nas parroquias de Santiago de Compostela": suministro e instalación de parques biosaludables nas parroquias do rural. 50.000 euros

I.7. PROXECTOS E INVESTIMENTOS EN PARQUES INFANTIS. INSTALACIÓN DE PARQUES EN PRAZAS SITAS NO NÚCLEO URBANO

IMPORTE: 300.000

DEPARTAMENTO: MEDIO AMBIENTE, OBRAS E INFRAESTRUCT, SANIDADE, PARQUES E XARDÍNS

PROXECTO: 2013 2 PARUR 13

APLICACIÓN: 070 17100 60900

Esta partida tería por obxecto financiar proxectos e obras (execución material, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, suministro e instalación de mobiliario) en Parques e xardíns.

- Parque de San Roque: 50.000 euros.

- Parque Praza de Galicia: 125.000 euros.

- Parque Praza de Vigo: 125.000 euros.

- I.8. PROXECTO DE REPARACIÓN E PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS DO ENSANCHE – FASE II
- IMPORTE: 225.000 EUROS
- DEPARTAMENTO: URBANISMO
- PROXECTO: 2013 2 ENSAN 14
- APLICACIÓN: 130 1500 61900

Este proxecto define as obras necesarias para acondicionar diversas rúas do Ensanche, completando as reparacións feitas noutras rúas como Santiago de Chile e República Arxentina.

Estas obras consistirán basicamente nos seguintes puntos:

- Levantado do bordo e recolocación á cota axeitada para evitar que os vehículos invadan a beirarrúa, evitando caídas indebidas para evacuación de pluviais contra os edificios
- Demolición de panos de beirarrúa en mal estado que se lle marcarán ó contratista en obra, e reposición dos mesmos con baldosa tipo terrazo nova
- Reforzo de fixación das tapas de arquetas e pozos de servizo.
- Ubicación de caz de recollida de pluviais donde fose necesario
- Equiparación de sección, especialmente de anchuras en zonas de contacto con outras rúas de tecido máis moderno e con diferentes características
- Reposicións en bandas de aparcamento.
- Sustitución de baldosas nas entradas de garaxes, e substitución por lousa de formigón con fibras de polipropileno para evitar a fisuración fratasada, con formación de vado
- Calquer outra actuación relacionada cós pavimentos, acabados ou servizos públicos que a Dirección Facultativa considerase preciso ou urxente, sen sobrepasar os límites orzamentarios que se marcan no presente proxecto

- I.9. INDEMNIZACIÓNS CONCESIONARIOS DO MERCADO DE ABASTOS
- IMPORTE: 23.000 EUROS
- DEPARTAMENTO: MERCADOS
- APLICACIÓN: 130/151/22689

II.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Débese, neste caso, á necesidade de acometer actuacións para as que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado. Procede, de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2005, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais :

“Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente (...) o sea insuficiente o no ampliable el consgnado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesió de (...) suplemento de crédito (...)”.

PARTIDAS A INCREMENTAR:

PARQUES E XARDINS. CONTRATO CONSERVACIÓN E MANTEMENTO

APLICACIÓN	DOTACIÓN ANTERIOR	INCREMENTO	DOTACIÓN DEFINITIVA
070 17100 22709	3.494.595,67	150.000	3.644.595,67

Este aumento tería por obxeto paliar o déficit existente nesta partida na actualidade (60347,15 euros), e poder licitar un novo contrato relativo ao mantemento e conservación do parque de Salgueiriños, que na actualidade non está adxudicado e carece de mantemento.

ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO URBANO

APLICACIÓN	DOTACIÓN ANTERIOR	INCREMENTO	DOTACIÓN DEFINITIVA
130/33601/62500	25.999	25.000	50.999

Este aumento tería por obxeto satisfacer as necesidades que existen en relación coa reposición de mobiliario urbano (papeleiras, bancos, bolardos, marquesinas, tótems, sinalización, etc...).

Neste sentido, temos que destacar a peculiaridade dos parques no ámbito da cidade histórica a ámbitos protexidos adxacentes (perímetro azul), que pola súa ubicación e pola súa condición de mobiliario urbano, teñen que cumprir as prescricións do PE-1, e contar co visto e prace da Comisión Asesora da Cidade Histórica.

APERTURA DE NOVOS VIAIS

APLICACIÓN	DOTACIÓN ANTERIOR	INCREMENTO	DOTACIÓN DEFINITIVA
130/151/60900	31.000	19.000	50.000

Este suplemento de crédito ten por obxeto financiar a apertura de novos viais, que se pretende levar a cabo por esta Concellería, en tanto que se trata dun viais públicos que é necesario aperturar en urbanizacións recentes e non acabadas totalmente.

Esta apertura mellorará a mobilidade da cidade e a fluidez do tráfico peonil e rodado.”

Figuran no expediente os seguintes informes:

- * Do director de área de Urbanismo e Infraestruturas, que leva data do día 8 deste mes.
- * Do Sr. Interventor de Fondos Municipais, do día 11 de xullo.
- * Do técnico da área de servizos económicos, en relación coa aplicación do plan de axuste e a disolución de EMUVISSA; do día 12 de xullo.
- * Do Sr. Interventor de Fondos Municipais, do día de hoxe, complementario do emitido con data 11 de xullo.

Consta tamén no expediente o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, adoptado en sesión celebrada no día de hoxe, que aproba o proxecto de expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

O Pleno da Corporación, por trece votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e doce en contra, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, ratifica a urxencia da inclusión na orde do día da sesión do presente asunto, que leva o número 5 na convocatoria da presente sesión.

Dona María Pardo inicia o debate indicando que na proposta se indica que a partida a minorar é a correspondente ao proxecto de urbanización do SUP-11, solo que se sitúa enfrente do Corte Inglés, no cal, e mediante a xestión de EMUVISSA, os propietarios

pagaron as súas cotas de urbanización, a pesar de que logo non se urbanizou, e agora é o Concello de Santiago o que ten que acometer a urbanización con recursos propios.

En virtude desa obriga, o Concello preveu no orzamento para este ano cerca de dous millóns cen mil euros entre recursos propios e outros recursos para acometer esta urbanización, e a súa minoración obedece á imposibilidade de executar a obra de acordo coa estimación orzamentaria realizada para o presente exercicio, debido á demora na aprobación do orzamento, que imposibilita a súa contratación, toda vez que pola falta de aprobación de aquel non foi posible iniciar o procedemento para a licitación da mesma. O retraso supón que no presente exercicio, no mellor dos casos, só poderá executarse un 25% da obra presupostada. A financiación do SUNP-11 conleva unha cuantía de 1.714.580,64 euros de recursos propios, o que supón que a máxima que se poderá executar este ano é de 428.145,16 euros, polo tanto hai un total de 1.284.435,48 euros previstos presupostariamente e financiados con recursos propios que non se poderían executar.

Por outra banda, afirma a Sra. Pardo que as consignacións que se dan de baixa non afectarían ao normal funcionamento dos servizos, dado que é absolutamente imposible executar a obra do SUNP-11 na cuantía inicialmente presupostada. Á súa vez, os créditos que se dan de baixa son os que no anexo de investimentos se prevían financiar con cargo a recursos propios.

En canto aos créditos que se crean, son os seguintes:

* Proxectos e investimentos en obras de rehabilitación de prazas e espazos públicos, por 230.873,12 euros.

* Rehabilitación de prazas e espazos públicos, por un importe de 55.000 destinados ao proxecto de tratamento do talude na rúa Betanzos, que no seu día sepultou un coche, logo que durante anos os veciños advertiran do perigo potencial e de que o concello fixera caso omiso.

* Rehabilitación da praza do Matadoiro, acceso ao Parque de Belvís e segunda fase do parque, por importe de 18.000 euros. Este é un proxecto que contou co apoio de todos os grupos municipais, e que se ataca tendo en conta que o próximo ano finaliza a cesión da casa da Xuventude á Xunta de Galicia.

* Reurbanización da rúa Raxoi, por importe 137.873,12 euros, proxecto que se pospuxo en diferentes ocasións, e que por certo non foi incluído na reurbanización de toda a zona de Raxoi, San Clemente, a pesares dos graves problemas na rede de saneamento que afectan a esta rúa continuamente.

* Remodelación das rúas Carretas e Concheiros, por importe de 20.000 euros, 10.000 euros para cada un dos proxectos. Di a concelleira que estas rúas están moi deterioradas polo uso, e non dende fai ano e medio ou dous anos, senón dende hai moitos máis, e co seu arranxo posiblemente pasarán a ser peonís, co cal se acabará o sufrimento de moitas persoas que non poden descansar por culpa do pavimento que instalou o anterior goberno na rúa Hortas.

* Administración financeira, intereses a particulares, por importe de 15.573,57 euros, para pagar os intereses no proxecto de expropiación para o saneamento da conca do río Aríns, na parcela 279, en execución de sentenza do P.O. 788/2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que condena a pagar ao Concello o importe de 15.573,57 euros en concepto de intereses. Explica a concelleira que se trata dunha expropiación levada a cabo polo bipartito e que é novamente o novo goberno o que ten que cumprir os compromisos e pagar as facturas de débedas contraídas polos anteriores.

* Proxecto de substitución do portalón no parque de bombeiros, por importe de 31.000 euros.

* Proxecto de investimento en parques infantís, homologación e realización dos parques existentes, por importe de 125.000 euros. Explica a concelleira que en Santiago hai 72 parques infantís que é preciso remodelar e subministrar materiais para obter certificados homologados do cumprimento da normativa en parques infantís, dos que carecían.

* Creación de espazos biosaúdables nas parroquias de Santiago, por importe de 50.000 euros que van estar cofinanciados cunha subvención de AGADER.

* Proxecto de investimento en parques infantís e instalación de parques en prazas sitas en núcleos urbanos. Explica a concelleira que en todo o Ensanche existía un parque na praza de Ramirez, nun estado lamentable, outro en Trás Parlamento, e vaise poñer ún en San Roque, que levan solicitando os veciños do casco histórico repetidamente, e outros na Praza de Galicia e na Praza de Vigo.

* Proxecto de reparación e pavimentación das ruas do Ensanche, por importe de 225.000 euros, e do que di a concelleira que supón a terceira fase de intervención para deixa-las rúas en perfecto estado, tendo en conta que o seu deterioro non vén dos últimos anos, e é máis, as obras que se fixeron hai que volvelas a facer, e iso que aínda se están pagando. Engade a concelleira que na rúa San Pedro están asomando tantas irregularidades das obras anteriormente executadas, que pediu á empresa que lle fagan unha relación para pasarllela ós concelleiros da oposición.

* Indemnizacións ós concesionarios do mercado de abastos por importe de 23.000 euros, con motivo da extinción de concesións municipais para xestionar os postos no mercado.

* Incremento no orzamento de parques e xardíns para atender unha serie de mantementos

* Adquisición de mobiliario urbano, cun incremento 25.000 euros e unha dotación definitiva de 50.995 euros, partidas xa existentes, e que se aumentan co obxecto de satisfacer necesidades existentes en relación coa reposición de elementos como papeleiras, bancos, bolardos, marquesiñas, ou sinalizacións.

* Apertura de novos viais, pois a dotación anterior, de 31.000 euros, increméntase en 19.000 euros máis, quedando en total 50.000 euros. Neste punto, a concelleira fai referencia ao tema de Pontepedriña, ou da rúa Raxeira, na que os veciños pagaron a reurbanización sen que se levara a cabo a día de hoxe.

Remata a intervención a concelleira indicando que todas as actuacións reseñadas son necesarias para os cidadáns, e que este goberno escoita e atende as súas demandas e necesidades, paliando a situación de desgobierno de Santiago dos últimos anos

Don Rubén Cela adianta que o grupo municipal do BNG non só vai votar en contra deste punto, senón que quere manifestar a súa máis enérxica repulsa respecto ao xeito no que se tramitou esta proposta de modificación de crédito, e incluso cuestionar que se poida someter á consideración hoxe neste pleno, conforme á lexislación vixente.

Afirma o concelleiro que se por algo se caracterizou a actuación do grupo de goberno nos dous últimos anos, ademais de polos variados problemas coa xustiza, sen lugar a dúbidas foi pola súa falta de rigor institucional á hora de xestionar o día a día deste concello. Este punto que hoxe se pretende someter a votación é unha gota máis nun vaso que fai moito tempo que bota por fóra. O goberno incluiu este punto nunha comisión informativa sen que estivese na orde do día, e sen que se entregase nin antes nin despois da mesma a totalidade da documentación que sería obrigada para a súa aprobación.

Nesa comisión do pasado lúns o goberno espuxo con brevidade o contido da modificación orzamentaria, pero sen enumerar os documentos cos que contaba a proposta, e posteriormente, xa pasada a comisión ás 5 da tarde, remitía só parte desa documentación non entregada con anterioridade.

Tal e como apunta o informe da intervención, segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 38 do Real Decreto 500/90, serán de

aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables aos orzamentos. Polo tanto, di o concelleiro que antes do ditame da Comisión informativa de facenda eran imprescindibles tres cousas:

Primeira: A proposta con memoria xustificativa da concelleira delegada que ten ao seu cargo a xestión dos créditos, ou sexa, a responsable dos correspondentes programas.

A segunda: un informe preceptivo do interventor.

A terceira: a aprobación do proxecto de orzamento pola Xunta de Goberno Local.

Indica o concelleiro que antes da comisión informativa nin se entregou o informe de intervención nin houbo acordo da Xunta de Goberno local, o cal dá idea do despropósito no que se converteu a tramitación desta modificación de crédito. Hai un terceiro elemento que non é menor, pois a concelleira na súa proposta non xustifica, tal e como pon de relevo o informe do Sr. Interventor, que o orzamento de 2013 mantén a consistencia requirida pola norma legal a respecto do plan de axuste, no sentido de que non se vexa alterada, como consecuencia desta modificación, a finalidade da dotación económica da aplicación orzamentaria que se propón dar de baixa parcialmente para financiar os créditos extraordinarios e suplementos correspondentes.

Tamén coincide o concelleiro co criterio da intervención de entender que a unidade xestora tería que solicitar un certificado da existencia de crédito orzamentario con carácter previo ao sometemento do pleno da corporación do expediente, dado o carácter dos mesmos como condición necesaria para acreditar a existencia de saldo e crédito suficiente dispoñibel, aínda que supón que será o informe que lles remitiron fai unhas poucas horas.

Con respecto á modificación de crédito, consistente en créditos extraordinarios e suplementos de crédito por un importe global de 1.000.000,69 euros, e 194.000 euros respectivamente, proponse detraer a suma dos dous importes da partida correspondente ás obras de urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño.

O seu grupo, di o concelleiro, non vai entrar a valorar as actuacións propostas, e con moitas delas poden coincidir en que son actuacións de interese para Santiago, como o arranxo do talude da rúa Betanzos, o cambio dos portalóns do parque de bombeiros, o proxecto de derrube da Casa da Xuventude, as reurbanizacións das rúas de Raxoi, Carretas ou Concheiros. Doutras intervencións, a urxencia é cando menos máis dubidosa, como a creación dunha rede de espazos biosaudables nas parroquias ou a colocación de columpios no parque de San Roque, na Praza de Galiza ou na de Vigo, pois lembra que no mes de novembro do pasado ano, e co mesmo argumento de

inaprazabilidade, tróuxose a este pleno unha modificación de crédito para o parque infantil de San Roque, e non só non se fixo daquela, nin se incluiu nos orzamentos deste ano, senon que hoxe, sete meses despois, tráese o mesmo proxecto e co mesmo argumento.

Mención á parte merece a ampliación de crédito de 150.000 euros relativo ao contrato de mantemento e conservación do parque de Salgueiriños, do que se pode falar largo e tendido, sobre cando se iniciaron os traballos nel, ou porque se pararon, e sobre de todo, porque os veciños e veciñas de Salgueiriños tiveron que agardar a pasar o ecuador do ano para que se poida contratar o mantemento dese parque do que a proposta de adxudicación data nada máis e nada menos que de xaneiro deste ano.

Con respecto ó modo de levar a cabo as actuacións, o primeiro parágrafo da proposta da concelleira é perfectamente clarificador, cando di o seguinte:

“Coa finalidade de poder realizar toda unha serie de actuacións de extraordinaria importancia e urxencia, e dado que non existe aplicación orzamentaria específica no orzamento de 2013 aprobado polo Pleno extraordinario do 19 de xuño de 2013, para a realización dese traballo, é necesario habilitar crédito nunha serie de aplicacións orzamentarias”.

A pregunta que fai o concelleiro é porqué se moitas delas son actuacións tan importantes, non estaban recollidas nun orzamento aprobado fai menos dun mes, e porqué agora certas cousas son tan urxentes cando non eran tan urxentes fai un mes. E a conclusión á que chega o Sr. Cela é que o goberno municipal non fai uso do seu poder, senon que reiteradamente abusa del, convertendo unha maioría absoluta nunha maioría absoluta e despótica. Deste xeito, non se fan as cousas seguindo o ditado das normas, senon que utilizan e pisotean as normas segundo a súa conveniencia, e iso leva a que sistemáticamente haxa proxectos que caen pola súa incompetencia ou mal facer, como se veu no caso da Virxe Branca, nos pagamentos a Sermasa, ou no centro sociocultural do Romáño.

Don Francisco Reyes Santiás, pola súa banda, indica que esta é a terceira convalidación con respecto a este pleno, e a segunda que se fai sen ter defendido a urxencia. A sentenza que indicaba como había que tratar o talude é de xaneiro de 2012, cando xa gobernaba o grupo popular, porque a verdade é que éste quere esquecer que xa leva dous anos de goberno, que xa vai na metade da lexislatura, e que ten responsabilidade por cousas que se fixeron e cousas que non se fixeron, e ata decembro de 2012 non hai unha orde para a Brigada de Vías e Obras, e oito días máis tarde desa orde é cando cae o talude, o que é perfectamente coñecido pola concelleira de urbanismo. Ninguén pon en dúbida a súa necesidade, o interese, nin mesmo a urxencia, pero o sorprendente é que non se fixera no seu momento axeitadamente.

Por outra banda, indica o concelleiro que o problema ven do informe do Sr. Interventor, que indica que está en risco o cumprimento do plan de axuste. Aproveita a ocasión o Sr. Reyes para volver a solicitar o informe do Sr. Interventor a respecto das reclamacións formuladas polo grupo socialista ós orzamentos, e a documentación relativa ós paquetes de decisións para a elaboración do orzamento en base cero, pois xa o solicitaron fai tres meses e seguen á espera.

Prosegue a súa intervención o concelleiro dicindo que dá a impresión de que o goberno vai xestionando a golpe de ocorrencias, e iso non merece o apoio do grupo socialista, pois unha forma de gobernar tan pouca rigurosa está a traer problemas ó Concello. Polo tanto, aínda que o concelleiro estea de acordo co fondo, non comprende como non se incluíron estas actuacións nos orzamentos de 2013, e como só un mes máis tarde hai que aprobar a súa modificación. Engade que tamén hai unha modificación orzamentaria dos ingresos, que non se reflicte na documentación do asunto, e cando o grupo socialista preguntou como o goberno podía facer caso do principio de contabilidade de prudencia a respecto dos ingresos da Xunta de Galicia por mor da capitalidade, fíxose caso omiso, e se orzamentaron catrocentos mil euros máis de ingresos, que non reflicten a realidade.

Polo anteriormente exposto, avanza o concelleiro que o voto do grupo socialista vai ser contrario á proposta presentada.

Dona María Pardo afirma que o seu goberno é refén do desgobro que reinou nos últimos anos no Concello de Santiago, non só pola cantidade de “marróns” que van surxindo a medida que van gobernando, senón pola de obrigas que teñen que ir asumindo e que non foron contempladas polo goberno anterior. Atopáronse -di a concelleira- con cen millóns de débeda cando chegaron, 700 euros por habitante en débeda cos bancos, e 300 euros por habitante en débeda cos provedores. Estes cartos estaban sendo retirados do mercado de Santiago de Compostela aos provedores, imposibilitando moitas transaccións económicas. Tamén di a concelleira que non é rigoroso ter vinte e catro millóns de obrigas pendentes de cobro dende o ano 94, que o goberno anterior sabía que non ía cobrar, pero que aínda así as mantiña tódolos anos no orzamento para ter ingresos que poder despois investir.

Este ano amortizáronse dezaseis millóns desas obrigas pendentes de cobro que se sabía que non se ían cobrar. Ademais, indica a concelleira que se pagaba a 174 días e agora se fai a 74, así que o Sr. Reyes non pode falar de inflar os orzamentos cando era o seu partido o primeiro que os inflaba, incluso con partidas como as do polígono do Tambre, cando dicían que ían recadar tres millóns de euros por licenzas. Iso si é gastar máis do que se ingresa, e a consecuencia de gastar máis do que se ingresa é que non había remanente de tesourería positivo.

Volvendo ao tema de ser rigurosos, di a concelleira con respecto ao SUNP-11 e á auditoría de EMUVISSA, que por suposto que se fixo unha auditoría e por iso se pechou a empresa, porque non só se gastaban os cartos en non urbanizar o SUNP-11, senón noutras cousas, como nunha liña de crédito que tamén houbo que pagar. Fronte á crítica de que non se elabora debidamente o orzamento, opón a concelleira que o seu goberno tivo que facer fronte a múltiples obrigas, como a do SUNP-11, a de EMUVISSA, o parque de bombeiros, que ademais de non estar executado houbo que pagar 1.600.000 euros en virtude de sentenza.

Engade a concelleira que polo tanto os grupos da oposición non poden falar de rigorosidade, e que esta modificación non obedece á arbitrariedade nin á improvisación, senon á capacidade de reacción suficiente cando se ve que non se vai poder executar todo o investimento do SUNP-11, e cando se ve tamén que hai múltiples finalidades de gasto como consecuencia da situación nefasta na que os anteriores gobernantes deixaron o concello de Santiago.

Con respecto á rúa de Betanzos, o goberno municipal dixo no ano 2009 que non era necesario afianzar o talude, porque non ofrecía risco para as persoas, pero evidentemente o tiña, e da rúa Raxeira, engade a Sra. Prado que os veciños pagaron as cotas de urbanización sen que o Concello executara as obras.

Don Rubén Cela di que non vai perder tempo en responder a todo o listado de deberes froito da herdanza recibida, que é utilizada permanentemente como disculpa. O que hai que ver non é se as actuacións son ou non correctas, que poden selo, senon se son urxentes, e así o concelleiro non cuestiona que dotar de mobiliario biosaudable as parroquias de Santiago sexa unha actuación correcta, pero si o fai con respecto á súa urxencia, porque se de verdade esta é unha actuación urxente, a Sra. Pardo e mais el teñen un concepto diferente das urxencias, que se manifesta na decisión de cales son as escalas de valores de cada unha das formacións políticas. A concelleira de urbanismo fala de que non hai improvisación, pero a verdade é que fai menos dun mes este pleno aprobou de xeito definitivo os orzamentos de 2013 para este concello, pero a situación da rúa de Carretas, do parque de bombeiros, ou da casa da xuventude resulta que hai catro semanas non era urxente nin prioritaria. E estas actuacións non cabían no orzamento porque non podían caber, así o Sr. Interventor plantexa no seu informe certas dúbidas de que estea ben cuberto todo o que debe estar cuberto a respecto EMUVISSA.

Para o BNG -engade o concelleiro-, non é serio aprobar uns orzamentos e catro semanas despois facer unha modificación de crédito deste tipo, e sobre todo facela como se fixo. En calquera caso, o problema non estriba só en que se inflen ou desinflen os orzamentos, senon que o problema fundamental é que ao remate de 2013 nos atopamos co mesmo que nos atopamos ao remate de 2012, que era un grao de execución nos capítulos VI e VII do 20%.

Por último, quere o concelleiro introducir dúas apreciacións sobre dous comentarios que fixo a señora Pardo na primeira intervención. A primeira ten que ver coa sinalización, que está de acordo o concelleiro en que ten que ser unha cuestión absolutamente prioritaria, e pensa que é unha mágoa que haxa que facer modificacións orzamentarias para acometer esa sinalización tan urxente, porque lamentablemente a Xunta de Galiza no seu día non pagou as obrigas que tiña pendentes co Consorcio de Santiago, pois había un proxecto bastante máis ambicioso e completo para todo o que tiña que ver coa ordenación e a sinalética de Santiago de Compostela.

A segunda apreciación ten que ver con algo que dixo a concelleira acerca de que os hostaleiros estaban moi preocupados pola xente que nos visita e que pregunta pola catedral ou por como ir a ao hostel de San Martín Pinario, e ao fío disto o Sr. Reyes asegura que a preocupación que teñen os hostaleiros con respecto ao hostel de San Martín Pinario non é precisamente a de se a xente sabe chegar ou non sabe chegar, senón máis ben a preocupación a respecto de se existe competencia desleal ou non e se ese establecemento paga o imposto de bens inmobles como pagan o resto de hostaleiros de Santiago.

Intervén agora Don Francisco Reyes Santiás, e pregunta que culpa ten o anterior goberno do que o actual non ten feito nos dous primeiros anos de lexislatura, e de que ó longo dese tempo non foran quen de executar máis que o 19% do orzamento de investimentos, tal e como amosa o documento da liquidación.

Tamén pregunta que culpa ten o anterior de goberno de que a 31 de decembro de 2012, e con respecto ao orzamento de 2012, apareza unha contía de dezasete millóns pendentes de pagamento a provedores mentres aparecían dezaseis millóns de fondos líquidos.

O primeiro que fai o actual goberno é endebedar máis ó noso Concello co famoso crédito de 13 millóns, cuns xuros que son tal altos que pagamos máis de xuros por eses 13 millóns que por 61 millóns de operacións a longo prazo anteriores.

A seguir, di o concelleiro que os membros do goberno sempre están a confundir rúas que se remodelaron no ano 1999 con outras incluídas no plan E, por exemplo Alfredo Brañas, e engade que non quere facer ningún comentario con respecto á Virxe Branca, nin sobre a mesa de contratación para o centro sociocultural do Romão.

Dona Marta Álvarez-Santullano formula neste momento unha cuestión de orde ó abeiro do que dispón o artigo 67 do regulamento, e dí que é a terceira vez que a voceira do partido popular polo baixo profire a expresión de “sinverguenzas” mentres intervén o

voceiro do partido socialista, e pensa que sería conveniente que o Sr. Alcalde a chamara á orde.

Di o Sr. Alcalde que el non escoitou nada, pero se se produciu o que a concelleira di, pide desculpas.

Retoma a súa intervención Don Francisco Reyes, que di que non se pode anular unha mesa de contratación porque non está consignado o crédito, o que dá idea dunha maneira de facer pouca rigurosa e que leva a problemas contínuos. No caso da rúa Virxe Branca, por exemplo, o goberno tardou un mes e medio en descubrir que quen comezará as obras fora a brigada municipal, e iso non é de recibo.

Rematado o debate, e de conformidade coa proposta da concelleira de desenvolvemento urbano sostible, os informes emitidos, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do día 15 deste mes, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 12 en contra, dos membros dos grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación presupostaria número 2013 crédito extraordinario-42, en contía de 1.000.446,69 euros, de conformidade co seguinte detalle:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
Proxectos e investimentos en obras de rehabilitación de prazas e espazos públicos	230.873,12
Admon. Financiera Xuros a particulares	15.573,57
Proxecto substitución portalons no parque de bombeiros	31.000,00
Proxecto e invest.en parques e xardins homologación e/ou rehabil.parques existent	125.000,00
Proxectos e investi.en parques infantis, creación de espazos biosal.parroquias Santiag	50.000,00
Prox.e investim.en parques infantis, instal.de parques en prazas sitas no nucleo urb.	300.000,00
Prox.de repar.e paviment. Das rúas do ensanche.Fase II	225.000,00
Indemniz.concensionarios do mercado de abastos	23.000,00
TOTAL	1.000.446,69

Segundo: Aprobar inicialmente a modificación presupostaria de suplemento de crédito número 43 de 2013, por importe de 194.000,00 euros, de conformidade co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CREDITO

DENOMINACIÓN	IMPORTE
Parques e Xardíns. Contrato conservación e mantemento	150.000,00
Adquisición de mobiliario urban	25.000,00
Apertura de novos viais	19.000,00
TOTAL	194.000,00

Para a financiación dos expedientes indicados nos anteriores apartados primeiro e segundo minórase a partida 130.93301.68100. denominada Urb. Gastos en inversións de bens patrimoniais, Terreos, Bens Naturais, na contía de 1.194.446,69 euros.

Terceiro: Expoñer ao público os expedientes durante o prazo de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP de A Coruña, de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990 en relación co artigo 169 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os expedientes inicialmente aprobados elevaranse automaticamente a definitivos se contra os mesmos non se formula reclamación ningunha.

6. PROPOSICIÓN DO BNG PARA A CREACIÓN DE AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR DESTINADAS ÁS FAMILIAS QUE MÁIS O PRECISEN.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do BNG con data de 10 de xullo deste ano ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da súa concelleira Elvira Cienfuegos, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á creación de axudas municipais para a adquisición de material escolar destinadas ás familias que máis o precisen con fillas e fillos escolarizados en centros de ensino público da cidade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É función dos poderes públicos promoveren un modelo educativo de calidade e de interese público que garanta o libre desenvolvemento da personalidade do alumnado, tanto no ensino como nas demais actividades educativas en toda a súa extensión, coa promoción e apoio á aprendizaxe e ao estudo. Co obxectivo de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as administracións públicas deben aplicar accións de carácter compensatorio, como dotar dos recursos e dos apoios necesarios as persoas que se atopen en situacións desfavorábeis.

A evolución negativa das condicións socioeconómicas das familias precisa da dotación, por parte dos poderes públicos, dun mecanismo urxente de axudas públicas relativas á adquisición de material escolar que se corresponda coa consecución dun modelo educativo que procure a xustiza social, a igualdade e a calidade, especialmente naqueles casos nos que se constata a insuficiencia de recursos económicos.

Dado o actual contexto económico e, ás portas do inicio dun novo curso escolar, tamén se fai necesario ter presente o recente incremento do IVE no material educativo que pasou do 4% ao 21%, o que resulta especialmente gravoso para as familias con fillos e fillas en idade escolar.

Esta convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar debe ter un marcado interese social, posto que pretende facilitar o acceso á educación en igualdade de condicións, tanto para alumnado matriculado en educación infantil, en educación primaria, en secundaria ou en educación especial, en centros de ensino público emprazados no concello de Santiago. Hai que ter en conta que se trata de cubrir todos os niveis do ensino básico obrigatorio.

Á vista das dificultades que padecen milleiros de familias de Santiago de Compostela, por mor da actual conxuntura económica, do paro e da redución salarial en moitos casos, resulta necesario implantar un sistema de axudas de carácter municipal para a adquisición de material escolar en función da renda co obxecto de que se beneficien as nenas e os nenos de familias con menos recursos. Estas axudas irán destinadas ás familias empadroadas con menor poder adquisitivo do municipio e serán compatíbeis con calquera outra que perciban polo mesmo concepto. Para iso, as nenas e os nenos das familias beneficiarias han de estar matriculados en calquera dos centros de ensino público de Santiago de Compostela e as persoas solicitantes han de estar ao día no pagamento dos impostos municipais.

Ademais, os consellos municipais de educación, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade e cohesionar o tecido escolar implicando e comprometendo os grupos e as persoas que participen. Mais é ben sabido que nunca foi convocado neste último mandato municipal, polo que cómpre promover e dinamizar o Consello Municipal de Educación como órgano de consulta e de debate tamén para favorecer a corrección destas desigualdades sociais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Santiago habilitará unha liña de axudas para a adquisición de material escolar no vindeiro curso destinada a familias con alumnado matriculado en infantil, primaria e secundaria nos centros de ensino público da cidade, que dispoñan de escasos recursos económicos, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades, favorecer a xustiza social e a educación de calidade.

2. O Concello de Santiago demandaralle ao Goberno do Estado unha redución do IVE aplicado ao material escolar, debido ás dificultades económicas que padecen moitas familias con nenos e nenas por mor da crise para afrontar os gastos derivados do inicio do vindeiro curso.

3. O Concello de Santiago promoverá a constitución e dinamización do Consello Escolar de Educación como órgano de consulta e de debate.”

Inicia o debate do presente asunto a concelleira Dona Elvira Cienfuegos, que sinala que cando un curso escolar remata, o seguinte está xa anunciando o seu comezo. É, xa que logo, momento para facer balance do que rematou, e momento para preparar o que vai comezar.

Explica a concelleira que a educación é un dereito, e corresponde aos poderes públicos promover un sistema público de calidade que garanta o acceso á educación e contribúa a igualdade de oportunidades. Para alén das lecturas simplificadas que dos informes PISA dan os medios de comunicación, hai outros datos nos informes que son extremadamente preocupantes: son os que relacionan a adquisición das competencias polo alumnado co seu nivel socioeconómico. Por exemplo, a probabilidade de que un alumno de baixo nivel socioeconómico non adquira as competencias básicas en lectura é case 5 veces maior ca dos que proceden do nivel socioeconómico máis alto.

As diferenzas na adquisición de competencias ao longo da traxectoria académica poden favorecer a consolidación de desigualdades sociais posteriores, e polo tanto faise necesario combater as desigualdades iniciais; as administracións públicas deben aplicar accións de carácter compensatorio, dotando dos recursos e dos apoios necesarios ó alumnado que se atope en situacións desfavorábeis, non só desde a perspectiva pedagóxica senón tamén desde a económica.

Prosegue a súa exposición a concelleira indicando que as axudas convocadas pola Xunta de Galicia para a adquisición de libros de texto non cobren os gastos das familias, ás que aporta cantidades máximas de 170 euros para educación primaria e de 180 para educación secundaria, cantidades claramente insuficientes para os custos, tendo en conta ademais que estas cantidades máximas son para rendas per cápita familiar inferiores a 5400 euros ou a 6000 no caso de familias monoparentais, e que non hai axudas para o material educativo en educación infantil.

Os libros de texto, sendo o gasto máis importante, non supoñen o único, porque o alumnado tamén ten que dispoñer de material escolar a engadir a outros gastos aos que as familias han de facer fronte ao inicio do curso, mesmo nas etapas de educación gratuíta e obrigatoria.

Á vista das dificultades que padecen moitas familias de Santiago de Compostela, pola actual conxuntura económica, con elevadas taxas de paro ou redución salarial, pensa a concelleira que resulta necesario implantar un sistema de axudas de carácter municipal para a adquisición de material escolar en función da renda, co obxecto de que se beneficien as nenas e os nenos de familias con menos recursos. Esta é unha práctica que exercen na actualidade outros concellos, non descoñecida para o de Santiago, que viña tendo unha liña de axudas para o material educativo, liña que se foi reducindo a medida que se ía ampliando o sistema de préstamo de libros promovido pola Consellería de Educación.

Unha vez eliminado pola Xunta do PP o sistema de préstamo, e perante unha situación de empeoramento das condicións socioeconómicas das familias, do mesmo xeito que por parte das ANPAS se puxo en marcha o sistema de banco de libros, o Concello debería, como administración pública máis próxima á cidadanía, volver a implicarse na contribución á gratuidade do ensino, na contribución a que o sistema educativo sirva á cohesión social e á igualdade de oportunidades.

O BNG propón que, cando menos, se incorpore unha convocatoria de axuda para material escolar para as familias con menor poder adquisitivo do municipio, axudas que deberían ser compatíbeis con calquera outra que percibiran, para libros, comedor, transporte. Estas axudas estarían destinadas ás nenas e ós nenos empadroados no concello e matriculados nos centros educativos de Santiago de Compostela, tanto en infantil como en primaria ou secundaria.

Dado o actual contexto económico, e ás portas do inicio dun novo curso escolar, tamén se fai necesario revisar o recente incremento do IVE no material educativo que pasou do 4% ao 21%, o que resulta especialmente gravoso para as familias con fillos e fillas en idade escolar.

Son aspectos que de certo terían presenza no Consello Municipal de Educación, un órgano de asesoramento, consulta, proposta e participación sobre o ensino non universitario. Do consello municipal de Santiago, creado ao abeiro da lei de consellos escolares de Galicia, forman parte, ademais do Alcalde, representantes de profesorado, do alumnado, de pais e nais de alumnos, de MRP, directores de centros educativos, representantes sindicais, do movemento veciñal e da Asociación de empresarios, da administración educativa...

É xa que logo un órgano no que conflúe a comunidade educativa e a cidadanía, que ten entre os seus obxectivos contribuír á corrección das desigualdades socioculturais, á cohesión do tecido escolar e a sociedade, e a mellorar a eficiencia no sistema educativo. É en definitiva un espazo para a consulta e a participación en materias tales como os investimentos en materia educativa, os acordos de colaboración coa Consellería de educación, os servizos educativos complementarios ou extraescolares, e, en xeral, calquera aspecto de importancia para a vida escolar municipal, como o que se refire á contribución da educación á cohesión social.

Engade ó anterior a concelleira que no que vai de mandato popular, e pese a que a norma establece polo menos unha reunión a principio e outra a final de curso, o Consello Escolar Municipal, que ten de vixencia a duración da corporación municipal, aínda non se constituíu e xa que logo non tivo ningunha reunión.

En base a todo o anterior, o BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Santiago habilitará unha liña de axudas para a adquisición de material escolar no vindeiro curso destinada a familias con alumnado matriculado en infantil, primaria e secundaria nos centros de ensino público da cidade, que dispoñan de escasos recursos económicos, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades, favorecer a xustiza social e a educación de calidade.
2. O Concello de Santiago demandaralle ao Goberno do Estado unha redución do IVE aplicado ao material escolar, debido ás dificultades económicas que padecen moitas familias con nenos e nenas por mor da crise para afrontar os gastos derivados do inicio do vindeiro curso.
3. O Concello de Santiago promoverá a constitución e dinamización do Consello Escolar de Educación como órgano de consulta e debate.

Ademais, manifesta a concelleira que o seu grupo acepta unha emenda de engádegas formulada polo partido socialista en relación ao apoio dos bancos de libros que se están xestionando nos centros escolares, bancos que están sendo de grande utilidade e que o Concello pode apoiar e potenciar achegando exemplares. Por tanto, aos 3 puntos da proposta engádegase unha cuarta nos seguintes termos:

“Apoiar e potenciar os bancos de libros de texto dos centros escolares do alumnado matriculado en infantil, primaria ou secundaria nos centros públicos de ensino da nosa cidade. O concello aportará lotes de libros para que os bancos de libros de texto contén con máis recursos para as familias necesitadas.”

Por último, a concelleira reitera a demanda de apoio de todos os grupos ás propostas presentadas, que entende que son de xustiza, e que non supoñen un grave quebranto para as arcas municipais.

Don Gonzalo Muíños fala a seguir, e explica que o dereito a unha ensinanza básica obrigatoria e gratuíta está regulado no artigo 26.1 da declaración universal dos dereitos humanos, no 28.1 da convención dos dereitos do neno, aprobada o 20 de novembro de 1989 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, e no artigo 27.4 da Constitución Española, fundamentándose no principio democrático de convivencia e nos dereitos e liberdades que se lle recoñecen ás persoas. Sen embargo, este principio non adoita ter unha correlación na práctica real, de modo que durante moitos anos a ensinanza básica no noso país foi obrigatoria, pero case nunca gratuíta.

No referente á educación en Galicia, o artigo 31 do Estatuto de Autonomía dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Di o concelleiro que a educación é moito máis que unha política pública encamiñada á capacitación persoal das diversas xeracións, pois debe impulsar a igualdade de oportunidades e a competitividade dentro dunha economía moderna, por iso a política educativa ten que ser imprescindible no camiño para saír da crise e para que esta saída sexa xusta, pero sobre de todo, para evitar ou paliar os seus efectos e que non volva a repetirse.

A nosa sociedade asiste con consternación aos fortes recortes orzamentarios que se están levando a cabo en todos os programas da educación, e que traen como consecuencia a masificación das aulas, a eliminación de docentes, a supresión dos programas de reforzo, a eliminación do transporte público e dos comedores escolares, a redución de becas, etc., sen esquecer a eliminación do programa de gratuítade dos libros de texto, que foi unha das primeiras decisións do Sr. Feijoo ao chegar á presidencia da Xunta.

As medidas que afectan á subida de material escolar son especialmente relevantes, e xunto co espectacular incremento do IVE, do 4 ao 21%, dificultarán o acceso ao material escolar básico a moitas familias da nosa cidade, que no actual contexto socio-económico están pasando situacións de extrema dificultade.

España pasa a ser ún dos países da Unión Europea co IVE máis alto por este concepto, así unha familia galega ten que pagar polo material escolar dos seus fillos máis do dobre do IVE que unha familia italiana, o triplo que unha familia alemana, ou catro veces máis

que unha francesa. Semella que para o noso goberno o material escolar non é un ben de primeira necesidade para as familias, senón máis ben todo o contrario, un ben de luxo.

Cómpre lembrar que a UNESCO recomenda que a gratuídade do material escolar básico debe considerarse a base natural e necesaria da obriga escolar, e que ésta engloba tanto o material colectivo da ensinanza como o material de uso individual. En todo caso, di a UNESCO, os distintos Estados, e as diferentes administracións deben traballar subvencionando os programas destinados para tal fin. Non obstante, indica o concelleiro, todas as decisións que se están tomando en materia de educación no noso país van en contra desta recomendación. Temos a oportunidade de que o noso concello axude aos nenos e nenas de familias con menos recursos, por iso o voto do grupo municipal socialista á proposición do BNG vai ser favorable.

Dona María Castelao Torres en primeiro lugar destaca que o grupo de goberno está de acordo co fondo dalgunha das cuestións que se plantexan na proposición. Di que é verdade que nos atopamos nunha situación económica moi complexa, á que dende todas as administracións se lle está facendo fronte, así a administración estatal, a autonómica, e especialmente a local, deron mostra nos últimos anos da sensibilidade que require o momento que vive actualmente o noso país.

É curioso que o BNG plantexe agora esta liña de axudas, pois lembra a concelleira que a situación actual é practicamente a mesma que había no goberno anterior, que non só non tomou medidas ó respecto, senón que nalgún caso os orzamentos destinados a área social foron minguados. Foi o goberno socialista apoiado polo BNG en Madrid o que xerou a inxente cantidade de parados que o goberno presidido por Rajoy está comezando a diminuír. Polo tanto, gracias a todos os esforzos levados a cabo, entre eles a subida dos impostos como a do IVE, do que se fala na proposición, por fin podemos comezar a falar de cifras esperanzadoras.

Engade a concelleira que tamén é verdade que as familias santiaguesas están a vivir momentos de dificultade, se ben o goberno local fixo un importante esforzo para dotar con maiores cantidades, nalgún caso incluso duplicando, as partidas destinadas a gasto social. Lembra así a partida de MAPIS, que pasou de 190 mil euros no ano 2008, a 230 mil no ano 2011, último ano do bipartito, e a 340 mil euros no 2013.

O goberno do Partido Popular permitiu pasar de 134 mil euros que había no 2008 destinados a axudas a entidades da nosa cidade, e de 181 mil no 2011, a 400 mil no ano 2013, o que supón un incremento substancial.

Especialmente relacionado co tema que hoxe tratamos, di a concelleira que está o das becas-comedor, que o goberno conseguiu que pasase de 79 solicitudes, deixando un número moi importante de solicitantes en lista de espera no curso 2010-2011, a 219

bolsas cubertas no curso 2012-2013, cubrindo a absoluta totalidade das solicitudes presentadas no departamento de benestar social.

Por outra banda, este ano unha vez máis está en fase de resolución unha liña de axudas para os comedores escolares, e a isto hai que engadir ademais a boa xestión que se fixo dende o departamento de educación coa posta en marcha do servizo de comedores e madrugadores, tan demandado polas ANPAS da nosa cidade, que o goberno anterior non foi quen de poñer en funcionamento, e que permitiu obter uns prezos moi por debaixo da media galega, e por suposto, tamén dos prezos que obtiñan as ANPAS coa súa xestión.

É verdade tamén -di a concelleira- que é necesario convocar o Consello Escolar Municipal, pero indica que xa se levaron a cabo os trámites oportunos para poder convocalo, e neste momento resta que algún dos membros que forman parte deste consello comuniquen a designación do seu representante. Precisamente chama a atención que o BNG reclame a convocatoria deste Consello cando foron moi poucas as ocasións en que o convocaron cando a formación formaban parte do goberno municipal, e aínda son máis rechamantes os comentarios que facían en todos os colexios, cando se acudía por parte de membros do Partido Popular a consellos escolares, xa que ós membros do goberno bipartito importáballes moi pouco o que se debatía nos Consellos Escolares de cada ún dos centros educativos da nosa cidade.

Por outra banda, á concelleira resúltalle sorprendente o tono no que se plantexa a proposta, e lé textualmente o parágrafo que di “implantar un sistema de axudas de carácter municipal en función da renda, co obxecto de que se beneficien ás familias con menos recursos”, xa que lembra que cando no curso 2009-2010, á vista da situación económica, a Xunta de Galicia ve necesario facer unha reforma do sistema de gratuidade dos libros de texto, moi exitosa por certo, os concelleiros do goberno municipal defendían a capa e espada a gratuidade dos libros para todos e o café para todos, pois daquela, cunha situación parella á actual, a opción que hoxe defenden non lles parecía válida. Nesta liña de axudas da Xunta, tan criticada no seu momento, xa se viron incluídas as axudas para obtención dos libros de texto, para mercar materiais curriculares, material didáctico e complementario. Neste ano 2013 pechouse xa o prazo para axudas para a educación primaria e educación especial, e aínda está aberto o de solicitude de axudas para secundaria.

Como se ve, o demandado polo BNG está xa sendo perfectamente cuberto coas axudas da Xunta, que é a única administración competente, e con outro tipo de mecanismos. Explica asemade a concelleira que a renda per cápita mínima coa que se pode acceder a esta liña de axudas é de nove mil euros, non de cinco mil como mantiña Dona Elvira Cienfuegos.

Cré a Sra. Castelaio que tamén nesta materia hai que aplicar a máxima de “unha administración unha competencia”, pois nestes momentos nos que os recursos son poucos, non podemos duplicar competencias e seguir os concellos asumindo competencias impropias.

En relación coa iniciativa das ANPAS relativa ós bancos de libros, indica a concelleira que dende logo merece todo o apoio municipal, pois ven funcionando perfectamente no colexio López Ferreiro, e é de esperar que teña o mesmo éxito no resto dos colexios nos que se poña en práctica. Os colexios son autosuficientes neste sentido, porque normalmente son as aulas ao seu completo as que ceden os libros, polo tanto queda cuberto o curso seguinte, e cando algún alumno queda sen algún dos libros, ou sen algún lote, normalmente os colexios teñen os recursos suficientes como para tratar con algunha editorial que lles permita a súa adquisición de forma gratuíta. Aínda así, reitera a concelleira que dende o seu departamento, a pesar da rebaixa dos seu fondos, que diminúen de 140 mil euros a 40 mil na partida de actividades, como consecuencia do fallo dunha sentenza relativa ó impago dunhas obras no ano 2008, farase o esforzo necesario para axudar ás ANPAS sempre que o requiran, entendendo que cando elas toman a iniciativa, o concello non debe entrometerse. Ademais, dende o Consorcio fáiselles unha entrega constante de libros ós colexios cando así o requiren, ampliando deste xeito a súa biblioteca.

En relación ao IVE, opina a concelleira que o seu incremento foi unha decisión necesaria para poder obter agora unha mellora das cifras económicas do noso país, e das cifras do paro.

Dona Elvira Cienfuegos, pola súa banda, indica que en efecto a educación é competencia da Consellería, pero a administración municipal pode contribuir, sobre todo nestes momentos nos que tamén se lle reduciron outras contribucións que tiña que facer en educación, como son os gastos de electricidade ou gasóleo. A cantidade máxima de axuda á que a concelleira se refiría é de 170 ou de 180 euros, para rendas de 5.400 a 6.000, pero para rendas de 6000 a 9000 euros a cantidade é inferior, e é doado imaxinar as dificultades que pode ter unha familia cando a renda per cápita familiar anual é de menos de 5.400 euros, non só para adquirir libros de texto, senon tamén para mercar vestuario, cadernos lápices, bolígrafos, etc., e iso estase a vivir nos centros.

Engade ao anterior a concelleira que o BNG evidentemente cuestiona a substitución do sistema de gratuídade polo sistema de axudas que se está a practicar neste momento, por varias razóns. Unha delas ten que ver coa educación, pois a sra. Cienfuegos entende que é máis educativo que todo o alumnado comparta os libros, e polo tanto pasen duns a outros, sen que haxa diferenzas entre os que os poden adquirir, e os que non os poden adquirir. Os bancos de libros que xestionan as ANPAS con eficiencia e moita vontade e dedicación, realmente están a facer unha labor importante, pero non suficiente, pois hai

deficits de libros que non se soluciona coas aportacións do Consorcio ou das editoriais. Hai polo tanto unha necesidade de apoio para mercar material educativo, e a proposición non pide que se faga un grande esforzo por parte dos orzamentos municipais neste sentido, pero trátase de apoiar con centos de euros a unhas poucas familias e dende logo no departamento de servizos sociais de seguro que teñen unha información exhaustiva de cales son as situacións, algunhas mesmo non tan graves, pero ás que ese esforzo inicial lles representa moito.

No referente ao IVE, indica a concelleira que a súa suba non tivo o efecto esperado, non só polos libros e material educativo en xeral, senón que a recadación diminuíu o 6 por cento, porque se se incrementan os impostos a capacidade de consumo é menor.

Por outra banda, alégrase a sra. Cienfuegos de que estea avanzado o proceso de constitución do Consello Escolar, moi necesario nestes momentos nos que hai moitos problemas de todo tipo, e especialmente do que estamos a falar hoxe, que é o da igualdade diante da educación. Engade a concelleira que contribuir a enriquece-los bancos de libros non supón unha intromisión, e pola contra, a axuda é moi de agradecer, sobre todo nos niveis de secundaria, onde os libros acadan un maior prezo, e polo tanto, aumentan as dificultades para aqueles que teñen máis dunha persoa estudante. Insiste a concelleira en que unha axuda extra non representaría para as arcas municipais unha cantidade significativa e para as familias pode supoñer moito ó inicio do curso

Don Gonzalo Muíños manifesta que o grupo municipal socialista de Santiago contaba con que esta proposta presentada polo BNG, coa emenda introducida polo seu grupo, ía chegar a bo porto, e que unicamente restaba poñerse de acordo na liña de axudas, ou na cantidade que se ía destinar a tal finalidade, pero polo visto o goberno municipal rexeita calquera tipo de iniciativa que veña doutro grupo político de distinta cor.

Tamén chama a atención a pouca sensibilidade do alcalde, profesor de educación secundaria con praza en Santiago, que é de supoñer que coñece a verdadeira problemática existente na educación pública.

Engade o concelleiro que é unha mágoa que nun orzamento que o goberno municipal asegurou que estaba centrado en atender a necesidades sociais dos cidadáns de Santiago, non se poida destinar unha pequena partida dos máis de 3.700.000 euros que ten a concellaría de educación, para esta finalidade, máis tendo en conta a experiencia do grupo popular en facer modificacións orzamentarias, recoñecementos extraxudiciais, etc.

Para o Sr. Muíños, a única realidade é que chegará o mes de setembro e cada vez máis familias de Santiago somentes en impostos terán que pagar entre 30 ou 40 euros máis na adquisición de material escolar por neno, polo que había unha gran oportunidade,

independentemente de quen fose a iniciativa, de poder axudar ás familias con menos recursos.

Dona María Castelao fala novamente e explica que unha vez que recibiu a proposta falou coas técnicas de servizos sociais, tanto coas traballadoras como coas educadoras sociais, para ver se se poñen de acordo sobre o departamento ao que correspondería a partida, se a educación, ou a servizos sociais. A concelleira entende que é unha cuestión de carácter social, por iso falou coas técnicas do departamento, e sorpréndelle que os grupos da oposición non o fixeran, pois son aquelas as que coñecen directamente a realidade. É verdade que existen en moitas ocasións necesidades destas características, pero as responsables técnicas do seu departamento dinlle que esta non é unha necesidade urxente, hai pois actualmente, en servizos sociais outras, por exemplo de manutención, máis apremiantes, ás que se está a facer fronte coa ampliación da partida de MAPIS.

Ao non ser a proposta do BNG unha cuestión urxente, nin existir demanda neste senso, non se vai atender de inmediato, pero en canto exista, dende o departamento de servizos sociais faráselle fronte, poñéndose en comunicación cos colexios, o que permite coñecer casos de dificultades económicas entre os rapaces. Moitas veces estas dificultades son cubertas por diferentes entidades coas que este Concello ten asinado convenios de colaboración, especialmente a Cruz Vermella, que a través dunha aportación de Carrefour atende a todos os usuarios que se achegan á entidade e en moitos casos derivados polos servizos sociais, no relativo ao material escolar.

En último caso, cando non se pode satisfacer esta necesidade nin dende os colexios nin dende as entidades, acúdese ao mapis de pago único para sufragar material escolar ou actividades extraescolares. Sen embargo, as técnicas do departamento lle comentaron que non había unha demanda neste senso por parte dos usuarios de servizos sociais, que son os usuarios con maiores dificultades económicas do noso concello.

Tamén di a concelleira que non entende que o goberno anterior, cando a situación xa era complicada, non tomase as medidas que hoxe demanda.

Por último, repite a concelleira que a necesidade demandada na proposición está perfectamente cuberta, xa sexa a través dos colexios, ou ben por parte doutras entidades, ou por medio dun MAPIS, tendo en conta que o seu goberno ampliou a partida para poder afrontar gastos destas características.

O Sr. Alcalde remata o debate deste punto, e sinala que cando se fala en nome do partido socialista en materia de educación, o primeiro que hai que facer é dar exemplo, e levar ós nenos aos colexios públicos, e non aos privados como moitos dos concelleiros da oposición fan.

Por outra banda, tamén pensa o Sr. Currás que o que hai que facer é acudir aos consellos escolares dos centros, pois algun concelleiro socialista nunca pisou o centro no que estaba de representante municipal na anterior lexislatura. Di asemade o Sr. Alcalde que solidariedade é a gratuidade progresiva en función da renda, o que foi votado en contra pola oposición cando gobernaba, e tamén é solidario facerse cargo dos comedores escolares, como fixo este goberno nada máis chegar, de modo que o que custaba 9 euros pasou a custar 3, para os 580 nenos/as que usaron o servizo no curso pasado e para os 1000 nenos/as que o farán neste próximo curso.

Explica seguidamente o Sr. Currás que as leis educativas dos últimos trinta anos son socialistas, a LOXSE, a LODE e a LOE, e estas normas posibilitaron que o fracaso e o abandono escolar en España sexan os máis altos de Europa. Con estas reflexións, aconsella ao Sr. Muiños que cando fale de educación o faga con propiedade, e que cando dea datos non fale de masificación nas aulas, pois se revisara o índice de natalidade dos últimos anos sabería que o número de alumnos por aula baixou en picado.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación rexeita a proposición presentada polo BNG por 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

7. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 15, dáse conta ao Pleno da Corporación do Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sá do Contencioso-Administrativo, de 23 de maio de 2013, recaído nos autos tramitados como procedemento ordinario núm. 5415/2003, interposto por Dona María Dolores Peleteiro Ramos contra o Concello.

8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, RELATIVAS Á DESIGNACIÓN DE SECRETARIO XERAL DO PLENO E Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS RELATIVAS AO EXERCICIO DE POTESTADE SANCIONADORA.

Dase conta ao Pleno da Corporación das seguintes resolucións do Sr. Alcalde:

* Do 8 de maio de 2013, polo que se resolve o procedemento para provisión do posto de traballo de secretario/a do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, mediante libre

designación, entre funcionarios con habilitación de carácter estatal, designando como secretario xeral do Pleno a Don Juan Manuel Salguero del Valle.

* Do 4 de xullo de 2013, polo que delega na concelleira da área de servizos sociais, Dona María Castelao Torres, o exercicio da potestade sancionadora derivada das prohibicións establecidas no artigo 67.1 e 67.7 da ordenanza municipal de convivencia, residuos e limpeza viaria.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 11 ao 28 de xuño de 2013 (núms. 3315 ao 3793, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

Sesión ordinaria do día 6 de xuño de 2013 (Núm. 43).
Sesión extraordinaria urxente do día 7 de xuño de 2013 (Núm. 44).
Sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2013 (Núm 45).
Sesión ordinaria do día 20 de xuño de 2013 (Núm 46).
Sesión extraordinaria urxente do día 21 de xuño de 2013 (Núm 47).
Sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2013 (Núm 48).
Sesión extraordinaria urxente do día 28 de xuño de 2013 (Núm 49).

10. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada do día 11 de xullo, núm. 157.

“O grupo municipal do BNG considera necesario adoptar medidas de seguridade no tráfico rodado e peonil en diversas zonas da cidade.

Nos últimos tempos producíronse cambios de uso ou intensificación en varias rúas da zona das Cancelas e Fontiñas, en parte debidos ao comezo da actividade no Centro Comercial. Xéranse situacións que afectan á seguridade viaria: entronque París con Camiño Francés e San Lázaro, cruzamento das rúas Monte dos Postes, Valiño e Fontiñas coa rúa Lisboa, a carón de centros escolares como o CEIP Monte dos Postes e o IES das Fontiñas. Esta inseguridade incrementase en Rodríguez de Viguri coa baixada

da rúa das Cancelas pola falta dun paso de peóns e da beirarrúa pola marxe dereita subindo, á altura da praza de España, tamén zona escolar pola proximidade do IES Xelmírez II.

Polo exposto, SOLICITAMOS

Proceder a adoptar as medidas necesarias para incrementar a seguridade viaria, con pintado de paso de peóns, dotación de beirarrúas ou as que consideren oportunas co fin de mellorar a seguranza da cidadanía.”

PREGUNTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 27 de xuño de 2013, núm. 151.

“Ante as informacións recibidas neste grupo municipal e a comprobación *in situ* do estado do estanque do Auditorio e dos animais que nel viven, e diante do malestar xurdido por este tema entre moitas persoas que alí se achegan, o BNG pregunta:

1.- Ten o goberno municipal constancia das condicións nas que viven os parrulos do estanque do Auditorio? Que tipo de controis se fan sobre os animais e a auga do estanque?

2.- Teñen contabilizados o número de exemplares que hai de cada especie? Cal é o número actual?

3.- Adminístraselles a diario suficiente comida para todos? Hai comedoiros suficientes e adecuadamente distribuídos para que todos os exemplares das distintas especies poidan acceder ao alimento?

4.-Teñen detectado enfrontamentos entre exemplares de distintas especies? Teñen previsto algún sistema para evitalos?

5.- Existe algún mecanismo de protección destes animais fronte ás posibles agresións das persoas que visitan o parque? Cales? Teñen previsto aumentalos? Teñen previsto sinalizar a presenza destas aves na avenida do Burgo, que atravesan con certa frecuencia as roladas?”

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada do día 15 de xullo, núm. 161.

“A través dun decreto asinado polo concelleira de urbanismo, María Pardo Valdés, foi modificado o decreto ditado o 14 de marzo de 2011 no que se resolvía declarar zonas saturadas a diferentes rúas da cidade. Este decreto elimina a **rúa da Raíña** das rúas obxecto de declaración de zonas saturadas e faino baseándose unicamente nun informe xurídico do director da área de urbanismo.

No ano 2004, o concello de Santiago de Compostela contratou un traballo ao departamento de física aplicada da USC titulado “Avaliación do ruído nocturno na cidade de Santiago de Compostela”, data a situación de conflito que se producía en diferentes ámbitos da cidade, localizados na Cidade Histórica e no Ensanche. Un estudo rigoroso que concluíu cun Decreto da Alcaldía asinado o 11 de maio de 2005 que ceclarou zonas saturadas as rúas Xelmírez, Conga, San Paio de Antealtares, Vía Sacra, Troia, Entremuros, Santiago del Estero, rúa Nova de Abaixo, Alfredo Brañas e República Arxentina.

No ano 2010, e dada a necesidade dunha revisión da declaración das zonas saturadas, o goberno progresista contrata a unha empresa homologada de enxeñería acústica, PROYMA, que realiza un estudo sonométrico das zonas xa declaradas saturadas e que conclúe coa inclusión de novas rúas: Santiago de Chile, Ramón Cabanillas, Raíña, San Miguel dos Agros, Algalia de Abaixo, San Bieito, Rúa Travesa e Santo Agostiño, todas elas con denuncias e algún tipo de conflictividade. Esta revisión foi aprobada a través dun Decreto da Alcaldía de 28 de decembro de 2010, entrando en vigor no primeiro trimestre de 2011.

Agora o goberno do PP propón a través dun decreto da concelleira de urbanismo e con tan só un informe xurídico do director de área, modificar a declaración de zonas saturadas. Pola falta de rigor e seriedade no procedemento levado a cabo, sen informes técnicos que estuden a situación real das zonas saturadas, creando un agravio comparativo con respecto a outras rúas, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación o seguinte

ROGO:

Que se derroque o decreto asinado pola concelleira de urbanismo relativo á modificación da declaración de zonas saturadas e que se inicie por parte do goberno un expediente para levar a cabo un estudo serio e rigoroso das zonas declaradas saturadas.”

PREGUNTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 15 de xullo de 2013, núm. 160.

“En relación coa proposta do concelleiro delegado de tráfico sobre o inicio do procedemento de contratación da xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico viario urbano no concello de Santiago, Marta Álvarez-Santullano, concelleira do grupo municipal socialista, **SOLICITA** contestación por escrito ás preguntas seguintes:

- 1.- Cando foi presentado o recurso contencioso administrativo ante o TSXG?
- 2.- Desde cando está persoado o Concello neste procedemento?”

Dona María Gómez Bugallo inicia a quenda de intervencións en relación co rogo do grupo municipal socialista sobre avaliación do ruído nocturno, e indica que ata que chegou o PP ao goberno municipal en Santiago, os decretos se sustentaban en informes e estudos serios, da Universidade de Santiago de Compostela ou de empresas homologadas, e informes técnicos de diversos departamentos do noso concello. Agora o goberno do Partido Popular propón a través dun decreto da concelleira de urbanismo e con tan só un informe xurídico do director de área, modificar a declaración de zonas saturadas, en concreto retirando dela a rúa da Raíña. Pola falta de rigor e seriedade no procedemento levado a cabo, sen informes técnicos que estuden a situación real das zonas saturadas, creando un agravio comparativo con respecto a outras rúas, é polo que o grupo municipal socialista roga que se derroque o decreto asinado pola concelleira de urbanismo relativo á modificación da declaración de zonas saturadas e que se inicie por parte do goberno un expediente para levar a cabo un estudo serio e rigoroso das zonas declaradas saturadas.

Dona María Pardo Valdés explica que o Decreto anterior de zonas saturadas non inclúe zonas, pero que si un plano adxunto no que se recollen lugares como a Praza do Gaio, Cantón de Bieito, Travesa de San Paio, Antealtares, Fonte Sequelo, etc. Preténdese con esta reforma introducir estas rúas que somentes estaban no plano, pero non no texto do Decreto, e eliminar desa maneira a incoherencia, que aínda que é un mero erro material, fomenta a inseguridade xurídica. Deste xeito, non se altera o número de rúas, simplemente se corrixe un erro.

Explica tamén que a ordenanza de terrazas é máis restritiva que o Decreto de zonas saturadas, xa que dependía dos establecementos, mentres que agora depende dunha ordenanza ad hoc para elo, así se producía que no inverno as terrazas pechábanse segundo a ordenanza ás 11.30 horas, e no Decreto permitíase que pechasen ás 12 da noite.

Por outro lado, o apartado 5 do decreto anterior, que fala da declaración de zonas saturadas, veuse aplicando de tal maneira que unha modificación dunha licenza existente, incluído o suposto de mellorar a mobilidade, ou por cuestións de seguridade, entendíase como unha nova licenza, e non se permitía esta actuación nos

establecementos, nin reformas de locais, etc., etc.. Esta limitación non respondía directamente aos obxectivos do decreto, xa que o feito de poder modificar unha licenza sen cambio de aforo, nin aumenta o número de locais existentes, nin o número de persoas que acuden aos mesmos.

En canto aos temas concretos de falta de rigor de procedemento, opón a concelleira que o tramitado polo seu departamento si é un procedemento, que abre un período de vinte días para información pública de acordo co artigo 13, que indica que hai que facer un estudo riguroso para limitar os dereitos de propiedade. Lembra que no caso da rúa da Raiña non hai un só local de actividade nocturna, senon da mesma tipoloxía que os que hai na rúa do Franco, na Travesa do Franco, etc., etc., que non están no Decreto de zonas saturadas.

Por último, indica a Sra. Pardo que foi o seu goberno quen loitou contra o ruído, e quen non fomentou os botellóns, facilitados pola anterior concelleira de servizos sociais. Engade que na rúa Raiña só viven 36 persoas, das que seis familias son persoas relacionadas cos establecementos, e non se recibiu nin unha soa denuncia por rúidos no tempo que leva de aplicación o Decreto de 2010.

Dona Elvira Cienfuegos intervén a seguir na defensa do rogo do Bloque Nacionalista Galego en relación coa seguridade no tráfico na zona das Cancelas-Fontiñas. Sinala que nos últimos tempos producíronse cambios ou intensificación de usos en varias rúas da zona das Cancelas e das Fontiñas, en parte debidos ao comezo da actividade do centro comercial. Xéranse así situacións que afectan á seguridade viaria, especialmente nalgunos puntos que se veñen amosando conflictivos, que pasa a detallar a seguir:

En primeiro lugar, o entronque da rúa París co Camiño Francés, San Lázaro e rúa do Valiño, conexión a través dunha semi-rotonda en pendente na que ademais do tránsito rodado, parte dende e cara centros educativos, conflúen paradas de autobuses urbanos e pasos peonís. O antigo concelleiro de mobilidade era xa coñecedor da conflictividade do cruzamento, no que houbo accidentes, e estaba pendente de aplicar solucións de seguridade.

En segundo lugar destaca o cruzamento das rúas Monte dos Postes, Valiño e Fontiñas coa rúa Lisboa, a carón do CEIP Monte dos Postes, que require especial atención durante o período lectivo, sobre todo nas horas de entrada e saída ao colexio. Por último, refírese a concelleira ó entronque de Rodríguez de Viguri, sen beirarrúa no último tramo, coa baixada da rúa das Cancelas, este sen paso de peóns, e sen beirarrúa no último tramo de baixada pola marxe esquerda, unha zona utilizada ademais polo alumnado do IES Xelmirez II. Este punto foi froito dunha demanda xa formulada pola asociación veciñal das Cancelas en decembro do pasado ano, sen que ata o momento se lle aplicara mellora algunha.

Solicita o seu grupo, á vista do anterior, que se proceda a adoptar as medidas necesarias para incrementar a seguridade viaria, con pintado de pasos de peóns, dotación de beirarrúas ou as que se consideren oportunas, coa fin de mellorar a seguranza da cidadanía.

Don Luís García Bello manifesta que segundo informe detallado da policía municipal, entre os meses de novembro 2012 (que foi a data de apertura do centro comercial As Cancelas) e o mes de xullo deste ano 2013, o número de incidencias detectadas foi de once. Pódese pensar que este número é froito da apertura do centro comercial, pero non é así, pois analizando o mesmo período do ano inmediatamente anterior, entre os meses de novembro de 2011 e xullo de 2012, o número de incidencias detectadas foi tamén de once. É curioso que a concelleira trate de alarmar falando dun incremento da inseguridade viaria, cando no mesmo período do ano anterior o índice de siniestralidade foi exactamente o mesmo, e aínda máis, segundo o detalle da policía municipal resulta que nun período de oito meses se contabilizaron once percances con danos materiais, do que resulta case ún e medio por mes. Como boa nova pódese afirmar que a apertura do centro comercial As Cancelas non produciu polo tanto, e segundo datos obxectivos, un incremento de sucesos.

De tódolos xeitos, o concelleiro opina que a intensificación do tráfico pode xerar máis riscos para os peóns, polo que o seu departamento analizará as melloras que se poden levar a cabo na ampla zona que a sra. Cienfuegos indica, co obxecto de acadar uns maiores parámetros de seguridade.

No concernente ao posible incremento da seguridade na confluencia de Rodríguez de Viguri coa baixada da rúa das Cancelas, pola falta dun paso de peóns, á altura da Praza de España, di o concelleiro que o problema non xurdiu fai dous anos, dende que entrou este novo goberno municipal, senón que leva unha media de quince anos existindo, pero se lle dará solución o máis axiña posible.

11. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

1. Rexistro de entrada no Rexistro de Secretaría, o día 26 de xuño de 2013, núm. 150.

Ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquer tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquer tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago de Compostela eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto o levado a cabo por Resistencia Galega.**
- 2. Solidarizámonos coas vítimas destes atentados e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.**
- 3. Rexeitamos calquer tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.**

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 4 de xullo de 2013, núm. 153.

“A estrada N-550, unha das arterias viarias de Galicia con maior densidade de tráfico rodado, leva máis de vinte anos coa mesma capa asfáltica no tramo que transcorre polos concellos de Ordes e Oroso ata a nosa cidade. Tamén os camiños de servizo se atopan cheos de fochancas e coa sinalización tanto vertical como horizontal totalmente deteriorada: os sinais verticais están envellecidos e deteriorados e os horizontais xa non existen porque o aglomerado asfáltico está tan deteriorado que desapareceu a pintura.

De cando en vez o Ministerio fai “remendos”, pero a realidade é que estado da estrada é lamentable e isto aumenta considerablemente o perigo e polo tanto a sinistralidade. Por iso é polo que o Grupo Municipal Socialista SOLICITA para a súa aprobación polo pleno da corporación A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Instar ao Ministerio de Fomento para que á maior brevidade posible proceda á mellora da estrada N-550 no traxecto que transcorre polos concellos de Ordes, Oroso e Santiago de Compostela. As obras que se leven a cabo deberán consistir nunha nova capa de aglomerado asfáltico en todo o tramo, sinalización e acondicionamento dos camiños de servizo.

2. Deste acordo deberase dar conta ao Ministerio de Fomento, á Dirección General de Carreteras, á Jefatura de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia e á Jefatura de la Unidad de Carreteras del Estado en A Coruña.”

2.- Rexistro de entrada do día 11 de xullo de 2013, núm. 156.

“O Premio Literario Ánxel Casal creouse no ano 1996 con motivo da celebración do 150 aniversario da fundación do Instituto de Bacharelato *Arcebispo Xelmírez I*. O nome do galardón era un recoñecemento ao insigne galeguista Ánxel Casal, que fora alcalde da cidade de Santiago, fundador das Irmandades da Fala, pedagogo, coeditor da Colección Lar, impresor de A Nosa Terra, da revista Nós e editor de tantas outras publicacións en galego, e que morrera a mans dos falanxistas en agosto de 1936.

Cada edición -e xa se desenvolveran dezaseis ata a decisión da súa desaparición polo actual grupo de goberno- organizábase en colaboración cun centro educativo compostelán, que se implicaba en calidade de coorganizador formando parte do xurado. Nas primeiras convocatorias atendeu as modalidades de conto e de poesía, tendo como destinatarios o alumnado dos centros de ensino secundario de toda Galicia a partir dos 14 anos. A partir da V edición, no ano 2000, da que formou parte como membro do xurado o dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, e por petición expresa súa, que foi atendida nas deliberacións do xurado, aquel ano incorporouse a modalidade de teatro. Na última edición convocada, coincidindo co 75 cabodano do pasamento de Ánxel Casal, contaba cunha dotación económica de 5.100 euros en premios e incorporaba a participación da editorial Edicións Xerais de Galicia, que manifestou o seu interese por coparticipar no mantemento deste premio e na edición dos traballos premiados en cada convocatoria.

A importancia deste premio, recoñecido polos diferentes axentes culturais de Galicia, representa un elemento importante para a consolidación das nosas letras. Sirve para que creadores novos se dean a coñecer e amosa o compromiso de empresas e institucións coa cultura e a educación da mocidade. Ademais da importancia económica que tiña

para este mozos e mozas escritores, é resaltable a elevada calidade e cantidade das obras presentadas. O tempo foi confirmando ao longo das edicións celebradas a descuberta de novos talentos, rapaces e rapazas que gañaron este certame, “as figuras literarias do século XXI”, como as definira o editor de Xerais, Manuel Bragado, e que contou coa participación dun numeroso grupo de persoas do mundo da cultura de Galicia.

Alarma a pobreza de proxecto cultural a desenvolver polo actual grupo de goberno do Concello de Santiago nesta lexislatura, nomeadamente naquelas parcelas da creación cultural que teñen que ver coa súa promoción en ámbitos e para sectores nos que este tipo de iniciativas abren moitos camiños ás novas xeracións, facéndolles gañar confianza en si mesmos. É o primeiro recoñecemento do seu quefacer artístico.

Non podemos entender como nunha situación de dificultade para o conxunto da sociedade unha institución o Concello non fai unha aposta clara pola defensa destas iniciativas que teñen orzamentos tan axustados e asumibles para que exista unha planificación responsable da acción cultural. Ao estar este premio xa consolidado cada nova convocatoria supoñía a proxección de Santiago en toda Galicia, especialmente entre a poboación pre universitaria. O Concello de Santiago e o seu Departamento de Educación eran, dalgún xeito, sinónimos de cultura, educación, promoción da lingua e da literatura de Galicia.

Polo exposto traemos a este Pleno a seguinte MOCIÓN:

Recuperar o PREMIO LITERARIO ANXEL CASAL do Concello de Santiago de Compostela, nas súas modalidades de poesía, teatro e conto.”

3.- Rexistro de entrada do día 16 de xullo de 2013, núm. 163.

“A carencia de facultativos que sofre o país esixe que se preste especial atención e interese á norma que regula a xubilación dos médicos, o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (Lei 55/2003, de 16 de decembro) que establece o retiro forzoso ao cumprir o interesado a idade de 65 anos e que, ao longo de 2012 e 2013 está a aplicarse na nosa Comunidade Autónoma.

A mesma norma que establece a xubilación forzosa aos 65 anos dá a oportunidade ao médico de solicitar voluntariamente prolongar a súa permanencia no servizo activo até cumprir, como máximo, os 70 anos de idade, sempre que quede acreditado que reúne a capacidade funcional necesaria para exercer a profesión ou desenvolver as actividades correspondentes ao seu nomeamento.

Para entender o desenvolvemento dunha profesión como a médica é conveniente facer un breve percorrido polos pasos necesarios para alcanzar o punto álxido e maduro do

seu exercicio. É importante lembrar que se trata dunha profesión que precisa unha formación particularmente prolongada: 6 anos de licenciatura máis 4 anos de formación de posgrao e estar en posesión do título MIR para poder exercer no SNS. Aos 28 anos comezaría, no mellor dos casos, a carreira profesional dun médico en España que baixo o Estatuto Marco podería ter unha duración máxima de 37 anos e prolongarse nalgúns casos a 42.

A Organización Médica Colexial expuxo a necesidade, ademais de asegurar unha distribución xeográfica equilibrada dos médicos, de planificar a reposición das xubilacións, e considérase un auténtico malgaste científico e de caudal humano que se retire a profesionais totalmente válidos que poden achegar unha vasta experiencia profesional, amorne e coñecemento ao sistema sanitario. Un médico aos 65 anos, dada a condición de científico que lle acompaña e salvo no caso de que estea enfermo, atópase en perfectas condicións de competencia e acumula unha sabedoría e práctica que, segundo considera a OMC, é un despropósito malgastar.

Asumidas estas premisas, non podemos aceptar o plan de xubilacións obrigatorias para aqueles profesionais de 65 ou máis anos que impuxo o SERGAS no conxunto de hospitais públicos galegos e, entre eles, o CHUS, e iso por varias razóns, a máis importante é que non se van a repor, unha a unha, as prazas que queden libres. Hai outras, como a falta de estilo ao comunicar esta situación aos afectados e sobre todo, a absoluta discrecionalidade á hora de exceptuar da medida algún dos posibles afectados por superar a idade de referencia.

Tamén se produciu unha situación de discriminación, xa que a medida non afecta os médicos con praza vinculada á Universidade.

Pero sobre todo o plan de xubilacións obrigatorias do SERGAS non está na lóxica de mellorar a calidade da atención sanitaria ou favorecer a diminución do paro médico xuvenil. Máis ben ao contrario. Así, o recorte do número de médicos no SERGAS ao adiantar a xubilación aos 65 anos e repor só o 10% das xubilacións, ascende a 1.255 facultativos, o que supón un recorte do 10,10% do persoal, deixando ao SERGAS nun cociente de só 3,8 médicos por mil habitantes, por baixo da media do Estado de 4,1 por mil. O recorte é evidente e as consecuencias na asistencia sanitaria están a vivirse xa: aumento exponencial das listas de espera cirúrxica e para probas diagnósticas nos hospitais, degradación da calidade asistencial pola tensión dos profesionais e aumento da espera en primaria, situación inexistente até agora na maioría dos centros de saúde, cunha situación nova: a carga das consultas dos ausentes aos compañeiros non só sobrecarga a actividade destes, senón que os pacientes están a perder a referencia de quen é o seu médico de cabeceira.

Deste xeito, as xubilacións forzosas supoñen un novo recorte nas prestacións sanitarias aos galegos e galegas e por tanto tamén aos veciños e veciñas de Compostela, xa que a taxa de reposición do 10% das prazas vacantes é inaceptable tendo en conta que os persoais de médicos e enfermeiras están xa moi axustadas; estas non reposicións só serían admisibles para prazas de Directivos.

Curiosamente, cando Europa se expón a prolongar a actividade até máis aló dos 70 anos, e mesmo o Goberno do presidente Rajoy opina que unha prolongación na idade da xubilación melloraría as arcas e as posibilidades do fondo de pensións da Seguridade Social, que suporía un mellor aproveitamento dun profesional cuxa formación custou moito diñeiro ao Estado, aplícase a xubilación aos 65 anos para os facultativos do Sistema Sanitario Público galego en forma de imposición.

É evidente que moitos profesionais da medicina están cansos polos seus anos de traballo e desexan xubilarse aos 65, pero moitos outros están a gusto e ilusionados co seu traballo na sanidade pública, malia as dificultades no traballo e os recortes en medios materiais e persoal, desexando dar aos pacientes a súa experiencia, a súa sabedoría e a súa xenerosidade.

Os funcionarios de xustiza, desde os xuíces até os oficiais, teñen a idade de xubilación aos 70 anos, e nos xuíces pode chegar até os 72. E non esquezamos que non existe límite de idade para ser elixido deputado ou senador, e que se pode ser ministro e mesmo presidente do Goberno con máis de 80 anos.

Obrigamos aos médicos a xubilarse da sanidade pública non é só unha aberración; é tamén unha agresión ao profesional central da sanidade e un agravio comparativo respecto doutros traballadores do sector público aos que se ofrecen máis opcións para o final da súa vida profesional.

Estes profesionais, aos que se exclúe por decreto da sanidade pública, na súa gran maioría seguirán activos na medicina privada mentres se atopen con facultades e gana de seguir achegando os seus coñecementos e experiencia, adquiridos ambos no sector público.

Ademais, o especial tratamento dalgúns colectivos ou profesionais á hora de determinar a idade de xubilación dos seus integrantes non resulta novo, así no noso sistema de seguridade social obráronse excepcións mediante as cales determinados profesionais establecen a súa xubilación, de acordo ás súas peculiaridades e ás condicións específicas de traballo.

Por outra banda, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece na súa Disposición Adicional Sexta a presentación dun estudo sobre

os distintos réximes de acceso á xubilación dos funcionarios que conteña, entre outros aspectos, recomendacións para asegurar a non discriminación entre colectivos con características similares.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Instar á Xunta de Galicia para que proceda á reposición de todas as prazas vacantes para non causar unha maior afectación negativa na asistencia sanitaria.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que estableza un sistema que elimine a discrecionalidade nas excepcións realizadas para excluír das xubilacións forzosas a algúns facultativos.”

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.- (non debatida, dado que foi aprobada ao inicio da sesión unha declaración institucional relativa ao seu contido).

1.- Rexistro de entrada do día 16 de xullo de 2013, núm. 162.

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia, para o seu debate en Pleno, para apoiar o pobo saharauí.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de febreiro celebrouse o 37º aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática. Non obstante, nestes case corenta anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsábel do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, en 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida por supor unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, miles de saharauís sofren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquís, o que implicou declaracións de condena e de rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento europeo.

Outra parte da poboación saharauí, aproximadamente 150 000 persoas, vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai case corenta anos, no deserto alxeriano, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitábeis do planeta, preto da cidade de Tinduf. E nos últimos anos, coa pretensión de dobrear o pobo saharauí, reduciuse de xeito alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindíbeis para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

En novembro de 2010, as forzas de ocupación marroquís disolveron violentamente o campamento de Gdeim Izik, nos arredores de El Aiún, organizado por máis de 20 000 saharauís para protestar polas condicións infrahumanas en que viven. Os militares marroquís causaron vítimas e persoas desaparecidas e procederon a deter e torturar 24 saharauís para obter declaracións de responsabilidade na morte de axentes marroquís nestes feitos. Xulgados por un tribunal militar, sen garantías pola falta de probas, foron condenados con penas de cadea perpetua para nove deles e catorce con penas de entre 20 e 30 anos, o que significa un novo atentado contra o dereito de autodeterminación e as leis internacionais.

O pasado 7 de febreiro, o Parlamento europeo adoptou unha resolución manifestando a súa preocupación polo feito de se continuaren violando os dereitos humanos no Sáhara Occidental, pedindo protección aos dereitos fundamentais do pobo saharauí, incluída a liberdade de asociación, expresión e manifestación; exixindo a liberación das presas e presos políticos. Para alén diso, o Parlamento europeo parabenizou o nomeamento dun enviado especial e subliñou a necesidade dun seguimento internacional. Finalmente, manifestou o seu apoio a unha solución xusta e duradeira ao conflito, baseada no dereito á autodeterminación do pobo saharauí, de acordo coas resolucións das Nacións Unidas.

Tamén, en todo este tempo, foron numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharauí traducidas de xeito especial nos centos de familias que todos os veráns acollen cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresar a condena pola ocupación ilegal que fai Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamar a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís, exixindo a liberdade de todas as presas e presos políticos, así como dos 24 saharauís condenados polos feitos de Gdeim Izik.

2. Por parte do Goberno municipal:

a) Estabelecer a irmandade cunha *daira* saharauí, dotando esta irmandade de contido político, cultural, económico, solidario...

b) Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz...)

3. Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a exixencia de que Marrocos cumpra as resolucións de Nacións Unidas.

4. Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados e refuxiadas de Tinduf.

5. Dar traslado destes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política de seguridade, embaixada de Marrocos no estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

Anuncia o Sr. Alcalde que o grupo popular vai admitir a urxencia na toma en consideración da moción do grupo socialista en relación co estado da estrada nacional 550 no tramo correspondente aos tramos dos Concellos Santiago-Ordes e Oroso.

Intervén seguidamente Dona Mercedes Rosón para defender a urxencia dunha das mocións presentadas polo grupo municipal socialista, e explica que o premio literario Anxel Casal creouse no ano 1996 con motivo da celebración do 150 aniversario da fundación do Instituto de Bacharelato Xelmírez I. O nome do galardón era un recoñecemento ao insigne galeguista Ánxel Casal, que fora alcalde da cidade de Santiago, fundador das Irmandades da Fala, pedagogo, coeditor da Colección Lar, impresor de A Nosa Terra, da revista Nós e editor de tantas outras publicacións en galego, que morrera a mans dos falanxistas en agosto de 1936.

Cada edición -e xa se desenvolveran dezaseis ata a decisión da paralización ou desaparición polo actual grupo de goberno- organizábase en colaboración cun centro educativo compostelán, que se implicaba en calidade de coorganizador formando parte do xurado. Nas primeiras convocatorias atendeu ás modalidades de conto e de poesía,

tendo como destinatarios os alumnos dos centros de ensino secundario de toda Galicia a partir dos 14 anos. A partir da V edición, no ano 2000, da que formou parte como membro do xurado o dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, e por petición expresa súa, que foi atendida nas deliberacións do xurado, incorporouse a modalidade de teatro.

A última edición convocada, coincidindo co 75 cabodano do pasamento de Ánxel Casal, contaba cunha dotación económica de 5.100 euros en premios, e incorporaba a participación da editorial Edicións Xerais de Galicia, que manifestou o seu interese por coparticipar no mantemento deste premio e na edición dos traballos premiados en cada convocatoria.

A importancia deste premio, recoñecido polos diferentes axentes culturais de Galicia, representa un elemento relevante para a consolidación das nosas letras. Sirve para que creadores novos se dean a coñecer e amosa o compromiso de empresas e institucións coa cultura e a educación da mocidade. Ademais da importancia económica que tiña para este mozos e mozas escritores, é resaltable a elevada calidade e cantidade das obras presentadas.

O tempo foi confirmando ao longo das edicións celebradas, a descuberta de novos talentos, rapaces e rapazas que gañaron este certame, “as figuras literarias do século XXI”, como as definira na última edición o editor de Xerais, Manuel Bragado, e que contou coa participación dun numeroso grupo de persoas do mundo da cultura de Galicia.

Malia o anterior, alarma neste momento a pobreza do proxecto cultural a desenvolver polo actual grupo de goberno do Concello de Santiago, por iso o que a moción do grupo socialista solicita é recuperar o premio literario Ánxel Casal do Concello de Santiago de Compostela nas súas tres modalidades de poesía, teatro e conto, polo seu enorme interese que ten para as nosas letras e para a nosa cultura.

Don Francisco Reyes Santiás intervén seguidamente para xustificar a urxencia da segunda moción do grupo socialista, relativa á xubilación dos facultativos do hospital de Santiago. Explica o concelleiro que a carencia de facultativos que sofre o país esixe que se preste especial atención e interese á norma que regula a xubilación dos médicos, o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que establece o retiro forzoso ao cumprir o interesado a idade de 65 anos e que ao longo de 2012 e 2013 está a aplicarse na nosa Comunidade Autónoma.

A mesma norma que establece a xubilación forzosa aos 65 anos dá a oportunidade ao médico de solicitar voluntariamente prolongar a súa permanencia no servizo activo até cumprir, como máximo, os 70 anos de idade, sempre que quede acreditado que reúne a

capacidade funcional necesaria para exercer a profesión ou desenvolver as actividades correspondentes ao seu nomeamento.

Un médico ou unha médica aos 65 anos, dada as súas condicións de científicos que lles acompaña, e salvo no caso de que estean enfermos, atópanse en perfectas condicións de competencia, e acumulan unha sabiduría e práctica que segundo considera a organización médica colexial é un despropósito mal gastar.

Asumidas estas premisas, o concelleiro estima que non é aceptable o plan de xubilacións obrigatorias para aqueles profesionais de 65 ou máis anos que impuxo o SERGAS no conxunto de hospitais públicos galegos e, entre eles, o CHUS, e iso por varias razóns, a máis importante é que non se van a repor, unha a unha, as prazas que queden libres. Hai outras, como a falta de estilo ao comunicar esta situación aos afectados e sobre todo, a absoluta discrecionalidade á hora de exceptuar da medida a algún dos posibles afectados por superar a idade de referencia.

Deste xeito, as xubilacións forzosas supoñen un novo recorte nas prestacións sanitarias aos galegos e galegas, e por tanto tamén aos veciños e veciñas de Compostela, xa que a taxa de reposición do 10% das prazas vacantes é inaceptable tendo en conta que os cadros de médicos e enfermeiras están xa moi axustados.

Por todo o exposto o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela propón a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Instar á Xunta de Galicia para que proceda á reposición de todas as prazas vacantes para non causar unha maior afectación negativa na asistencia sanitaria.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que estableza un sistema que elimine a discrecionalidade nas excepcións realizadas para excluír das xubilacións forzosas a algúns facultativos.

Sométese á votación a urxencia na toma en consideración das dúas mocións formuladas polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que é rexeitada ao obter 12 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

Expón o sr. Alcalde que a seguir vaise proceder á defensa da urxencia na toma en consideración da moción do grupo popular en relación co terrorismo.

Dona María Pardo expón que a urxencia da moción está máis que xustificada. No seu día, un destacado e histórico político de Galicia dixo que os que pertencían a Resistencia Galega eran meros indignados, pero se ún pensa que ún deses indignados

foi detido nun coche con tres artefactos explosivos listos para ser utilizados, o primeiro que lle ven á cabeza á concelleira é que ese político perdeu o norte e a perspectiva da historia.

Pode entender que a indignación por diversas causas sexa posta de manifesto por diversos métodos, xa sexan protestas, concentracións, ou manifestacións, sen embargo en todas estas pautas de actuación non cabe nin debe caber ningún tipo de violencia, e menos aquela que é única e exclusivamente utilizada tradicionalmente por terroristas, e por extensión, ningunha declaración que alente ou apoie estas actitudes, menos aínda se proveñen dun representante público.

Cree así a Sra. Pardo que está máis que xustificada a presentación desta moción porque baixo ningunha circunstancia esta cidade debe permitir mostras de simpatía, de comprensión ou de alento, a quenes atentan contra as persoas ou os bens, cos riscos vitais que iso conleva.

O Pleno procede á votación da urxencia na toma en consideración da moción do grupo municipal popular, e acorda declárala por 22 votos a favor, dos membros dos grupos municipais PSdeG-PSOE e Popular, e 3 en contra dos membros do grupo municipal do BNG.

Dona María Pardo intervén de novo e explica que é o grupo municipal do Partido Popular o que presenta esta moción de condena do terrorismo e en particular do desenvolvido en Galicia por Resistencia Galega. Durante moitas décadas houbo que convivir en España coas consecuencias e a lacra do terrorismo, pero agora que a última banda terrorista de Europa parece que vai camiño da súa disolución e desaparición, outro grupo terrorista quere seguir unha senda de violencia.

O grupo terrorista de Resistencia Galega executou decenas de accións en Galicia, varias delas na nosa cidade, e non se pode permitir que nin en Santiago, nin en Galicia, o resentimento que albergan corazóns e mentes obscuras se organice mediante grupos que mostran a súa disconformidade a bombazos. As forzas democráticas e todos os cidadáns deben ser claros e contundentes, como o é o Partido Popular.

Pensa a concelleira que aqueles que lle restan importancia aos actos que desenvolve Resistencia Galega posiciónanse contra a sociedade e contra a democracia, e ese comportamento é particularmente grave cando se realiza dende as institucións públicas, como recentemente fixo un deputado como o señor Beiras, representante público no Parlamento de Galicia, recorrendo a un discurso extremista e frentista abandonado xa en toda Europa.

Cómpre ser claros, e aquel que intente impor a súa vontade, valendose da violencia física con artefactos explosivos co obxectivo de atemorizar á sociedade, ou aos adversarios políticos, non pode recibir outro nome máis que o de terrorista. Superan o número de 30 as accións atribuídas a esta banda, e non son feitos illados, ao contrario, se deben a unha estrutura e a unha planificación. Por iso é a obriga dos dirixentes evitar que sigan adiante e leven a cabo máis atentados.

O bo facer dos corpos e forzas de seguridade do Estado permitiron que a incipente formación terrorista se consolide ou teña actuado con maior perigosidade, pero isto non é atribuíble á renuncia a actuar violentamente por parte destes grupos e quenles apoian, senón á eficacia policial.

O que pretende o seu grupo é que esta xente non teña marxe de manobra, pois Resistencia Galega non merece o amparo e as coartadas políticas, xa que o seu recurso á violencia lles deslaxa, e quen pretenda escusarlles debe saber que ao facelo terá enfronte ao Partido Popular.

O seu grupo loitará por defender a liberdade de todos e cada ún dos cidadáns, defender a liberdade de expresión e non permitir que estas sexan limitadas por nada nin por ninguén, e por iso que propónse que se adopten as seguintes resolucións:

*Rexeitamento absoluto e condena ao terrorismo, e por suposto ao de Resistencia Galega.

*Solidariedade coas vítimas do terrorismo, e apoio aos membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

*Rexeitamento de calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, e en especial se procede de representantes públicos.

Os motivos anteriores levan a pedir a adhesión dos grupos municipais á moción, que non contempla a emenda formulada polo grupo socialista.

Don Rubén Cela intervén a seguir, e afirma que o Bloque Nacionalista Galego rexeita a violencia como medio de actuación política e acredita nas solucións políticas e nas vías pacíficas como os únicos procedementos lexítimos de intervención na procura dunha sociedade máis xusta, máis libre, máis democrática e respetuosa co dereito de todas as persoas e de todos os pobos a vivir unha vida digna e autónoma.

Históricamente o Partido Popular utilizou o terrorismo como coartada para tapar os problemas e conflitos sociais e políticos, e faíno agora tamén unha vez máis para ocultar a situación dramática que está a padecer o pobo galego, e tamén singularmente

para demonizar ás persoas e organizacións que dende posicións inequívocamente democráticas defenden, como o Sr. Cela, o dereito do pobo galego á autodeterminación nacional e á soberanía política.

Nestes momentos, e continuando con esa estratexia de criminalización do nacionalismo, rexístranse mocións de rexeitamento dun terrorismo que non existe como tal na Galiza, nun momento en que non se rematou un xuízo a respecto do que existen moitas dúbidas e incertezas.

Polo tanto, a postura do Bloque Nacionalista Galego a este respecto xustifícase en varios puntos:

En primeiro lugar, é máis que coñecida a posición contraria do BNG como organización democrática, pacífica e pacifista a calquera tipo de acto ou estratexia política de carácter violento. O BNG sempre condenou e continuará a condenar o uso da violencia para conseguir calquera tipo de aspiración política e social. Máis hoxe, na Galiza non existe terrorismo propiamente dito, nin a sociedade galega manifesta ningún tipo de percepción, nin preocupación nese sentido. Se preguntásenos na rúa a cen persoas de forma aleatoria cales son os problemas que lle preocupan no seu día a día, está seguro o sr. Cela de que serían cuestións como o desemprego, como a vivenda, como a pobreza, como a falta de perspectivas vitais da mocidade, a corrupción ou a estafa bancaria, máis non o terrorismo, sinxelamente porque como tal non existe. Nese sentido resulta incluso esperpéntica a referencia que se fai a unhas vítimas inexistentes na procura de causar unha alarma social que desvíe a atención da cidadanía dos problemas reais da sociedade.

Esta moción responde únicamente a unha estratexía evidente do Partido Popular de desviar a atención, tanto dos casos de corrupción nos que está inmerso, como dos problemas reais que ten este país. Coa presentación desta moción neste e no resto dos concellos do país, o Partido Popular busca igualmente criminalizar a protesta social e intimidar á cidadanía máis consciente, crítica activa, ao tempo que quere darlle o amparo cada vez máis forte á represión contra as protestas cidadáns que lexítimamente están a responder dende a rúa ás súas políticas de empobrecemento social.

A violencia que existe na Galiza é xustamente a das políticas da Unión Europea e do goberno do Estado Español, pois esas políticas son as que están a causar un grave incremento da pobreza e da exclusión social, un grave proceso de desertización da nosa economía e da nosa base productiva e unha clara fractura social a partir do crecemento evidente das desigualdades.

Por todo isto, manifesta o concelleiro que o seu grupo votará en contra desta moción, e que non será cómplice desa estratexía de criminalización ideolóxica que o Partido Popular quere poñer en marcha, ao tempo que insiste, unha vez máis, que acredita nas

solucións políticas e nas vías pacíficas como único medio lexítimo de intervención para conseguir unha sociedade máis xusta e máis libre.

Don Francisco Reyes Santiás toma o uso da palabra, e explica que no noso texto constitucional recoñécense distintas liberdades públicas, e destas liberdades, o Tribunal Constitucional mantivo en ocasións unha posición preferente ou valor prevalente nos seus conflitos con outros dereitos, afirmando que quedan sobreprotexidas por unha garantía institucional. Isto fundaméntase no esencial valor destas liberdades para o sistema democrático, posto que esas liberdades, segundo di a sentenza do alto Tribunal, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución política fundamental, que é a opinión pública libre, indisolublemente ligada co pluralismo político, que é un valor fundamental e un requisito do funcionamento do Estado democrático. O basamento de todas as liberdades atópase na liberdade ideolóxica recoñecida no artigo 16 da nosa Constitución.

Doutra banda, se nos atopamos ante o exercicio da libre expresión, os límites posibles son mínimos, así queda amparada toda idea ou ideoloxía por equivocada ou perigosa que sexa, incluso as que ataquen ao propio sistema democrático. A Constitución protexe tamén a quenes a negan.

No ámbito laboral destaca o recoñecemento da liberdade sindical, que comprende o dereito a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección.

No ámbito político e participativo, ademais do recoñecemento de partidos, asociacións, sindicatos, así como o dereito de reunión e manifestación, destaca a regulación do artigo 23.1, que recoñece aos cidadáns o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente, ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

Para acadar un estado social e de dereito como do que hoxe gozamos dende a Constitución do 78, moitos compañeiros militantes socialistas, entre outros, do mesmo xeito que moitos compañeiros afiliados a UXT, sufriron detencións, torturas, encarceramentos, e en non poucos casos foron vítimas de asesinatos, como consecuencia dunha ditadura sangrenta.

Grazas a loita daqueles sufridores e defensores da liberdade, hoxe pódense exercer os dereitos que o concelleiro ven de enumerar, tutelados polo noso ordeamento xurídico constitucional.

Prosegue o Sr. Reyes indicando que en defensa do exercicio desas liberdades, o Tribunal Supremo, na sentenza 2/1997, define o terrorismo como unha actividade

planificada que individualmente ou coa cobertura dunha organización e con reiteración, ou illadamente e a través da utilización de medios ou a realización de actos destinados a crear unha situación de grave inseguridade, temor social, ou de alteración da paz pública, ten por finalidade subvertir total ou parcialmente a orde política constituída.

A violencia é moralmente aborrecible, e radicalmente incompatible co exercicio da acción política democrática. Quenes a practican contra aqueles que non pensan como eles só merecen a condena e o desprezo dos partidos políticos democráticos e do conxunto da sociedade. Non existe ningún obxectivo político que poida reclamarse lexitimamente en democracia mediante violencia ou coaccións. Por iso, o seu grupo manifesta a súa repulsa cara calquera acto de violencia, independentemente da vítima e da procedencia da autoría.

O problema que o grupo socialista atopa coa moción do popular, e que motivou a presentación dunha emenda, é que a única institución no noso país que ten competencia para declarar a un grupo como terrorista é a Audiencia Nacional, e o concelleiro non ten constancia de ningunha sentenza da Audiencia Nacional que teña declarado ao grupo Resistencia Galega como grupo terrorista. Polo tanto, enténdese que a competencia que ten a Audiencia Nacional non pode ser asumida polo Concello.

Polo tanto, por suposto que o seu grupo -di o concelleiro- rexeita o terrorismo, pero entendendo que esta Corporación non pode asumir competencias alleas. E aínda que rexeitan o terrorismo, porque lles produce repulsa, e porque moitos dos seus compañeiros, como sucede no PP e no BNG, teñen sufrido actos de violencia e actos terroristas, non poden asumir nin votar a favor dunha moción que o que fai é darlle unhas competencias á Corporación que o concelleiro entende que non ten, razón que leva ó grupo socialista a votar en contra da moción tal e como está redactada, e debido a que non foi aceptada a emenda formulada.

Para Dona María Pardo, que fala a seguir, os políticos deben ser conscientes do eco e repercusión que teñen as súas manifestacións no conxunto da sociedade, polo que as declaracións que diariamente se verquen nos medios de comunicación non deben tomarse a chanza ou como cuestión baladí. Así, un político debe ser unha persoa responsable en todo momento, tamén cando se manifesta publicamente.

A concelleira amósase convencida de que os cidadáns de Santiago agradecerán que os seus políticos en xeral, e os gobernantes en particular, sexan firmes e contundentes contra os que pretenden a través da violencia cambiar, alterar, ou conseguir algún obxectivo de tipo político. Quere trasladar que non se debe permitir ningunha marxe de actuación a quen pretende alterar a paz e tranquilidade da nosa convivencia no estado social e democrático de dereito do que os españois nos dotamos, e hai que ser firmes na

súa defensa, e condenar enérxicamente calquera forma de violencia, en particular aquela dirixida contra o Estado, que somos todos, ou as súas institucións, que nos representan.

Aos grupos da oposición municipal lles pide que actúen con responsabilidade ao tratar estes temas, e espera que o PSOE vote a favor, como fixo por exemplo na Coruña e Sada; e ao Bloque Nacionalista Galego lle roga a concelleira que en Santiago non se deixe arrastrar polo erro cometido por outras agrupacións locais do seu partido, e se unan tamén esta vez á moción contra o terrorismo.

Finalmente a concelleira manifesta que dende o Partido Popular dise sen ambaxes, sen equívocos, sen retórica, e con claridade “non ao terrorismo, e non ao terrorismo de Resistencia Galega”, e “contra o terrorismo, nin un paso atrás”.

Intervén novamente Don Francisco Reyes, que afirma que o seu grupo rexeitará o terrorismo cantas veces sexa posible, e lembra unha cita de Gandhi, que dixo nunha ocasión que el coñecía moitos motivos polos que estaba disposto a perder a vida, pero non coñecía ningún motivo polo que estivera disposto a quitarlle a vida a ninguén. O grupo socialista fai súas esas verbas, e di o concelleiro que moitos dos seus militantes teñen sido vítimas, desgrazadamente, da violencia política, e de atentados terroristas, por iso rexeita calquera manifestación que poida supoñer apoloxía do terrorismo, delicto recollido no artigo 18 do Código Penal, ou que poida significar reclamo público de accións violentas, tamén recollido no Código Penal, neste caso no artigo 170.

Tamén o seu grupo rexeita calquera manifestación que poida significar enaltecemento do terrorismo, tanto dos delitos do terrorismo, ou dos que estiveron participando na súa execución, como da realización de actos que entrañen descrédito, menosprezo ou humillación ás vítimas ou aos seus familiares. Tanto os corpos de seguridade do Estado como a xustiza do noso país están, co conxunto dos cidadáns e co conxunto das organizacións políticas, a vencer a lacra do terrorismo, pero -insiste- esta corporación non pode asumir unha competencia propia da Audiencia Nacional..

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor dos membros do grupo municipal popular, e 12 en contra, dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, acorda aprobar a moción presentada polo grupo municipal popular, e xa que logo:

1. Manifestar o seu rexeitamento e condena ao terrorismo, e por suposto ó levado a cabo por Resistencia Galega.
2. Solidarizarse coas vítimas destes atentados e apoiar ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.

3. Rexeitar calquer tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou lexitime a violencia terrorista, especialmente se procede de representantes públicos.

Por último débátese a moción formulada polo grupo socialista relativa ao estado da estrada nacional 550, e intervén na súa defensa D. Bernardino Rama, que explica a situación na que se atopa a estrada nacional 550, pola que pasan moitos veciños e veciñas, non somentes de Compostela, senón tamén os que viven e veñen a traballar dende Sigüeiro, ou dende a localidade de Ordes.

Pódese comprobar que en tramos cortos foi pegada unha capa de rodadura, pero hai moitísimos tramos onde está francamente deteriorado o pavimento, que leva máis de vinte anos sen tocar. Neste momento, por parte do Ministerio se fixo o pintado da zona central de delimitación dos carrís, pero non se renovou a outra sinalización. Recoñece o concelleiro que o que non está a facer o Ministerio o leva a cabo este grupo de goberno, e se refire ó mantemento das vías de servizo, de acceso ás vivendas e ás parroquias, que están tapando e parcheando os socavóns. A brigada de vías de obras deste Concello actuou recentemente, pero o certo é que a competencia reside no Ministerio de Fomento, que debería prever unha reforma global da pavimentación, e preocuparse das vías de servizo.

Don Rubén Cela Díaz, pola súa banda, indica que por tódolos membros desta Corporación é coñecida a preocupación do Bloque Nacionalista Galego a respecto de diferentes cuestións vinculadas á seguridade viaria. Tanto neste foro como diante doutras institucións, nomeadamente o Parlamento de Galiza e o Congreso dos Deputados, o seu partido ten levado nestes dous últimos anos un número importante de iniciativas a respecto da seguridade viaria, sexa na Sionlla, sexa no Eixo, sexa en Lavacolla, sexa en tramos urbanos, como acaba de facer aínda hoxe mesmo a súa compañeira Elvira Cienfuegos en relación co ámbito das Cancelas, ou noutras ocasións con outras zonas das Fontiñas, ou co final do túnel do Hórreo no seu entronque coa Avda. de Lugo.

Engade o concelleiro que o tema da seguridade viaria no ámbito da Sionlla tróuxose a este pleno en diferentes ocasións, mesmo D. Bernardino Rama facía mención a un rogo que Elvira Cienfuegos plantexaba neste pleno no mes de abril, para que esta Corporación solicitara ao Ministerio de Fomento a mellora da seguridade viaria nesa nacional 550, no tramo entre Santiago e Sigüeiro, á altura da Sionlla, porque o BNG entendía que era un tramo caracterizado por unha altísima taxa de siniestralidade.

Meses despois, o seu grupo reiterou esa petición en forma de moción, fundamentada precisamente no aumento de tráfico que ten esa nacional 550, derivado do incremento do prezo do peaxe da autoestrada AP-9, de xeito que moita xente que se despraza cara a

Coruña, cara Ordes, ou cara outras localidades, e que antes o facía a través da autoestrada, agora mesmo faino a través da nacional.

No mes de setembro, o BNG levou este tema ao Congreso dos Deputados, e sería o portavoz naquela altura, Francisco Jorquera, quen formularía toda unha serie de iniciativas que recibiron en febreiro de 2012 a resposta do Ministerio, que estaba a redactar un proxecto de rehabilitación estrutural do firme da estrada nacional 550 no tramo de Santiago, que contempla tamén actuacións de sinalización para a mellora da accesibilidade e da seguridade viaria.

Pensa o concelleiro que o traballo realizado dende logo non é satisfactorio ó 100%, e se ben é certo que cumpre con parte do que se comprometía o Ministerio ante a petición do Bloque Nacionalista Galego, tamén o é que non responde ás expectativas e necesidades que ten a estrada nacional 550 ao seu paso pola Sionlla. Chegou o BNG incluso a pedir tamén unha modificación nos orzamentos do Estado para garantir que algún tipo de actuación se concretase.

Por último, o concelleiro estima positivos os arranxos efectuados, pero dado o estado de deterioro da vía, considera que a todas luces son insuficientes.

Dona María Pardo Valdés intervén agora, e dá a razón a D. Bernardino Rama sobre a necesidade de solicitar ó Ministerio de Fomento o arranxo da estrada. Como é sabido, o Concello xa dou ese paso, e de feito foi o Ministerio, non a brigada de vías e obras, o que actuou nas vías de servizo, rebacheándoas.

Afirma a concelleira que aínda que a oposición diga que non, o grupo de goberno traballa, e reforzando a solicitude cursada ao Ministerio hai dous meses, solicitaralle novamente o reforzo do firme non só nas vías de servizo, senon tamén na estrada central.

Para Don Bernardino Rama, que fala a seguir, o que o grupo de goberno ten que facer é traballar, porque a cidade está viva e precisa constantemente de reparacións e mantemento. El sabe que algúns baches os tapou a brigada, aínda que é indiferente quen o fixera, porque o relevante é que a situación se resolva, e que este vial estea en condicións óptimas de uso, polo ben dos veciños e veciñas de Compostela e daqueles que veñen aquí a traballar dende Oroso ou dende Ordes.

Retruca Dona María Pardo que a brigada de vías e obras arranxou moitos baches esta primaveira, pero non precisamente os referidos polo concelleiro socialista. Non obstante, repite que coincide na necesidade de reparar a vía, que lamentablemente leva moito tempo nun estado calamitoso.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda en relación coa moción presentada polo grupo municipal socialista sobre a estrada N-550, instar ao Ministerio de Fomento para que á maior brevidade posible proceda á súa mellora no traxecto que transcorre polos concellos de Ordes, Oroso e Santiago de Compostela. As obras que se leven a cabo deberán consistir nunha nova capa de aglomerado asfáltico en todo o tramo, sinalización e acondicionamento dos camiños de servizo.

O presente acordo comunicarase ao Ministerio de Fomento, á Dirección General de Carreteras, á Xefatura da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia e á Xefatura da Unidade de Carreteras do Estado en A Coruña.

Non sendo outros os asuntos a tratar, o Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as vinte e unha horas e dez minutos.

Dou fe.